


PP e PSOE unen o seu voto ao de Batasuna contra o PNV

(Páx. 19)



O DÍA DA TOMA DE POSESIÓN DO NOVO GOBERNO, Manuel Fraga dixo algo moi contundente e novedoso: “Galicia vive o mellor clima político dos últimos doce anos”. Referíase, principalmente, ao diálogo cos partidos da oposición. Dábase a circunstancia, sen embargo, de que o venres anterior a policía cargara contra os estudantes que protestaban pacificamente e a continuación a mesma policía, aproveitando a presenza en comisaría dun deputado nacionalista que acudira a interesarse por un detido, golpeouno e pateouno no chan. Ao día seguinte dúas dúcias de xóvenes, varios deles alleos á universidade, perseguían e agredían verbalmente ao rector. A reacción de Manuel Fraga foi a de ignorar a agresión brutal ao deputado e magnificar o acoso ao rector. Non é esta unha resposta aceptábel. Fraga segue sen saber resolver os problemas de orde pública nun contexto democrático. Se a agresión ao deputado está mal e o acoso ao rector está, tamén, mal, é inescusábel a condea de ambos feitos. Pero aínda máis: non ten a mesma gravidade o incidente provocado por un grupo de mozos *con dez pesos de ideoloxía*, por usar unha expresión de Vázquez Montalbán, coa violencia exercida contra un representante público por parte de quen están chamados precisamente a defender a lei. Hai que esperar, ademais, que o silencio que ata agora mantén o presidente do parlamento a respecto da agresión sufrida por un membro desta institución se tome en aceptación das protestas que xa ten presentadas o BNG. Se Fraga e o seu partido pretenden que na súa biografía política se inscriba algún día o xiro democrático dado na última etapa da súa carreira non pode ser ambiguo, nen torticeiro, en temas coma este. ♦

Fraga toma posesión

Entre pitidos e gaitas



Os fondos públicos entregados ás eléctricas non garanten o subministro

(Páx. 12)

Barreiro promete continuar a obra de Del Riego na Academia

(Páx. 14)

Ramón Caride compite con *Harry Potter*

(Páx. 29)

Juan Kruz Igerabide *Helena e o solpor*

Helena e o solpor é unha novela narrada por un rapaz que, desde o tramo final da súa adolescencia, mira cara atrás e atopa na figura fermosa e brillante de Helena unha encarnación da alegría de vivir. E, en contraste con Helena, a rapaza morena do parque, presa dun destino desgraciado.



Cambiar o mundo. A nena da imaxe é unha das trinta mil persoas que participaron na manifestación “Outra Europa, outro mundo” o venres 14 en Bruxelas. O cumio de primeiros ministros europeos suscitou tres días de protestas na rúa. Os primeiros foron os sindicatos europeos, seguiron as ONGs e ATTAC e, o sábado 15, a convocatoria centrouse na demanda da paz mundial. Tres días e máis de 100.000 persoas nas rúas de Bruxelas. ♦

Estaba previsto un acto solemne e festivo pero a tensión abafou o ambiente nas rúas de Santiago. Os estudantes están enfadados e así llo fixeron saber a Manuel Fraga o día no que tomou posesión do seu cargo.



Manuel Fraga responde con saúdos aos apupos da praza do Obradoiro.

A. PANARO

Estudantes e funcionarios conseguen manifestarse malia o forte control policial

A pitada neutraliza o son das gaitas na toma de posesión de Manuel Fraga

PAULA BERGANTIÑOS - AFONSO EIRÉ

Nas rúas houbo milleiros de gaitas pero tamén reproches e unha sonada pitada no paseo ata o Obradoiro. Antes, o recién investido presidente da Xunta afirmara no Parlamento “que ningún pense que a estas alturas poderá modificar o actual modelo que Galiza fixo seu”. As protestas valéronlle a algún mozo máis dun punto de sutura na cabeza.

As 12:05 horas no Salón de Reis respirábase un silencio absoluto. Manuel Fraga entrou acompañado dos representantes do goberno do Estado e do alcalde de Santiago, Sánchez Bugallo. Era o momento da súa cuarta toma de posesión como presidente da Xunta. Nesta cita, o sábado 15 de decembro, Fraga reiterou que en 2002 ábrese “unha nova era” e explicou que o seu deber era seguir avanzando a partir “do

que xa temos” e cambiando “todo aquilo que sexa reformábel”, pero “desde a continuidade e a estabilidade”.

A emoción entrecurtiu o seu discurso en varias ocasións. Houbo tempo para os parabéns polo clima de diálogo co que “ao parecer” –segundo puntualizou– se inaugura a VI Lexislatura, pero tamén para as advertencias. Manuel Fraga insistiu en que só desde “as sólidas bases da democracia e da autonomía, desde a realidade política e social de arestora e posíbel gobernar Galiza. Contando con todos e procurando escoitar a to-

dos –engadiu. Nunca en contra de ninguén, pero tampouco, dispostos a negociar a división dunha España común”.

De proxecto común no estado e de Galiza como expoñente das ventaxas do modelo autonómico falou tamén o vicepresidente primeiro do Goberno, Mariano Raxoi. Previamente, o presidente do Parlamento, Xoisés María García Leira, indicaba estar seguro de que Manuel Fraga afrontaría “unha nova fase de consolidación da autonomía” coa mesma ilusión que hai doce anos e “o mesmo éxito que ata

agora”. Na xornada participaron o ministro de Administracións Públicas, Jesús Posada, o Delegado do Goberno en Galiza, Arsenio Fernández de Mesa e o alcalde de Madrid, Álvarez del Manzano, a presidenta do Senado Esperanza Aguirre, a comisaria europea Loyola del Palacio, os conselleiros e presidente das Deputacións, entre outras autoridades. Os convidados tamén puideron seguir o acto polas pantallas xigantes colocadas nos corredores do propio Parlamento.

Beiras testemuña

No xuramento do cargo estiveron presentes tamén os portavoces da oposición, Xosé Manuel Beiras (BNG) e Emilio Pérez Touriño (PSdeG). Beiras, que non asistiu ás anteriores tomas

de posesión de Manuel Fraga, explicou que a súa presenza no acto celebrado en sede parlamentaria “é absolutamente congruente” co “novo estilo” co que o BNG se formula a relación co presidente da Xunta. O “novo escenario”, en aparencia máis distendido, está en función, segundo mantén o portavoz do BNG, da actitude favorábel ao diálogo que amosou Fraga no debate de investidura. En referencia tamén ao encontro co que ambos os dous se comprometeron durante o debate de investidura, Beiras aclarou que non fa adiantar nada mentres o presidente da Xunta non considerase oportuno facelo. Ademais de atender os xornalistas, minutos antes de comezar a sesión e xa no seu asento, o portavoz do BNG tamén intercama

Continúa na páxina seguinte



Edita: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración: Presidente: Cesáreo Sánchez Iglesias.

Consello Delegado: Xosé Fernández Puga.

Vogais: Xosé M^o Dobarro, Antolín Fernández, Manuel Veiga, Xan Carballa, Miguel Barros e Bieito Alonso.

Secretario: Xan Piñeiro.

Director: Afonso Eiré López.

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Xan Carballa, Manuel Veiga, Horacio Vixande, Arantxa Estévez, Carme Vidal, Paula Bergantiños, César Lorenzo Gil, Pao Vilabarro (Fotografía).

Edicións Especiais: Xosé Enrique Acuña.

Deseño de Maqueta: Xoselo Taboada.

Coordinación Humor Gráfico: Picho Suárez.

Colaboradores:

GAUZA: Marcos Valcárcel, Xoán Vila, Santiago Jaureguizar, X.L. Muñoz Portabales, Martina F. Bañobre, Francisco Carballo, X.M. Sarille, Miguel Barros, Xesús Veiga, M^o Pilar García Negro, Antonio Gato Soengas.
SOCIEDADE: Perfecto Conde, X. Vázquez Pintor, Henrique Harguindéy.
ECONOMÍA: Manuel Cao, Ramón Maceiras, Xavier Queipo, X.F. Pérez Oja.
PENINSULA: Gonzalo Nuno de Faria, Manuel Lombao, Tino Cabanas, Daniel Álvarez.
MUNDO: Xulio Ríos, Moncho F. Leal.
DEPORTES: Moncho Viñas.
CULTURA: Ramiro Fonte, Vilor Vaqueiro, Pilar Pallarés, Lois Diéguez, Celso López

Pazos, X.M. Eiré Val, Xesús Piñeiro, Manuel Vilas, Lupe Gómez, Xavier Seoane, Adolfo Boado, Xosé Freire, Rodolfo Dacuña, X. González Gómez.
FIN DE SEMANA: Borobó, Bieito Iglesias, Marga Romero, Xurxo F. Ledo, Luisa Villalta, Francisco A. Vidal.
LEIR: Xosé Montenegro Piñeiro.
ÚLTIMA PÁGINA: X.R. Pousa, X.A. Gacío, Fran Alonso, Manuel Cidrás.

Fotografía: Andrés Panaro, Xosé Marra, Voc Noticias.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo Vilas, Suso Sammartín, Ana Pilledo Vega, Garrincha.

Xefe de Publicidade: Carlos Martínez Muñoz publicidade@anosaterra.com

Xefe de Administración: Blanca Costas

Subscripcións: Lola Fernández Puga subs.anosaterra@terra.es

Vendas: Xosé M. Fdez. Abalde

Redacción e Administración: Príncipe 22, baixo, 36202 Vigo. Apartado 1371. 36200 Vigo

Edición Electrónica: www.anosaterra.com

Teléfono: 986 433 886 - 222 405. Fax 986 223 101.

Correo Electrónico: info@anosaterra.com

ADMINISTRACIÓN, SUBSCRIPCIÓN E PUBLICIDADE: 986 433 830*

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977.

ISSN: 0213-3105.

Vén da páxina anterior
biou animadamente unha pequena conversa con Touriño.

Acto 'case que privado' no Obradoiro

Manuel Fraga acompañou a súa toma de posesión cun paseo desde o Parlamento á Praza do Obradoiro, onde o agardaban en formación milleiros de gaiteiros. Para esta ocasión ábrese as portas principais do Parlamento e nas escadas agardaba o presidente da Xunta a Real Banda de Gaitas de Ourense, encargada de encabezar a comitiva. Tamén ás portas, no rúa do Hórreo, o baño de masas que agardaban o presidente eran na súa maioría estudantes aos que minutos antes de saír Fraga, a policía intentaba disuadir a mocazos. Ademais, representantes dos sindicatos manifestáronse cunha pancarta na que se podía ler "Na defensa do servizos públicos. Polo mante-



X.M. Beira, esquerda, asistiu por primeira vez a unha toma de posesión de Fraga.

mento do poder adquisitivo".
Malia que a comitiva e o propio presidente se esforzaron en disimular o conflito diante das cámaras, as pitadas, os reproches e os insultos da xente acompañaron durante o percorrido pola rúa do Hórreo. Tamén houbo al-

gún seguidor que, igual que a comitiva, frente aos berros de "fascista" ou "cacique" e as consignas en defensa do ensino público e contra a actuación policial, auparon a Fraga con voces de "presidente, presidente". Un mozo amosaba unha pancarta na que

denunciaba a carga policial do día anterior, unha vez que Darío Villanueva —presente no acto— solicitase a entrada da policía na Universidade para desalojar un peche que tiña como obxectivo despregar unha pancarta en contra da LOU no Obradoiro. Ao chegar a zona vella todas as rúas que cruzaban o percorrido estaban vixiadas por axentes. Podía distinguirse algún estudante, pero sempre só ou en parella. Segundo lle relatou a A Nosa Terra unha das rapazas que conseguiu entrar no Obradoiro "pasear en grupo pola zona vella durante a mañá era imposible porque a policía obrigaba a dispersarse". Houbo varias cargas durante o día, tres detidos e varios feridos.
Diante do concello de Santiago, os gaiteiros, que tocaron varias pezas, ocupaban case que toda a praza e incluso os balcóns do Pazo de Raxoi e do museo da catedral. A algún mozo a policía prohibiulle a entrada indicando

que se trataba dun acto "case que privado". Os que tiñan convite oficial accederon ao corredor central e o resto tiveron que colocarse ao fondo e nas escadas da catedral. Pero alí o único que se sentían eran ou gaitas ou consignas dos manifestantes e os seus apupos. Nada de discursos. A protesta non lle pasou desapercibida a Fraga, que se comprometeu a seguir traballando "por unha Galiza máis grande, ornee quen ornee. Tamén se produciron momentos de tensión entre os seguidores do PP e os manifestantes, sobre todo no momento no que estouraron dous petardos. Unha moza que falaba castelán tentaba explicarlle a unha señora: "non pode ser que nos traten coma cans a cada dous pasos que damos". Á saída do Obradoiro, nova carga. Diante do Pazo de Fonseca, a policía abríalle a cabeza a unha rapaza que tivo que ser evacuada en ambulancia. ♦

Só se estrea o 18% dos altos cargos da administración malia aumentaren en dúas as consellerías
Un mesmo goberno para un 'tempo novo'

Fraga anunciou novos tempos e un novo espírito de concordia para a lexislatura que comeza. Pero o único sinal que emite o "novo Goberno" é de continuidade. Os únicos cambios prodúcense por extensión. ¿Poderá Fraga realizar unha "nova política" cos mesmos vimbios?

Fraga semella que camiña contra corrente de Aznar. Cando o presidente español, en minoría, predicaba o centrismo e pactaba cos nacionalistas, incluso "falando catalán na intimidade", o presidente da Xunta aparecía coma un atranco para as ansias anovadoras do PP estatal. Polo menos, así o pintaban en Madrid os retratistas da corte da Moncloa. Agora, cando Aznar e os fieis se lanzaron nunha campaña de imposición dun modelo unitarista do estado, anatemizando a calquera discrepante, Fraga apúntase ao consenso institucional.

¿Serán capaces Aznar e Arenas de asumir a nova política de diálogo do PPdG cos nacionalistas e socialistas? Fraga Iribarne descartou que as tensións a nivel estatal poidan prexudicar o diálogo aberto en Galiza. O presidente galego afirmou despois do primeiro Consello que "existe o propósito decidido e a boa fe por parte dos tres principais partidos para impulsar o diálogo".

Un diálogo que para Fraga non é algo futuríbel, senón que xa está a funcionar. O presidente remítese á proba do algodón, que seica non engana: o acordo para nomear a Vázquez Sandes como Valedor do Pobo.

Se o temos que crer, ademais, "xa se levan moi ben" cos socialistas galegos e cos nacionalistas. Tamén afirma que se "respira o mellor clima dos últimos anos".

Outra das preguntas é se Fraga dará reciclado algúns dos seus conselleiros para esta nova etapa política de diálogo. ¿Será capaz, por exemplo, Pita Varela de abandonar os exabruptos e o maniqueísmo que presidiu o se xeito de facer política a pasada lexislatura? ¿Pasará de bulldog a pastor? ¿Perseverará o PP na política de consenso anunciada polo presidente abandonando unhas maneiras de

acoso que tanto rédito electoral lle deron?

Continuidade total en 14 consellerías

O "novo talante político" propugnado por Fraga, se se pon de verdade en marcha, será o único cambio de calado que se poida apreciar. Fraga está disposto a comparecer no Parlamento en algunhas ocasións, fronte á negativa destas tres lexislaturas anteriores, cando só interviña no *Debate sobre o Estado da Autonomía*. Así as cousas, existirá un maior control parlamentario sobre o goberno.

¿Estenderase ese control aos distintos entes autonómicos? Asumirá o PP os ditames do Consello de Contas que vén de revelar que o 90% das axudas da Xunta son para concellos do PP? ¿Será quen de re-



Arsenio Miras e Corina Porro son as dúas únicas caras novas do gabinete galego.

matar cun financiamento municipal que o Consello de Contas cualifica como "raqúitico e dependente"? ¿Regularanse as axudas aos medios de comunicación privados como demanda o Colexio de xornalistas? ¿Mudará a política informativa da CRTVG? ¿Apoiará Fraga o consenso normativo despois de que dous dos seus conselleiros e el mesmo se gabasen da derrota dos nacionalistas na Academia?

Porque a política que propugna Fraga vai ser de total continuidade no proxecto, tentando dar cabo aos asuntos que quedaron pendentes nas anteriores lexislaturas. Esta é a explicación que o presidente deu ao feito de repetiren todos os conselleiros. Os únicos cambios foron por extensión, pasando a ocupar unha carteira Corina Porro e Miras Portugal, dous ex directores xerais que ollan coma o seu departamento eleva a súa categoría.

Mais non só recuncean os conselleiros. Estes tamén opta-

ron por renovar o cadro de altos cargos. Só existen 26 novidades, nun cadro de 143 directores xerais, subdirectores, delegados provinciais e outros asimilados. Deste 18% de novos cargos con coche oficial e chofer, 15 son novos e 10 destes corresponden ás consellerías de Emigración e de Servizos Sociais.

Nestes cambios destaca a marcha de Homero Pérez Quintana da consellería de Cultura para dirixir o Consorcio santiagués. Homero foi un todoterreo na Administración autonómica que pasou por cinco consellerías diferentes e por dez postos distintos. Fraga prescinde tamé dun home da súa confianza, Alfredo Sánchez Carro, capaz de pórle ou tirarlle os zapatos cando vai de pesca ou cacería desde o seu posto de secretario xeral da presidencia. Pola contra, o presidente repesca outra persoa que leva tempo ao seu lado, Francisco García Bobadilla. O ex responsábel dos Paradores de Conservación da Natureza. Sei-

das 14 consellerías manteñen o mesmo equipo de dirección non realizaren ningún cambio.

Un 38,5% máis de altos cargos

Fraga tamén ascendeu os seus colaboradores máis directos. Nesta ocasión, os premiados foron María Esther Regueiro e Xosé María Veloso que, de fontaneiros pasan a directores xerais na Presidencia. Nada que ver coa promesa de Fraga hai doce anos de reducir os altos cargos. Na vez de facelo, aumentaron nun 38,5 por cento.

Entre as 26 novidades nos altos cargos da Administración, nove son mulleres. Nada que ver a continuidade no goberno coa "revolución feminina" que o PP realizou nas listas electorais. No goberno a continuidade é tal que é difícil facer mesmo especulacións sobre un posíbel relevo de Fraga.

Existiron algúns cambios. Cuiña Crespo perdeu poder ao ter que ceder o organismo autónomo de Augas de Galiza a Medio Ambiente e comparte os portos co departamento de Pesca. Fontes próximas a Cuiña tiñan relatado a mala sintonía existente entre o conselleiro e algunhas empresas por mor da "manía de encher de encoros todos os ríos".

Un dos beneficiados, o conselleiro López Veiga, de Pesca, poderá nomear agora os responsábeis portuarios de Marín-Pontevedra e Vigo, hincha tanto o peito pola nova situación que, persoas que se moven ao seu carón están a lanzar a idea de que o barbuído conselleiro aspira a suceder a Fraga.

Pero o presidente afirma que non se poden facer especulacións sobre os cambios de competencias, que se realizaron por "consenso". Claro que Fraga tamén deixou ben sentado que "as liñas xerais do cambio" as marcará el. ♦

Vivimos no mellor dos mundos posibles
Felipe González

A executiva de Zapatero está a pasar o exame do partido. Parece que a maioría vai repetir, pero un dos caídos pode ser o secretario de organización, Xosé Blanco. O lugués foi "pontead" por persoeiros socialistas que prefiren falar directamente con Zapatero ou, no seu defecto, con Caldera. Entre o grupo parlamentario do PSOE nas Cortes houbo moitos risos cando Blanco os reuniu para dicirlles "que os resultados electorais de Galiza foran **estupendos**".

O último barómetro do Centro de Investigacións Sociolóxicas (CIS), dado a coñecer a primeiros de mes, pergúntalle aos cidadáns quen ten máis poder. O 66,2% contesta que o Goberno, o 57,2 apunta aos bancos, o 38,6 ás grandes empresas, o 32,7 ás multinacionais, o 19,7 ao poder xudicial, o 17,4 aos partidos políticos, o 11,7 ao parlamento, o 8,3 aos militares e o 5,5 aos sindicatos. Chama a atención, o peso atribuído aos **bancos** en relación co que se lle concede ao parlamento. ¡Se Montesquieu levantara a cabeza!

O destino dun fillo non está necesariamente marcado pola biografía do seu pai e menos do seu avó. Pero, tratándose do presidente dos EEUU, non está de máis saber

Do 4 ao 7 de Decembro celebrouse na cidade da Habana o X Encontro do Foro de São Paulo, así chamado por se ter reunido pola primeira vez, hai xa dez anos, nesa cidade brasileira. Este Foro reúne á práctica totalidade das organizacións de esquerda de Latinoamérica e o Caribe, definíndose como un espazo de converxencia "anti-imperialista, antineoliberal, contrario a todas as manifestacións de colonialismo e de neocolonialismo, solidario e participativo na formulación de proxectos alternativos para os povos de América Latina e o Caribe". Aos seus encontros asiste un número crecente de observadores doutros continentes e foi nesa condición que asistiu á Habana unha delegación do BNG.

Neste encontro, as organizacións integradas no Foro fixeron balanço do traballo desenvolvido desde a súa fundación e analizaron a situación en que actualmente se encontra o espazo caribeño e latinoamericano. Constatáron o descrédito en que caíu o proxecto neoliberal en Latinoamérica. Como desde a soberbia con que en 1990, ano de fundación do Foro, eran defendidas as privatizacións, as liberalizacións e a redución do Estado se pasou no ano 2001 á consciencia, partillada mesmo por partidos e movementos alleos á esquerda, de que estas medidas só serviron para aprofundar no subdesenvolvemento económico e no afastamento de Latinoamérica a respecto dos centros de decisión mundiais, tal e como a crise argentina demonstra de forma dramática.


No contexto do que na Declaración final deste X Encontro do Foro de São Paulo se cualifica como "crise política, económica, social e moral sen precedentes", analísase a globalización neoliberal como un proceso caracterizado polo "crecente control da produción, da comercialización de bens e de servizos, así como dos fluxos financeiros por parte dun reducido número de países desenvolvidos e de mega-empresas transnacionais" que "lonxe de propiciar unha participación máis homoxénea dos distintos países na economía mundial, acentuou aínda máis a diferenciación entre os desenvolvidos e a súa periferia, marxinou esta aínda máis e incrementou a polarización da riqueza no interior de ambos grupos de países", proceso agravado por problemas endémicos da rexión e aínda sen resolver tais como o crecente endebedamento externo ou a inxusta distribución da terra.

Do anterior dedúcese un rotundo fracaso do modelo neoliberal, incapaz de criar emprego, de reactivar a produción, de elevar o nivel

Noticia da esquerda latinoamericana

CARLOS AYMERICH

Ven de celebrarse na Habana o X Encontro do Foro de São Paulo, un encontro da esquerda latinoamericana que procura alternativas ao neoliberalismo no novo contexto internacional.



ANA PILLADO

de vida ou de reverter a crecente marxinação das sociedades e dos países de Latinoamérica e o Caribe e a aposta, por parte das organizacións integradas no Foro, por unha globalización distinta, marcada pola solidariedade, a xustiza, a equidade, a plena vixencia da democracia e o respecto á diversidade, autonomía e identidade cultural dos povos. Porque, e nisto insistiron especialmente algúns dos participantes (como Pachakutik – "tempo de revolución"

en quéchua, segunda forza política do Ecuador – ou a Unión Revolucionaria Nacional de Guatemala), a globalización é tamén un proxecto de dominio cultural e non só económico ou político.

■ **ALTERNATIVAS AO NEOLIBERALISMO.** Feita a diagnose do contexto internacional, e na perspectiva de que a esquerda poda acceder a curto ou medio prazo ao goberno de países como Brasil e Uruguai, através do PT e do FAEP respectivamente, os traballos do Encontro centráronse na articulación dun proxecto alternativo ao

neoliberalismo e dunha resposta aos retos inmediatos constituídos polo ALCA, o crecente intervencionismo militar ianqui (a meio dos planos Colombia, Puebla-Panamá e a Iniciativa Rexional Andina), a débeda externa e o negativo impacto dos acontecementos do 11 de Setembro sobre a rexión, en termos tanto económicos como políticos, traducido na limitación xeralizada das liberdades públicas e do empioamento das perspectivas para unha saída negociada aos conflitos armados que permanecen no subcontinente.

Trátase de articular un proxecto alternativo ao neoliberalismo cando a maioría das sociedades latinoamericanas e caribeñas son xa conscientes das consecuencias negativas de moitos anos de políticas regresivas e nun momento histórico no que a esquerda, con toda a súa pluralidade, está en condicións de gañar non só a batalla política mais tamén a cultural, a batalla das ideas. E esta aspiración por unha globalización diferente, respeitosa dos dereitos e da identidade dos povos –elemento que tantas veces se bota en falta nos proxectos alternativos elaborados desde Europa– é, sobra dicelo, plenamente partillada polo BNG. ♦

CARLOS AYMERICH é deputado do BNG no Congreso

‘Búscase un proxecto alternativo ao neoliberalismo cando as sociedades latinoamericanas saben das consecuencias negativas de anos de políticas regresivas’

Cartas

A primeira presidente da A.C. Alexandre Bóveda

No número anterior de *A Nova Terra* refírese á celebración dos 25 anos da Agrupación *Alexandre Bóveda* da Coruña, e nun momento da crónica dise que Margarida Vázquez fora a primeira presidente da citada agrupación. Segundo as miñas noticias non é primeira vez que se realiza esta terxivesación histórica, pero si é a primeira vez que a vexo escrita e por iso quero explicar, como responsábel político da súa creación, cal foi a orixe desta agrupación e polo tanto quen foi a súa primeira presidenta.

No ano 1976 aínda se vivía un tempo de clandestinidade polo que as reunións políticas e os partidos estaban prohibidos. A UPG decidira crear asociacións culturais que constituísen unhas plataformas que desen cobertura

legal para que o nacionalismo chegara ao maior número de xente posible. Eu daquela estaba destinado politicamente na Coruña como membro da dirección da UPG e vivindo na clandestinidade. Foi a época das Encrobas, da constitución da AN-PG e da miña relación con Moncho Valcarce e Xácome Santos. Foi con este último, sobre todo, con quen me movín para crear a agrupación que levaría o nome de Alexandre Bóveda. A verdade é que a memoria non me dá para máis e non podó dicir de quen partiu o nome pero seguramente foi ou de Xácome ou de min mesmo porque fomos os que estivemos dedicados á súa formación, de tal xeito que a comisión xestora da devandita asociación estivo constituída polo propio Xácome Santos, Manolo o das Encrobas, Felipe Senén, Helena Veiguela e Xosé Manuel Casabella. Todos eles buscados e relacionados con Xácome e máis eu. Lembro, tamén, que as primeiras persoas a quen lles ofre-

cimos presidir a asociación foron a Xosé Luis Martínez e a Pura Barrio, daquela membros da AN-PG, pero declinaron a oferta. Entón díxémosllo a Helena Veiguela, profesora da Laboral, que foi na realidade a primeira presidenta da Asociación *Alexandre Bóveda* e non Margarida Vázquez Vera. E non podía ser esta última como tampouco podía selo eu porque militabamos ambos na UPG e precisamente o que buscabamos era xente que non estivera politicamente moi identificada para evitar unha posible represión sobre a organización e ademais conseguir ser moito máis aglutinantes.

Esta e non outra é a orixe da Agrupación *Alexandre Bóveda*, como outras similares daquel tempo, *Sementeira de Viveiro*, *Lanza de Ribadeo*, etc. Particularmente tenme sen coidado o meu papel en todo isto, pero o que non podó permitir é que se relegue ao esquecemento a unha persoa non comprometida politicamente –coma si o era-

mos Margarida e máis eu– que tivo a xenerosidade de prestarse a dirixir unha agrupación nacionalista nunha época historicamente difícil como foi Helena Veiguela.

Independientemente disto, desexo os mellores éxitos á Agrupación *Alexandre Bóveda* nos seus 25 anos de traballo nacionalista. ♦

RAMÓN MUÑOZ

Sindicalistas protendendo estudantes

O pasado día 16 de Decembro, *La Voz de Galicia* ilustra unha reportaxe sobre a *embestidura* de Fraga amosando nunha eloquente fotografía os efectos de tal escornada. A rapaza da foto, ferida aparatosamente na cabeza pola moca dun policía, choraba de rabia e impotencia do brazo doutro estudante, que revelaba na ollada unha mistura de estudo e medo. Este exhibía no pei-

No número de novembro do *Boletín Económico do ICE* apróbase un interesante estudo sobre o comercio de mercadorías no mundo en dous períodos, por unha banda de 1990 a 1992 e pola outra de 1997 a 1999. Os datos amosan que, entre estas dúas xeiras, o que realmente medrou foi o comercio interrexional, que pasou do 40,2% ao 49,8%. Así, mentres as transaccións dentro da Unión Europea (UE), entre os países membros, representaba un 60,6% do total en 1990-92, acadaba o 62,4% en 1997-99. Mesmo, o comercio entre a UE e os Estados Unidos pasou de ser un 6,2% do total mundial a principios da década a atinxir só o 3,4% ao final do período. Con estes datos na man deberíamos comezar a cuestionarnos a globalización e tamén a idea de que este modelo político e social represente unha necesidade imposta polo desenvolvemento das forzas productivas neste ámbito.

Con todo, aínda que a globalización da economía non avance, mesmo recéite, isto non quere dicir que se estea a rachar co modelo anterior, e que non existan sectores onde se constata un medre da globalización, como poden ser o das comunicacións, cultura e fluxos financeiros. Son todos eles, xunto co sector enerxético e militar, sectores fundamentais para exercer o control sobre unha nación por parte dunha potencia, e concretamente son os que serven de alicerce á hexemonía dos Estados Unidos no mundo, en primeiro lugar, e da UE nun segundo plano, non menos significativo ao respecto de certas actividades e países.

En todo caso diante destas cifras non se pode argumentar, en termos tan absolutos como algúns fan, que Galiza ten que se preparar para competir no mundo, xa que na práctica imos a facelo esencialmente con aqueles países que forman parte da Unión Europea, e ademais esta tendencia vai a máis. A nosa obriga é tomar nota, porque estes son os nosos competidores, cando menos no contexto actual.

to unha pegatina do STEG (Sindicato de Traballadores e Traballadoras do Ensino de Galicia), aínda que non era profesor. Tampouco formaba parte da función pública e, con todo, participara nunha manifestación do funcionariado que protestaba pola precarización dos servizos públicos e a progresiva perda de poder adquisitivo.

O triste Domingo de Decembro escenificábase en Compostela a toma de posesión de Fraga como Presidente. Era aí onde unhas 500 empregadas e empregados públicos pretendíamos expresar a nosa disconformidade coa política privatizadora e de desfeita xeralizada de todo o que neste país remite a público e social. Pero a situación non estaba para actos testemuñais; o estudantado berraba tamén contra a L.O.U á saída da comitiva á rúa. As forzas antidisturbios non querían llo diante de tantos ministros de Madrid, conselleiros, alcaldes, altos cargos do PP e un séquito que superaba o cen-

¿Globalización ou rexionalización?

MANUEL MERA

A maior parte das relacións comerciais realízanse cos países próximos. A globalización económica convértese, cada vez máis, nunha rexionalización.

A rexionalización da maior parte da economía pode configurar, de a pouco, a existencia no futuro de grandes proxectos continentais, tanto económicos como políticos. Un escenario perigoso xa que, co tempo, estarían enfrontadas forzas políticas e económicas moi poderosas, nun mundo con limitados recursos e cun modelo económico e social agresivo. Pero tamén pode representar un paso intermedio para harmonizar as economías rexionais, botar abaixo os sistemas nacionais de protección, e abrir a canle a unha segunda andaina de globalización total da economía, dun xeito menos traumático e que impida oposicións moi fortes. Esta última teoría ten ao seu favor a existencia de sectores totalmente globalizados, que son fundamentais para controlar politicamente o proceso por parte das potencias hexemónicas que, ademais, amosan

todos os días a súa capacidade para ditar normas e marcar a dirección do proceso.

En todo caso, a propia rexionalización actual do comercio mundial e a súa tendencia contradictoria con algúns sectores fundamentais da economía e coa postura da OMC e das potencias hexemónicas, amosa as limitacións e debilidades do modelo, así como o feito de que non todo está baixo control. ♦

MANUEL MERA é Secretario Confederado de Formación Sindical e Migración da CIG

Comercio intrarrexional (% sobre o total mundial)		
Rexión/Año	1990-92	1997-99
América do Norte	5,3	5,1
Nafta		9,7
Latinoamérica	0,6	1,0
Mercosul		0,3
Unión Europea	24,4	24,7
Europa Central e Oriental	0,8	1,0
Asia	7,8	12,0
África	0,2	0,1
Oriente Medio	0,2	0,2
Total internacional	40,2	49,8

“Na práctica, Galiza vai competir, sobre todo, cos outros países da Unión Europea”



Correo electrónico: info@anosaterra.com

to de persoas entre parentes e persoeiros de toda caste. De xeito inaudito, todos estes individuos confiaban a súa seguridade ás forzas de choque e botábanse a andar rúa do Hórreo arriba, entre beirarrúas cheas de universitarios, sindicalistas e traballadores irados pola provocación que supoñía tal xesto de pura e gratuíta arrogancia. A tensión chegou a ser suprema; cargas localizadas aquí e alí, estudantes e policías correndo polas beirarrúas, nós abaneando as nosas pancartas, todo isto mentres na calzada uns seres que semellaban doutro mundo, aparentando alleos ao conflito, saudaban a un suposto público que (tamén supostamente) os aclamaba. A escena tornábase por momentos ridícula e os protagonistas oficiais do acto, no seu afán de que ninguén lles arruinase a cerimonia, caían na máis absoluta parodia de si mesmos, parodia que se potenciaba aínda máis coas caricaturábeis e ridículas vestimentas dos gaiteiros

de Fofo. Deste surrealismo matinal tirounos apuradamente o balbordo dos estacazos que repartián ao asalto a policía de Fraga. Cargas selectivas destinadas en exclusiva a universitarios disculos co sistema. Algúns preguntámonos se os sindicalistas ameazamos aínda un sistema que non nos adica tan sequera unha boa pancada. A situación era clara: nós eramos intocábeis mentres o estudantado estaba sendo ceifado miserablemente ao noso arredor. ¿Que facer? Algúns pensamos que, dado que a nosa idade impedía facernos pasar por universitarios, podíamos convertelos a eles en sindicalistas con un simple adhesivo. Comezaron a correr as pegatinas e todas e todos a nos misturar. Agora podían suceder dúas cousas, ou que nos petaran afeito ou que nos deixaran. Finalmente deixáronnos seguir a marcha reagrupados en dirección ao Obradoiro. Á entrada da praza rematou esta camiñada ategada de violencia contida. Todas as

entradas estaban tan ben gardadas que ninguén que chegara co tempo xusto á praza puido xa entrar. As protestas máis enérxicas pedindo o pase foron as de algúns fraguistas pertinaces. Os nosos berros e consignas remataron cando o acto chegaba ao seu fin. Apenas pregadas as nosas pancartas-escudo, os estudantes volveron ficar á intemperie e aí se desencadeou toda a violencia que aínda faltaba por chegar. Foi daquela cando as pegatinas deixaron de surtir os seus cívicos efectos. ♦

FRANCISCO LEGASPI
 PERTENCENTE AO SECRETARIADO NACIONAL DO STEG

que o seu avó, Prescott Bush “desempeñou un papel central en financiar e armar a Adolf Hitler”. Dino os seus biógrafos: Webster G. Tarpley e Anton Chaitkin en *The Unauthorized Biography* (1992).

O británico Phillip Knightley escribiu o pasado 4 de outubro en *The Guardian* que “o modo no que se cubren as guerras nos medios occidentais segue un patrón previsto: primeiro, a crise, segundo, a demonización do líder, terceiro, a **demonización** do inimigo, cuarto, contar as atrocidades”. Isto era a primeiros de outubro. Hoxe habería que engadir ao esquema de Knightley algunhas etapas máis: quinta, intervención de paz que consiste en bombardear ao inimigo, sexta, ocultar as vítimas da nación bombardeada, sobre todo as civís, e sétima, unha vez lograda a vitoria, lembrarlle aos demais países desobedentes o que lles pode pasar se non xuran bandeira.

La Voz de Galicia, Atlántico e El Correo Gallego titulan ao unísono –que coincidencia– que os “**radicais** asaltan ao rector de Santiago” (mércores 19). A palabra non foi moi ben escollida porque “radical”, do Partido Radical, é a ex-comisaria europea Enma Bonino, que no seu día bicou Fraga nas meixelas, e radical foi no seu tempo o dereitista Alejandro Lerroux, aquel líder implicado na corruptela de Strauss-Perle que logo daría pé á expresión *estraperlo*, tan popular na posguerra. ♦



Manuel Fraga.

Fraga e Ferrín

Méndez Ferrín quíxase de que Fraga o inclúa entre os opostos ao cambio normativo (*Faro de Vigo*, 17 de decembro). Segundo o escritor Fraga dixo ao remate dun Consello da Xunta: "... en contra das teses da proposta dos institutos de certos lingüistas votou o señor Ferrín, que creo que non será sospeitoso de estar en ningunha extrema dereita nin de ser un servo do fascismo, como se permitiu dicir de min un dos líderes derrotados". Ferrín responde: "Por suposto é tan verdade que eu non sexa un servo do fascismo como que Fraga Iribarne foi un fiel servidor do réxime franquista. O resto das declaracións do presidente é mentira. Eu defendín a micro-reforma ortográfica". ♦

En TVG 'presidente', en Tele 5 'cacique'

TVG retransmitiu o sábado 15 a toma de posesión de Manuel Fraga en planos cortos. Segundo os seus locutores o público berraba ao paso da comitiva e desde os balcóns "presidente, presidente". O mesmo día Tele 5 informou das protestas na rúa dos estudantes e funcionarios, anotando que o paso do presidente fora saudado con berros de "cacique, cacique". Tampouco, segundo as imaxes desta cadea, había xente nos balcóns. ♦

Europa Press e Camilo Nogueira

Camilo Nogueira foi interrogado polos xornalistas a respecto do que dixerá a UPG sobre o apretón de mans entre Beiras e Fraga. A resposta, difundida pola prensa, foi: "Nada. A Upegá non pudo dicir nada porque nada ten que dicir". Xavier Navaza (*El Correo Gallego*, 14 de decembro) comenta: "Esta é a noticia que onte, a pelo de cabalo, ofrecía Europa Press, descontextualizando a actitude do

eurodeputado nacionalista. A verdade é que Nogueira matizou, collendo as súas palabras entre pinzas de precisión: 'a Upegá non ten nada que ver con isto: os partidos (integrados no Bloque) non emiten a súa posición como partidos sobre nada'. ♦

'Filibusterismo' do PP e do PSOE vascos

El País (14 de decembro) opina da non asistencia de PP, PSOE e Batasuna ao pleno do parlamento vasco no que se fan votar os orzamentos: "A resposta de socialistas e populares de boicotear a celebración do pleno, ao tempo que o fai Batasuna, convértese nunha práctica cercana ao filibusterismo". ♦

Redondo Terreros.



José R. Vázquez Sandes, futuro Valedor do Pobo, con Emilio Pérez Touriño.

Solución institucional para nomear Valedor a Vázquez Sandes

A.E. Houbo que agardar case un ano para nomear a un novo Valedor do Povo. O elixido por consenso entre PP, BNG e PSOE non é outro que Xosé Ramón Vázquez Sandes, a mesma persoa rexeitada o ano pasado. ¿Que mudou desde abril? Que o maxistrado Vázquez Sande é, agora, unha aposta de carácter institucional e non unicamente do PP. Os tres partidos procuraron unha solución global ao encasquilamento desta institución. Nesta "solución de carácter institucional", como a califican os participantes no consenso, non entra só a persoa do Valedor, senón tamén os distintos Vicevaledores. Os resultados electorais tiveron que ver igualmente coa necesidade de atopar unha saída á prolongación da interinidade de Xosé Cora.

Froito deste consenso, Váz-

quez Sandes será elixido polo Parlamento co apoio de todos os grupos. O día 21 reuniránse, de novo, os representantes das tres organizacións para pechar algúns asuntos non ultimados, como o nomeamento dos vicevaledores despois de consultar con Sandes. Todo indica que existe xa un acordo na fórmula de elección que terá lugar cando se reanuden as sesións, no mes de febreiro, con Sandes xa no cargo. Semella que o único que falta por concretar son os nomes.

A respecto do que semella un trasacordo, tanto o PSDG-PSOE como o BNG, poñen de manifesto que, o ano pasado, non rexeitaron á persoa do novo Valedor, senón á "imposición coa que afrontaba o proceso de PP". Agora semella que apareceu un novo clima polo Hórrero con novas solucións para fundir o xeo da pasada lexislatura. ♦

OURENSE

Paseando a vella Auria cos personaxes de Blanco Amor

MARCOS VALCÁRCCEL

Percorrer Ourense usando unha novela como guía é un privilexio que está vivo desde hai varios anos.

A idea xa viña de vello e falamos moitas veces diso en círculos culturais ourensáns: facer un Roteiro Cultural polas rúas, prazas e lugares polos que transcorre "A esmorga" de Eduardo Blanco Amor. Nun xa antigo traballo Manuel Forcadela recollera o esquema espacial da obra e Victoria Ruiz de Ojeda, autora dunha escolma das entrevistas co escritor, insistira no tema nunhas xornadas celebradas en Ourense en 1997. Só un par de meses despois, en decembro dese mesmo ano, xa estaba materializado este proxecto da man do Clube Cultural Alexandre Bóveda: para isto contouse co apoio da Concellería de Cultura do Concello de Ourense, e cunha fermosa realización plástica a través dunhas placas identificativas realizadas polo artista Manuel Figueiras. Pouco despois editáronse uns interesantes folletos sobre este Roteiro Literario que reproducen o plano da cidade no seu casco antigo, as placas e textos alusivos da novela, unhas notas sobre a narrativa de Blanco Amor e a súa condición de creador de Auria como Universo Literario e un esquema espacial da novela (tirado do libro de Forcadela), con todo o seu percorrido urbano. O Roteiro abrangue os espazos narrativos que se identifican co casco vello da cidade: desde a Avenida de Zamora, perto do Posío (referencia á antiga taberna da tía Esquilacha) ata As Burgas, a fonte de San Cosme-

de, o Calexón de Pena Vixia, a Praza do Corredor, a Fonte do Rei, a Praza Maior e a Alameda, remate desta viaxe cultural.

Desde aquela foron centos e centos os ourensáns e galegos e xentes chegadas doutros lugares que seguiron este Roteiro convocadas por asociacións culturais e centros escolares ou polas citas habituais dos programas de divulgación turística do Concello na súa oficina de As Burgas. Fíxose así realidade un soño convocado múltiples veces por escritores e estudiosos da nosa cultura: o Eduardo, que adicou toda a súa obra literaria a Ourense, anque non sempre se lle recoñece como el esperaba desta cidade, era acreedor dunha homenaxe semellante á que merece James Joyce en Dublín onde os

seus admiradores coinciden unha vez ó ano para repetir os pasos de Leopold Bloom e Stephen Dedalus no *Ulysses*, cita que se coñece como o *Bloomsday* ou Día de Bloom (16 de xuño).

Todos os anos desde 1997, sempre neste mes de decembro xuntámonos un grupo numeroso de amigos e amigas, convocados ata agora polo Clube Cultural Alexandre Bóveda, e neste ano, trala desaparición do Clube, pola Sección de Literatura do Liceo Recreo Ourenseño. A convocatoria deste ano foi máis plural que nunca: acudiron un cento de persoas de moi diversas idades, procedencia social ou ideoloxía. Mesmo cabería suliñar a presenza de sectores das clases medias da cidade non habituais neste tipo de actividades;

á miña beira, Afonso Monxardín, coméntame en voz baixa e cunha certa retranca: "seica o galeguismo volve ás súas orixes". En cada unha das paradas do Roteiro houbo dúas intervencións diferenciadas: a lectura de anacos da novela, a cargo de mozos e mozas de grupos e colectivos vencellados á Casa da Xuventude, e asimismo de citas de escritores como Méndez Ferrín, Basilio Losada ou Neira Vilas, entre outros, por parte de diversas mulleres da Sección de Literatura. Como sempre, o máis interesante foi o clima de confraternidade creado, que rematarou nun cocido de cea pouco despois, e as confidencias das xentes máis vellas do lugar; noutras ocasións, por exemplo, Luís Taboada Camoiras deleitounos cos seus datos

sobre algún dos referentes que Blanco Amor convertiu en personaxes como a popular Nonó, prostituta que seica acabou sufrindo a represión da guerra civil. Soportando a intensa friaxe da tardiña, a procesión cívica atravesou o barrio das putas, que segue no mesmo lugar, en decadencia inevitable, pero quizais máis canalla que nunca; sería erróneo pensar que desapareceron os escenarios da marxinalidade, só mudaron a súa faciana: quizais hoxe Blanco Amor escribiría sobre os drogadicitos vítimas da SIDA arrimados á beirarrúa.

Chega así Eduardo Blanco Amor ó século XXI como unha das claves culturais da nosa cidade e de toda Galiza. "A esmorga" segue a xenerar estudos de interese por parte da crítica especializada e a sumar lectores entre públicos moi diversos. O grupo Saramela escolleu hai pouco esta obra para levala ós escenarios, con excelentes resultados de crítica e éxito de público. Como é sabido existe ademais unha versión fílmica da novela, realizada no seu día por Gonzalo Suárez que, á marxe da súa calidade cinematográfica, non recolle con exactitude o ambiente, contexto e espírito da obra, polo que non sería tampouco mala idea pensar no futuro unha versión en cine, feita en galego e pensada desde Galicia, desta novela xa inmortal que nos convoca en Auria cada decembro. ♦

O rexionalismo de Manuel Vidal

FRANCISCO CARBALLO

Manuel Vidal (1871-1941), é o escritor de Maceda (Ourense) de máis ampla envergadura. Falleceu en Santiago hai sesenta anos, en plena noite de pedra, mentres catro estudantes macedáns atereciamos de frío nos arrabalados de Madrid e viámos morrer de fame a nenos e vellos naquela Babilonia.

Lin no 1943 a "Salve explicada", con prólogo de Vales Faílde; a obra, reeditada dúas veces, mostra toda a "pietas galaica" do autor. Pasaron anos e anos até que X. R. Laxe, cura de Covelas, me agasallou con dúas obras de Vidal: "Don Porrazo", novela de costumes (1909), cadro vivo do val macedán dos anos de 1900, e "Deixa que xa" (1931), as dúas reeditadas por Alvarellos en 1985. Agora Santiago Prol envíame as obras do noso paisano: toda unha ampla, complexa e diversa produción literaria bilingüe; textos para alumnos de literatura, teatro popular, apoloxética, romance, contos, estudo arqueolóxico e doutrinal da catedral de Santiago.

Vidal, outo, corpulento, crego cazador, profesor diálgante, investigador, capelán, está retratado nos "Contos Gallegos de antano e hogano" (1920). Nun galego popular, que rexeita os enxebriños e os cultismos, non os dialectismos. Sempre empeñado no uso do galego tal como se fala e reservando o castelán culto para outros mesteres. É un home do rexionalismo, da canteira ourensá de 1880 e ss. entre o integrismo teolóxico de Casas e os aires renovadores de Basilio Álvarez, A. Rei Soto, Vales Faílde, Marcelo Macías, Amigo de Lamas Carvajal e de A. López Ferreiro. Todos baixo o paraguas de Feixóo a quen Ourense honrou con estatuas, actos e concursos literarios (1887).

M. Vidal colaborou en Madrid na revista *Galicia* con B. Álvarez e V. Faílde. (1906-1909); regresou ao país como catedrático de Literatura en Santiago. Aquí desenvolveu grande actividade literaria e científica. Amigo do arcebispo Lago, (1924-25), relacionouse coas Irmandades da Fala: Louva os nazionalistas do PG; firma un manifesto a prol da autonomía (1932), pero aférrase ao rexionalismo: un galeguismo costumista, dunha cultura menor, unha alfaiá familiar pra uso nas festas ao son da gaita e o tamboril.

Vidal, nos días do trebón de 1936 e perante a morte de tres familiares adoece; busca consolo na evocación dos anos de capelán de Pardo Bazán en Meirás, (1914-1918), e loa a Franco que xa posúe aquel pazo, 1939. Ah, os nosos rexionalistas: fixeron a decréta, conservaron o idioma; bailaron a muíneira; viron mais non entrar no "tempo da nazon". ♦

O BNG solicita o amparo do presidente do Parlamento Bieito Lobeira foi agredido pola policía despois de terse acreditado como deputado

PAULA BERGANTIÑOS

Acudiu a facer o seu traballo como deputado e saíu mallado a paus. Bieito Lobeira, parlamentario do BNG, foi un dos feridos nas cargas policiais contra estudantes en Compostela na véspera da toma de posesión de Fraga como presidente. É a primeira vez na historia do Parlamento galego que se produce unha agresión destas características. O seu grupo, en base a "inmunidade parlamentaria" que protexe os representantes elixidos polos cidadáns, iniciou os trámites para que se depuren responsabilidades.

Os golpes comezaron, segundo relata o propio Bieito Lobeira, cando tentaba explicarlles aos estudantes concentrados diante da comisaría de Santiago que o compañeiro —detido durante o desaloxo dun peche no Rectorado— sería posto en liberdade e sen cargos en cuestións de minutos. "Entrei na comisaría en calidade de deputado —indica. Despois de falar coa policía saíu para fóra, atraveso o cordón policial e cando estou informando os estudantes da situación, dous ou tres axentes empezan a mallar na xente sen que exista ningún motivo ou provocación. Nese momento,

tento preguntarlle ao responsábel do cordón "¿a que vén isto?" pero xa me collen entre catro, tíranme ao chan e comezan a darme mocazos e patadas. Levántome e increpo outra vez o responsábel sobre o que está pasando. Daquela achégaseme outro axente e agárrame a cara coa man. Entón, o responsábel dos antidisturbios, do que teño o número de placa, dílle: tranquilo, Luís, vai ao furgón".

Con quince estudantes feridos coincidiu Bieito Lobeira minutos despois no Hospital Clínico. O seu parte médico recolle politraumatismos, erosións en diferentes partes do corpo e unha ferida aberta de consideración na

perna dereita, pola que tivo que recibir unha inxección antitética. Ademais de presentar denuncia no xulgado de garda, o BNG solicitou o amparo do presidente do Parlamento e unha reunión da Comisión do Estatuto do Deputado para que determine se se vulneraron os seus dereitos como parlamentario. O portavoz do BNG, Alfredo Suárez Canal explica que os deputados non poden ser retidos e que gozan de certas prerrogativas polo regulamento da Cámara. A súa agresión como un depositario da vontade popular pode ser considerada unha agresión ao propio Parlamento.

A formación nacionalista tamén presentou iniciativas de control na Cámara Galega e no Congreso para que se abra unha investigación sobre as cargas e os seus responsábeis.

Bieito Lobeira explica que xa se identificara como deputado ao responsábel da policía, antes de ir á comisaría, diante do Rectorado. "Sabía quen era e non fixo absolutamente nada —denuncia. Dúas camarás, unha de Tele 5 e outra da TVG teñen imaxes da malleira que me deiron. Seino porque era de noite e os focos ilumináronme cando estaba no chan".

"Cando me identifiquei diante do responsábel do cordón po-



O deputado Bieito Lobeira nas dependencias do Parlamento.

A. PANARO /Arquivo

licial, sinala tamén Lobeira, esixiame que me dirixira a el en español. Foi cando lle collin o número de placa".

O antecedente de Jaime Blanco

O Delegado do Goberno negouse a facer comentario ningún sobre o acontecido e o presidente do Parlamento tampouco quixo pronunciarse ao respecto. O mutismo contaxiou tamén os outros dous grupos parlamentarios. Os deputados do PSdeG declinaron facer declaracións. Manteñen "que están en contra de calquera carga policial" pero prefiren non entrar a valorar a malleira ao deputado na-

cionalista. Tamén evitou falar o portavoz do grupo parlamentario do PP mentras non seu retina a Comisión do Estatuto do Deputado. Unha malleira ao deputado do PSOE, Jaime Blanco, provocou no mes de setembro de 1977 unha crise do Goberno de UCD e fixo perigar o posto de Martín Villa como Ministro de Interior. A Blanco malleárono a paus nun portal catro policías vestidos de paisano despois de participar nunha manifestación convocada por todos os partidos políticos —agás UCD e Alianza Popular— e os sindicatos, para pedir a autonomía para Cantabria. Fora un dos acontecementos máis importantes daquel ano. ♦

Os CAF denuncian por calumnias a Xuventudes Socialistas

P.B. Por inxurias e calumnias presentaron os CAF unha denuncia no xulgado de Santiago contra os responsábeis de *Xuventudes Socialistas* e as organizacións estudiantes *Iesga* e *Ficus*. A razón son unhas declaracións aos medios de comunicación nas que se fai responsábel aos CAF dos altercados que se produciron o martes 18 no Claustro da Universidade de Santiago.

Os CAF, organización estudiantil maioritaria no Claustro da

USC, tamén denunciaron ao xornalista de *El Correo Gallego*, Luís Pousa polas acusacións que fai no artigo *Ajenos al ámbito docente*. Os CAF tamén queren que o xuíz determine se este xornal e *La Voz de Galicia* incurriron nalgún delito "por non contrastar a información" do que pasou o martes 18 de decembro no Campus. Entre outras afirmacións Xosé Manuel Lage de XXSS califica aos CAF de "grupo criminal". "Non só non somos responsábeis do que pasou senón que participa-

mos activamente para tentar relaxar o ambiente e formamos un cordón humano para evitar que algúns estudantes agrediran ao rector", explica Luís Villares.

Segundo dá conta a claustral Sandra Santos a única intención dos representantes dos CAF era "solicitar a palabra para ler dous manifestos e desplegar unha pancarta". Antes de que isto acontecera o claustro interrompiuse porque os universitarios que estaban concentrados fora entrar no Auditorio pedindo a

dimisión do rector. Isaac Rebolo da *Asemblea de Estudantes* sinala que esta plataforma non pode facerse responsábel tampouco das actitudes individuais dos estudantes que perseguiron ao rector á súa saída do Claustro. Rebolo recalca que a *Asemblea* "segue sendo plural" e que organizacións como *Iesga*, *Ficus* ou *XXSS* "piden a súa disolución porque non poden controlala. O noso maior problema —denuncia— segue a ser a manipulación dos medios de comunicación". ♦



A policía usou gases lacrimóxenos, pelotas de goma e mocas, para dispersar, en varios puntos da cidade, ao estudiantado que quería protestar diante do presidente. A. PANARO

Piden a dimisión de Darío Villanueva por solicitar a entrada dos antidisturbios na Universidade

Manifestación en silencio despois das cargas policiais que feriron a máis de vinte estudantes

P. BERGANTIÑOS

En silencio desde o Parlamento até a praza do Obradoiro discorriu a última manifestación contra a LOU en Santiago. Un xesto co que quixeron denunciar as cargas policiais que feriron a máis de vinte mozos durante a fin de semana. A actuación dos antidisturbios foi censurada tamén pola Coordinadora de Profesores e os PAS. En Vigo o claustro pediu a dimisión de Pilar del Castillo.

As cargas en Santiago comezaron unha vez que o rector da USC, Darío Villanueva, solicitou ao Delegado do Goberno, o venres 14 de decembro, a entrada da policía na Universidade para desalojar aos trinta estudantes que permanecían pechados no Rectorado desde as dúas da tarde. O único obxectivo deste grupo, que contou co apoio da *Asemblea de Estudantes*, era desplegar unha pancarta contra a LOU desde unha das fachadas do Obradoiro, a do Pazo de Fonseca (sede do Rectorado da USC) durante os actos que acompañaron a toma de posesión de Fraga como presidente da Xunta.

Por iso, os estudantes solicitan a dimisión do seu rector. "Era un acto totalmente pacífico", insistiu unha representante estudiantil ao remate da manifestación silenciosa do mércores 19 de decembro. "Os estudantes que se pecharon -explicou- chegaron a ofrecerlle á equipa rectoral a posibilidade de que un garda de seguridade pasase con eles a noite para comprobar que non se producía ningún desperfecto. Pero Villanueva non quixo negociar".

Cando chegou a policía, o grupo de mozos que estaban pechados en Fonseca solicitou dez minutos para decidir se abandonaban a protesta pero, segundo relata un dos participantes, os axentes non

accederon á súa demanda. "Entraron inmediatamente por un balcón e despois de romper os cristais da ventana para poder abrir a porta". "Coa súa actuación Darío Villanueva demostrou que lle importa máis a investidura de Fraga que os estudantes", mantén Xosé Vicente dos CAF de Xornalismo.

Os antidisturbios, ao redor de oitenta, cargaron indiscriminadamente contra os estudantes concentrados, primeiro, diante do Rectorado e logo diante da Comisaría, cando protestaban pola detención dun compañeiro. Esa noite, a Maite, unha estudante de Farmacia, rompelonlle un oso do brazo. Como ela outras dezaseis persoas tiveron que

recibir atención médica. As cargas repetíronse o sábado 15, o día no que Manuel Fraga tomaban posesión do seu cargo.

Apoyo dos profesores e dos PAS

Para que se explique a actuación das forzas de seguridade durante a fin de semana, o BNG solicitou a comparecencia do Ministro do Interior, Mariano Raxoi, no Congreso. A formación nacionalista tamén pediu o cese inmediato do Delegado do Goberno por incumplir as funcións que lle son propias ao seu cargo e tratar de impedir calquer protesta que vaia contra dos intereses do PP. Tamén a Coordinadora de Profesores expresou o seu "máis enérxico rexeitamento ao desaloxo dos estudantes pechados no Rectorado" e particularmente á conduta das forzas e corpos de seguridade do Estado fronte "un acto pacífico e propagandístico en contra da LOU". Ao

tempo, os docentes condenaron a "decisión da Delegación do Goberno de reprimir policialmente a protesta cívica e democrática que tivo lugar o día 15, durante o acto político-folclórico que percorreu as rúas de Compostela até o Obradoiro". Pola súa parte, os PAS tamén están a recoller sinaturas para que se depuren responsabilidades polo sucedido.

Na manifestación do mércores a maioría dos estudantes, acompañados dos PAS e tamén de profesores, coas mans en alto e a boca pechada, trataron de por de manifesto que as súas protestas son pacíficas e que a actuación da policía foi desproporcionada. Só se produciu algún altercado á altura das pancartas da organización estudiantil *Agir*, situados contra o final da manifestación. Primeiro, catro encarpuchados, golperon unha entidade bancaria cunha valla. Logo, á altura do Parlamento apedrearon a sede do PP. ♦

Non á LOU en referendun

Cun participación superior á que se rexistra nas eleccións aos claustros, os estudantes, PAS e profesores das tres universidades rexeitaron nunha porcentaxe do 97% o proxecto da LOU. O referendun celebrouse en todos os campus galegos agás no de Vigo, o xoves 13 de decembro. Neste último, os tres sectores acudiron ás urnas o martes 18 de decembro. ♦

Maratón até Madrid

O Domingo 16 chegaron a Madrid o grupo de atletas que por medio de relevos percorreron desde o Venres 14 máis de setecentos quilómetros, nunha carreira de relevos contra a LOU que partiu de Santiago. Na carreira participaron atletas de todos os sectores. PAS, estudantes e alumnos. Partiron ás nove da mañá do Venres e chegaron cincuenta horas despois. De man en man pasáronse o

testigo que era un manifesto contra a Lou. Tamén fan equipados coas actas do referendun celebrado nas universidades e que significou un rotundo rexeitamento a LOU. Con só un autobús de apoio foron quen de retar as baixas temperaturas destes días e conseguir rematar este insólito acto de protesta. O maratón impulsouno a Coordinadora de Profesores da Universidade de Santiago. ♦

O BNG e o sistema

XOSÉ MANUEL SARILLE

No debate do BNG, falouse estes días de que a fronte debe estar definitivamente dentro do sistema. ¿E non está?

Os militantes do Bloque traballan dentro das posibilidades reais, lonxe do aventurismo, comprenden que organizar a sociedade resulta complexo e non abonda con posuír boas ideas. Saben que o soño da razón, o exceso de fantasía, produce monstros, que o inferno está empedrado de temeridades e que as entelequias só serven para inspirarse e despois facer realidade o máis aceptábel delas.

Nunha palabra, parece que o BNG defende o pacto social e evita remedios que sexan piores que as enfermidades. E asume o pluralismo, a profunda convicción de que ante conflitos destructivos, a solución pasa por buscar o compromiso. Esta visión practícase no Parlamento Europeo, nos concellos e nas Cortes.

O Parlamento galego viviu erroneamente fóra dese estilo porque Fraga é un franquista elixido democraticamente, e Beiras unha personalidade singular.

É evidente que a perda de apoios do BNG ten outra natureza. Moitos din que sobran as posturas ambiguas e que cómpre vigor na autoafirmación, que sobran palabras e falta enerxía para acometer obras de fondo calado, con resultados na distancia, no longo prazo. Que se necesita un rearme moral urxente, porque este afogo nacionalista non encontra simetría na dereita española; ao contrario, o Partido Popular opera cada día dun xeito máis primario, cun pé fóra do pacto democrático.

Oxalá fose un problema de prepotencia circunstancial. Desde o 11-S imitan o fortísimo autoritarismo que agroma nos Estados Unidos.

Veñen tempos duros. Ante eles pódese practicar un vaciado ideolóxico fracasado de antemán, amoldarse ao ferro frío do pensamento único, buscar gobernos débiles aos que o electorado do BNG parece indiferente; ou construír un proxecto ambicioso, que busque a hexemonía social, e por suposto a electoral. ♦



PACO VILABARROS

Anxo Quintana

'A LOU é a primeira lei do novo centralismo'

XAN CARBALLA

A LOU finalizou o seu trámite no Senado. Anxo Quintana, senador do BNG, fai balance desta lei e o seu significado na polí-

tica do goberno Aznar e tamén apunta as súas ideas sobre o debate dos nacionalistas após o revés electoral de Outubro pasado.

¿O debate da LOU foi o máis intenso da lexislatura, porque foi o máis contestado na rúa?

Nós decimos que queremos ser a voz de Galiza en Madrid, pero iso hai que demostralo. Sobre a LOU presentamos 40 emendas no Congreso e no Senado fixemos 103, que foron máis porque fixemos nosas as emendas de profesores, estudantes e PAS das tres universidades galegas. A satisfacción que nos queda é que Galiza estivo presente no debate. Iso é importante porque se recoñece que as nosas universidades son a vangarda da contestación social contra a LOU.

¿Perdeuse a batalla contra esa lei?

Xa llo dixen á ministra: está rotundamente equivocada se pensa que o asunto concluíu, porque unha lei non remata co derradeiro acto parlamentario, ten que ser entendida e aceptada pola sociedade e a LOU ten lexitimidade democrática parlamentaria pero non é asumida, nace morta. As Universidades vanse regular pola súa conta e as comunidades con competencias exclusivas en educación van legislar en paralelo. A cerra-zón do PP vaimos levar a un panorama de incertidume e conseguimos que a lei remate no Tribunal Constitucional. Imos porlle aos demais senadores galegos que sexamos os primeiros en asinar un recurso de inconstitucionalidade,

para que a nosa representación política esteña á altura da vangarda que é a universidade galega.

¿Como se explica a teima do PP de saír adiante con esta lei contra toda posibilidade de mínimo consenso con ninguén?

Esa pregunta faína todo o mundo. Só se entende porque a LOU é unha peza máis dun corpo lexislativo que o PP impulsa cun mesmo patrón centralizador, uniformista e intervencionista. Chegaron á conclusión de que precisan reconducir a orientación do Estado. Até agora parecía que determinados consensos sobre a Constitución foran unha virtude política pero o PP chegou á conclusión contraria. Pensa que eses acordos comúns non foron virtude senón produto da debilidade e que as cousas foron máis alá de onde debían. Agora que ten maioría absoluta pensa que debe facer o que os deputados de Alianza Popular non puideron na Transición, e conducir ao Estado ás posicións reaccionarias de AP en 1977. Iso é o que fai a Aznar e así é como podemos explicar o da LOU. Aznar ten unha visión mesiánica que non lle deixa ver que xa pasaron 23 anos, e que hai un poder compartido territorialmente e que esa alternativa vai esnafrarse. Pero só se salvarán as comunidades que contan cunha forte autodefensa política.

Senado obsoleto

Coa LOU tivo o Senado un protagonismo que non tivera en todos estes anos.

O debate demostrou que ese marco institucional, así como está, non ten sentido. O problema é que o Senado non funciona nen como cámara territorial nen de segunda lectura. O PP úsao perversamente: inutilízao por un lado e sèrvese del para pasar leis sen o mínimo control democrático e iso fai que cada vez sexa máis inútil institucionalmente. A reforma do Senado ten interese se se inscribe nun debate de maior calado, que é a conformación última do Estado. Tería sentido modificar a estrutura desta institución dentro dun estado plurinacional, en canto cámara de representación territorial. Pero se non se está por debater nen sequera sobre a profundización do estado das autonomías que marca a constitución, falar de reformar o Senado non ten sentido.

¿E cal é o clima dese debate?

Coa maioría absoluta do PP todo está estancado, sobre todo porque o PP ten unha posición non xa de debater na profundización senón que pula pola re-centralización do estado e a reforma do Senado nen se pensa nela. A posición do PSOE é que, nesta materia, comparte desde o Estado unha visión parecida á

do PP pero sen tantos matices reaccionarios, e nalgúns nacionalidades históricas a posición dos socialistas non é esa, entre outras cousas porque están condicionados polas posicións dos nacionalismos neses países. Esa é unha contradición que se amosa con máis claridade no Senado co grupo Entesa [agrupa aos socialistas cataláns].

O balance do traballo dos senadores galegos do PP parece converter esa cámara nun cemiterio de elefantes da dereita.

Nalgún caso pode suceder, pero o Senado non ten un nivel menor que o Congreso. O problema é outro. As forzas maioritarias no estado están convencidas que o Senado ten que ser unha cámara residual e non acaban de ter a valentía política de encauzar as cousas. Mesmo cando hai un debate no Senado de grande calado como o da LOU quedan minimizados mediaticamente porque non hai demasiado interese en que o Senado sexa centro do protagonismo político no Estado.

Os cambios do BNG

¿Que lle sucedeu ao BNG o 21 de Outubro?

Non conseguimos o noso obxectivo de conformar unha maioría alternativa ao PP. Agora temos que acertar para agrandar

a nosa base electoral e social. O noso proxecto político diríxese ao conxunto da nación galega e iso obriga a adaptar a nosa proposta. Como segunda forza política, que seguimos sendo, temos a obriga de presentar unha alternativa de poder. Temos que facer un esforzo en contestar a política do PP pero en converter aos sectores da poboación que aínda confía neles en que a alternativa é o nacionalismo. O problema non é de moderación ou radicalismo, senón de saber dirixir a nosa mensaxe ao que xenuinamente nos conforma como forza política, que é ser propia de Galiza e nacionalista. A nosa perspectiva de esquerdas ten que vir pola práctica política máis que polo noso enunciado primeiro. Nós somos fundamentalmente unha forza nacionalista, e como consecuencia somos e seguiremos sendo unha forza progresista. Na perspectiva da humanidade o máis progresista hoxe, o máis de esquerda, é conformar espazos políticos e xeográficos de libre opinión, onde as opcións dos cidadáns se expresen sen os condicionamentos do pensamento único e a política globalizadora. Iso é o máis de esquerdas e iso faise desde o nacionalismo.

O vindeiro termómetro son as eleccións municipais. Beiras criticou duramente ao PSOE no debate de investidura. ¿Non pode a xente descreer desa posibilidade de alternativa ao PP?

Era necesario facer esa crítica ao comezo dun período lexislativo, pero iso non nos vai preocupar máis porque o PSOE non é o noso adversario político. Temos o convencemento de que na conformación da alternativa ao PP imos estar sós.

¿Cales son os cambios que debe facer o BNG?

O resultado electoral non foi unha catástrofe, pero nós non queremos ser só unha forza in-fluente, senón unha forza gobernante, e iso implica que debemos facer modificacións na nosa liña política. A madurez dese proceso está en que escoitemos a voz de todos, militantes e votantes. Porque o que se faiga será con todo o BNG, non cunha parte fronte a outra, porque iso non sería algo con futuro. O que hai é que esforzarse por escoitar, primeiro aos militantes e despois, cos mecanismos que poñeremos en funcionamento nas próximas semanas, a voz dos máis de 300.000 electores. Porque a relación entre o que somos como forza organizada e o que significamos socialmente non é a adecuada; os votos que temos non se corresponden cos militantes que temos, e non podemos esperar a que medre a base organizada para escoitar a voz dos que nos apoian.

¿Os cambios tamén serán de persoas?

Quen coñece a cultura política do BNG sabe que as cousas non se fan formular neses termos. E ese é un capital ao que non debemos renunciar. Sempre fixemos as cousas no debate das ideas e como resultado teremos que elixir as persoas máis acaídas para exemplificar esas ideas que conformemos entre todos. Para partidos que fan as súas políticas no criterio *quitate ti que me poño eu* xa hai moitos. ♦

A situación empaña o premio *Nations in Bloom* A Coruña pendente dunha depuradora que deben financiar Xunta e Estado

H. VIXANDE
Un informe da Comisión europea do 19 de marzo de 2001 crítica o incumprimento da directiva de augas residuais da Unión no caso da cidade da Coruña. O documento denuncia a inexistencia de depuración das augas residuais nesa cidade e unha depuración incompleta no caso de Vigo. O financiamento destas obras de infraestrutura corresponde á Xunta e ao Estado.

O informe sinala a máis cidades españolas, aínda que sinala que "as autoridades españolas indicaron o avance nas obras en Alxeciras, Donostia e Logroño, así que esas cidades poderían cumprir [a directiva] en dous ou tres anos". Deste modo, entre as cidades de máis de 150.000 habitantes, no Estado español só quedarían pendentes de depuración de auga residual A Coruña, Xixón e Cádiz.

Tanto o PSOE como o BNG solicitaron repetidamente ante as autoridades autonómicas e centrais a realización desta obra pero de momento non hai consignación orzamentaria.

A situación empaña o premio *Nations in Bloom* concedido recentemente á Coruña. A política da Xunta a este respecto acusa certa ambigüidade e os seus responsábeis non dubidaron en felicitar á Coruña polo

galardón cando esas mesmas autoridades interpuxeron grande número de atrancos ao plano comarcal de residuos que mereceu o aplauso da organización dos premios medio ambientais.

Manuel Soto, presidente da Asociación pola Defensa Ecolóxica de Galiza, ADEGA, destacou a importancia do premio. "O plano de residuos é a iniciativa máis importante do país

neste momento e A Coruña neste campo é exemplar a nivel de Galiza", explicou Soto.

Naturalmente, na cidade da Coruña aínda ten pendentes varias asignaturas no relativo á xestión medio ambiental. A rexeneración do litoral, unha peonización ampla, a creación dun sistema de transporte sustentábel ou os programas de educación ambiental son obxectivos por acometer que corresponden ás autoridades municipais, aínda que a carencia do sistema de depuración de augas residuais, que corresponde á Xunta e ao Estado, é o aspecto máis grave de entre as lagoas medio ambientais. ♦



A Coruña reaxiu con decisión ante a catástrofe de Bens. Na ilustración, o vertedouro tras a súa conversión en parque.

No vídeo utilizáronse imaxes doutra cidade

En torno ao premio *Nations in Bloom*, as autoridades municipais cometeron dúas torpezas. A primeira delas foi atribuír á ONU a concesión dos galardóns, cando quen os dá é unha organización relevante pero independente. A segunda foi encargar un vídeo promocio-

nal desacertado. A produtora da fita, *Formato Vídeo*, non foi quen de evitar subir o ton propagandístico dun documental que precisamente obviaba aspectos moi relevantes e prestixiosos da cidade, como o seu casco vello ou o seu porto, e que puña o acento na confortabi-

lidade da vida na Coruña. Así, na película sobranceaban os parques arborados e con céspede en luminosos días soleados.

O documental, na liña de programas de televisión como *Galiza para o mundo*, entre as imaxes da Universidade coruñesa, empregou como recurso un

aula da Facultade de Xornalismo da Universidade de Nafarroa, pertencente ao *Opus Dei*, organización á que pertence a muller do alcalde Paco Vázquez. Tal desliz mesmo incluía un plano no que un rapaz tiña ao seu carón encol do seu pupitre un carnet desa facultade. ♦

SANTIAGO



A. PANARÓ

O cuarto desfile olímpico

XOSÉ LUIS MUÑOZ

O 15 de decembro o presidente da Xunta tomou posesión e o desfile de gaiteiros misturouse coas manifestacións contra a LOU.

Pois eu o sábado, día 15, funme ata o Derby, e alí, no café, sentei preto dunha vidreira pola que se pode ver a rúa do Hórreo ata onde esta decide dar en curva, e agardei o paso do cortexo trunfal. Por un momento temín que os revoltosos da LOU me fosen estragar este atávico espectáculo que os deuses nos regalán só cada catro anos, coma

se dunha olimpiada se tratase. Levaba connigo un aparatíño deses con pantalla receptora de dúas pulgadas, para non perder detalle de tan grande espectáculo. E cando a policía correu pola Senra a uns mozos con trazas de estudantes, pensei para min que qué ben que os levasen onear a outra parte, posto que estaba claro que non eran mere-

centes de seren testemuñas de tamañas glorias olímpicas.

Ata o meu posto de observador empezaron a chegar os primeiros sinais de antigos roncacos da banda da Deputación de Ourense, e desde o meu pequeno receptor de man puíden observar como, Hórreo arriba, empezaba o glorioso desfile da cuarta victoria, e os coros populares entoaban o de *¡Presidente, presidente!*, que soaba tan alegre e democrático coma noutrora soara o *¡Duce, duce!*

Xa a banda de Ourense encarraba a rúa das Orfás, e o cortexo asomaba ao meu foro de visión, e Galicia enteira seguía entoando o de *¡Presidente, presidente!*, e catro revoltosos que —xa se sabe— o que non queren é estudar, rebuzaban o *¡non á LOU!* Xa estaban alí, na praza de Galicia, cando o Presidente, co seu "swing" tan particular, colleu tal ritmo que, por uns intres, mesmo pareceu que ía tirar de chaqueta para convencer aos revoltosos do equivocados e do sós que estaban. "¿Non vedes que Galicia enteira baila ao son das miñas gaitas?"

Pasaron de longo preto da vidreira do *Derby*; chegaron ao Obradoiro, e alí foi a apoteose: seis mil roncacos, seis mil palletas, seis mil foles, seis mil punteiros interpretando himnos e ditirambos.

Logo, rematada a festa, polas rúas de Compostela pasou o que tiña que pasar: que desgraciaron a dous romanos e a vinte cartaxineses. ¡Ah!, e tamén a tres gaiteiros. ♦

FERROL

Desembarco británico

MARTINA F. BAÑOBRE

O comercio de Ferrol vai aumentar a oferta, pero a chegada dunha gran marca no centro preocupa aos pequenos establecementos.

A semana pasada, representantes do Corte Inglés manifestaban a súa intención de abrir un novo establecemento en Ferrol. Segundo as súas declaracións será de tamaño medio, e estará ubicado no inmóble que durante décadas ocupou o histórico Simago, a primeira das grandes superficies en instalarse na cidade.

No Concello xa se a tramita o anteproxecto presentado pola compañía. Apúntanse detalles como as modificacións na fachada do edificio e o respecto pola normativa urbanística. Pero ao parecer, a empresa non está a dar moita guerra. Teñen prása, e segundo as previsións abrirán nas estratéxicas datas da Semana Santa, coincidindo coa masiva afluencia de visitantes á cidade. E é que esta xente sábeche de márketing.

A nova desta apertura achega opinións contradictorias. Por unha banda, trátase dun feito positivo, xa que a instalación do novo comercio traerá

50 novos postos de traballo, e por que non, tamén un bufo cosmopolita que xa cumpría.

Pero pola outra, a cousa anda máis pesimista, xa que falamos dunha cidade sostida fundamentalmente polo pequeno comercio, que xa bastante sofre co gallo da liberalización dos horarios. Establecementos que están a quedar fóra da competición, porque o xogo non é equitativo. No primeiro asalto loitaron co xigante francés, e agora, no segundo, a cousaponse máis negra se cadra, porque o xigante inglés vai situarse onde máis doe, en pleno centro da cidade.

Con todo, de seguro en termos xerais o desembarco do Corte Inglés resultará positivo para Ferrol. Aínda así, que ninguén esqueza aos máis pequenos, e a ver se algún lles tenda tamén a eles unha man para que non queden tirados no cuadrilátero ao primeiro toque de campá. ♦

Agasalle Libros


A NOSA TERRA

Contos Populares


2 novelas titulos

PVP 4 euros / 600 pías.

Os libros e a neve



A Botana de Bartolomé



Extrache de 4 contos

PVP 10 euros / 1.500 pías.

Os Bolechas


4 novelas titulos

PVP 4 euros / 600 pías.

Os Bolechas van de aranzada
 Os Bolechas van a súa casa
 Os Bolechas van de pesca
 Os Bolechas van de gata



Diccionario Visual Galego-Ingles




PVP 18 euros / 2.700 pías.

Historia de Galicia



PVP 7,5 euros / 1.125 pías.




Carolina Otero
 Memoria do 100

PVP 18 euros / 2.700 pías.



Ferrol. Corazón de mar
 Encuentro con...

PVP 12,5 euros / 1.875 pías.



Procesos e eventos da marea
 Historia natural

PVP 20 euros / 2.900 pías.

20% de desconto especial para os socios de A NOSA TERRA

Nome e apelidos: _____
 Nome: _____ Apellido: _____
 Enderezo: _____
 Localidade: _____ CP: _____
 Provincia: _____
 Teléfono: _____
 E-mail: _____
 Autorización de envío de información: _____
 Este recibo servirá de factura para a compra de libros.

‘Temos que contribuir ao subministro de España’, explica a Xunta

A industria galega padece cortes eléctricos para atender a rede estatal

G.L.
A industria galega comeza a ter restricións eléctricas para atender á rede estatal, a pesar de que o País produce o 160% da enerxía que consume.

Un repunte do consumo de electricidade deixou en evidencia as carencias da rede privada estatal de enerxía: o día 17 REDESA (empresa propietaria da rede de alta) interveu o subministro en Madrid e València con obxecto de evitar a caída de todo o sistema peninsular.

Tanto as empresas eléctricas coma o goberno Aznar, calificaron o aumento de consuma como excepcional pero esta explicación non fai senon revelar a precariedade dun sistema que fornece un consumo medio de enerxía inferior en case o 30% ao francés.

A rede eléctrica formada por Endesa e Iberdrola (que gobernan case o 80% da produción) e Unión-Fenosa e Hidrocantábrico, é deficiente porque deserta do investimento para mellorar o servizo en procura de beneficios a curto prazo.

Guerra contra o libre mercado

O poder das eléctricas resistiu a

absorción polo sector público durante o goberno de Adolfo Suárez e cedeu só unha parte da rede de transporte. Ben coñecido pola súa adscripción franquista, o sector leva anos en guerra contra O libre mercado de enerxía previsto dentro da UE e en especial resiste a intención de Francia de participar no mercado peninsular. A última proposta das empresas para resistir o *aillamento* eléctrico peninsular é a ampliación da capacidade de produción das nucleares existentes. As eléctricas investiron fóra billón e medio mentres no interior a cantidade adicada a mellorar a eficiencia do transporte e a produción é incomparablemente inferior.

Dende a Xunta, a reacción consistiu no aviso de que a capacidade da rede estaba ao límite, con cortes nas grandes empresas suxeitas a *contratos de subministro opcional*, con quilovátio a metade de prezo.

Na realidade, Galiza produce o 160% da enerxía que consume o que significa que exporta un 37%. O Goberno Fraga calificou de *crítica* a situación a pesar de a Xunta ter realizado fortes investimentos en dous

planos Mega (o primeiro orzamentado en 48.000 millóns) e de defender a intervención pública no proxecto ciclópeo e contaminante de SOGAMA, contra outras propostas de escala máis realista e económica para o tratamento do lixo.

Ao mesmo tempo, o PP releou o proxecto de regasificadora e favoreceu a entrada de Unión-Fenosa no gas para limitar a competencia contra a eléctrica. No entanto, fomentou outras centrais eólicas e hidráulicas contra o sensor de grandes áreas do País que coidan que non foi cativo o sacrificio dos ríos para produción eléctrica, entregados a conta dun desenvolvemento que só trouxo industrias de enclave. Asemade, o sistema de transporte de alta tensión para a exportación produce contaminación electro-magnética. Un deste puntos negros dase na parroquia de Merza, en Viladecruges, onde os veciños viron a súa vida alterada pola construción de grandes torres de alta a só 14 metros das casas.

A consellaría de Industria sinalou que “galiza debe contribuir ao subministro de España e por iso temos que aplicar restricións”.♦

Anuncia un investimento de 300 millóns tras meses de mobilizacións veciñais

Fomento mellorará a variante de Foz

A.N.T.
A perigosidade da estrada de circunvalación de Foz ten sido obxecto das denuncias dos veciños desde o pasado mes de xuño. Meses de mobilizacións, que culminaron nunha folga xeral o pasado 17 de outubro, deron os seus froitos. Dous meses despois do paro, o portavoz da plataforma veciñal recibiu unha carta do ministerio de Fomento na que se

anuncian as melloras.

Dúas rotondas son as consideradas como “puntos negros” para a plataforma veciñal. Non se visualizan ata que os automóviles están practicamente enriba delas. Na de Fazoleiro está prohibido o xiro dos vehículos longos por razóns de seguridade, medida que afecta especialmente ao transporte escolar e aos traballadores de Alcoa. O Ministerio de Fomento anuncia unha

partida de 298.800.000 pesetas (1.795.824 euros) para acometer as obras de mellora. Aínda non están licitadas pero o documento enviado a Ramón Pena especifica as actuacións na variante. Intervirase na rotunda de Fazoleiro para permitir o acceso de vehículos pesados. No coñecido como cruce dos Camiñeiros, ou acceso a Vilaronte, tamén se executarán obras. Construiranse dous pasos elevados, un

inferior para acceder á praia da Pampillosa en Fazoleiro e o rasante será revisado nos puntos marcados pola plataforma.

Denunciar a perigosidade do tramo uniu aos veciños de Foz que protagonizaron peches para exixir accesos como dos que dispoñen en Burela na mesma estrada. O BNG de Foz impulsou a creación da plataforma que convocou concentracións

como a que tivo lugar durante a inauguración do tramo en agosto. O día 17 de outubro, na recta final da campaña electoral, Foz viviu unha folga xeral que paralizou o concello. O alcalde, o socialista Xosé García Rivera, apoiou as mobilizacións, a maioría delas cortes de tráfico que tiveron incidencia nesta zona costeira ao celebrarse no mes de verán.♦

Quedan 7.000 dos 25.000 galegos que había nos 60

O Centro Galego de Barakaldo cumpre cen anos

A.N.T.
O sábado 22 de decembro celébrase en Barakaldo o último acto de todos os que tiveron lugar nos últimos doce meses e que festexa o centenario do seu Centro Galego. A colectividade galega nesa cidade basca está completamente integrada.

O acto a celebrar en Barakaldo culmina unha serie de conmemoracións que tiveron lugar desde a Semana das Letras e que principalmente se centraron nas sete semanas seguintes ata o Día da Patria. Como colofón, o sábado 22 e coa presenza de autoridades bascas e galegas, o Centro Galego clausurará o ano de celebracións e entregará uns galardóns aos dez presidentes vivos dos 31 que tivo o Centro nos seus anos de historia.

O centenario do Centro Galego de Barakaldo serviu para lembrar momentos memorábeis, como a promoción, en 1962, de 362 vivendas de protección oficial adquiridas por galegos. Aqueles 17 edificios articularon un novo –agora case céntrico– bairro da localidade basca no que o Centro Galego foi principal dinamizador. O que inicialmente foi Grupo de Vivendas Santiago Apóstolo pasou a conformar unha serie de rúas con nomes como Galiza ou Breogán e está previsto que no primeiro trimestre de 2002 queden rematadas as obras de

instalación dun horreo, de acondicionamento das rúas e de instalación dun conxunto escultórico adicado a Rosalía e Castelao.

Cent anos dan para moito, aínda que o maior avance produciuse nos últimos cuarenta anos, desde que en 1962 o Centro Galego adquiriu a parcela que ben logo daría lugar ao bairro dos galegos. O esforzo pagou a pena e dotou de vivenda a 362 familias galegas cando había 25.000 paisanos nosos en Barakaldo. Hoxe apenas viven 7.000. A emigración cesou nos primeiros anos setenta e tras a xubilación, moitos galegos retornaron ao país. “Durante este tempo a cidade deixou de ser fabril, porque pe-

charon os altos fornos, e pasou a ser de servizos”, conta Xulio González Álvarez, actual presidente do Centro Galego.

1.200 socios

Precisamente o sector dos servizos ocupa hoxe á maioría dos galegos en Barakaldo. “O 60% dos hosteleros son galegos –di Xulio González–, aínda que tamén hai comerciantes, funcionarios ou traballadores da construción”.

A diminución do censo galego en Barakaldo tamén afectou ao Centro Galego. Se no pasado contaba con milleiros de socios, na actualidade son 1.200. Aínda así, coas aportacións dos asocia-

dos, doazóns privadas, rifas e subvencións do concello de Barakaldo, Deputación Foral de Bizkaia e Goberno basco permiten un presuposto anual de 40 millóns de pesetas. Só así é posible manter unha agrupación folclórica, unha banda de gaitas, unha coral, programar teatro e unha chea de actividades, –“todas en lingua galega”, matiza Xulio González– e contar con tres equipos de fútbol.

Os galegos de Barakaldo conservan o seu vellecemento do Centro, mais o seu presidente lembra que “estamos integrados ao 100% en Euskadi, considerámonos bascos, sen renunciar ás nosas raíces”.♦

Frigsa, viaxe á fin da noite

JAUREGUIZAR

Un matadoiro emblema da cidade ser centro comercial e de ocio. Esperando a mocidade do norte da cidade fixo a súa propia festa.

O grupo vasco Eroski anuncia que meterá picaña contra o hipermatadoiro que centrou as arelas de pechar o ciclo gandeiro lucense. Frigsa significaba vinte mil metros cadrados para que completase o proceso que arrinca nas cortes de toda a provincia. Agora a Cooperativa Mondragón achégase con pas e cascos para instalar o *Prohibido o acceso a toda persoa allea a esta obra* e, en seis meses, a zona imitará Tora Bora. A seguir, construíran un centro de ocio.

Frigsa é o centro de ocio para a rapazada que se aburre na zona norte da cidade. Hai uns meses puideron percorrello cuns mozos. Comezaron guiándome coios intifados tras supor me policía municipal, pero acabaron por guiándome pola factoría dos espantos. Seguinos pola metade practicábel das escaleras andar tras andar. Vestían vaqueiros anchos, suadeiras de cores vivas e porcas nas cellas; rap de *El Club de los Poetas Violentos* como banda sonora, ruído que espanta aos inimigos imaxinados que habitan na inmensa caverna da mente. Semella deseñada polo arquitecto

lego Freddy West, o enxeñeiro de camiños, canais e portos da Casa dos Horrores, quen converteu unha casa inglesa de tres andares nun labirinto ategado de portas falsas, escaleras imposíbeis e corredores que daban á histeria. No seu xardín sementou refugallo de 17 rapazas. Frigsa tamén ten datas en vermello no calendario da repugnancia: un home violou a dous nenos o ano pasado.

Paralelamente a esa sordidez, os meus amigos improvisados confesaronme o temor a unha pantasma –imaxino espíritos deformes de vacas sacrificadas– coa que era mellor non acharse. Nos sotos amosáronme o espectro social dun colchón afectado por un dos frecuentes incendios no lugar e varias caixiñas de Don Simón, tamén xirings con pingas de sangue rancia e unha bolsa de Gadis da que sobresaía roupa lordenta. Arriba puidera comprobar que entre as sombras húmidas do sétimo andar, no centro dunha chaira de restos de paredes esnaquizadas, medra un carballiño. A miseria decidiu poñer unha zona verde.♦

Consenso no mundo da cultura para reclamar que se retome o acordo normativo

A.N.T.

Representantes de máis de vinte entidades e asociacións do mundo da cultura e a lingua reuníronse o día 12 en Compostela e decidiron apoiar unha iniciativa na que se reclama á Academia que “procure o camiño para unha solución consensuada ao problema normativo”. Para Alberte Ansedo, moderador da Comisión que elaborou a proposta de acordo normativo, “é imposible acadar un maior apoio no ámbito da cultura e dos defensores da lingua, non sería entendíbel que a Academia non dera resposta a estas peticións”.

Os presidentes da Asociación de Escritores, de Editores, de Actores, Directores e Técnicos de Escena, de Músicos en Lingua Galega, da Mesa pola Normalización Lingüística, do Patronato do Museo do Pobo Galego, da Asociación Irimia, da AS-PG, de Nova Escola Galega e da coordinadora de Traballadores de Normalización da Lingua son algúns dos asinantes do manifesto aprobado o pasado 12 de decembro. Xunto a eles os tres secretarios xerais das seccións de Ensino da CIG, UXT e CCOO e destacados lingüistas como H. Monteagudo, director do Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística do Consello da Cultura Galega, o secretario do ILG, Xosé Luis Requeira, e os profesores Carlos P. Martínez Pereiro ou Ernesto Glez.

Seoane. O texto remitido á Academia sinala que o conflito normativo “dificulta o desenvolvemento social da lingua e da cultura galegas” e reconece que a proposta de acordo que a RAG rexeitou o pasado 17 de novembro significaba un “camiño de solución que produciría grandes beneficios” polo que se demanda que, tras a elección da nova directiva da institución, se estude “unha solución consensuada ao problema”.

O periódico A Nosa Terra sumouse a esta campaña, que está previsto apoién nas próximas semanas outras moitas entidades e colectivos do país, a través de actos públicos e o envío de escritos. A Nosa Terra publicará semanalmente nas súas páxinas a lista de adhesións. ♦



X.R. Barreiro, á dereita, foi un dos membros máis activos da directiva de Del Riego. Constantino García, á esquerda, desaparece do órgano máximo da Academia. A. PANARO

X.R. Barreiro presidirá unha Academia herdeira de Del Riego

A do historiador Xosé Ramón Barreiro é a única candidatura presentada para a presidencia da Academia Galega cando o prazo de admisión xa está pechado. A reunión extraordinaria do día 20 na rúa Tabernas abriu unha nova etapa que se presenta como herdeira directa da época de Del Riego. Segundo todas as previsións Barreiro e o arquivista Gil Merino continuarán nunha directiva da que tamén formarán parte o filólogo Manuel González como secretario -posto ocupado até agora por Constantino García-, o arquitecto Andrés Fernández-Albalat como tesoureiro -antes, Barreiro- e o escritor Salvador García Bodaño como vicesecretario, cargo que rexentaba Luz Pozo.

Xosé Ramón Barreiro foi o último en entrar na Academia baixo a presidencia de Domingos García Sabell. Formaba entón parte do grupo de 19 académicos que leran daquela o seu discurso

de ingreso. O máis recente dos membros numerarios entraba tamén na dirección da institución cando Francisco Fernández del Riego toma a presidencia o 29 de Novembro de 1997, despois da interinidade de Antón Fraguas. O historiador ocupou o cargo de tesoureiro pero en pouco tempo destacou como un dos membros máis activos e comprometidos co dinamismo da Academia.

A dirección de Del Riego impuxo un ritmo distinto a á institución. Apurouse a celebración dos ingresos de Ramón Lourenzo, Francisco Fernández Rei, Antón Santamarina, Xosé Luís Franco Grande, Andrés Fernández-Albalat e Xaime Illa Couto que se converteron en académicos baixo a súa presidencia. A aprobación dos estatutos significou unha ampliación do número de académicos que pasou de 25 a 30 e o presidente manifestou sempre a súa vontade de cubrir o antes posíbel

todas as vacantes. Neste sentido, nomináronse e entraron os escritores Xosé Luis Méndez Ferrín, Xohana Torres e Xosé Neira Vilas —unha das demandas históricas era unha maior presenza de representantes da literatura— e a peche de etapa están pendentes de ler o seu discurso de entrada Rosario Álvarez e Díaz Fierros e dúbidas cadeiras quedan por cubrir, unha pola ampliación e outra vacante tras a morte de Marino Dónega.

Unha maior atención pública

Unha das últimas actuacións públicas de Xosé Ramón Barreiro como tesoureiro aconteceu no acto de recepción do legado do músico Pascual Veiga o pasado outubro. Xa daquela o historiador fixo balance dunha época ao mentar ao respecto que a Academia recibira ademais durante a presidencia de Del Riego os arquivos de Martínez Salazar, Ma-

nuel Casas, Vilar Ponte, Bugallal e Neira Vilas e Anisia Miranda. A ninguén se lle escapaba naquel momento que o balance que Barreiro elaboraba deixaba á vista a súa vontade de presentar á Academia como unha institución que experimentou unha maior apertura e levantou máis atención nos últimos catro anos e mostrase asimesmo como herdeiro desa liña encetada por Del Riego.

Se a imaxe da época de García Sabell continuará a ser a toma por parte duns setenta escritores da sede de Tabernas en 1987 para pedir a súa dimisión, a memoria de Del Riego significará, por distintas razóns, o tempo no que novas esperanzas se deitaron sobre a Academia. A entrada dalguns dos escritores máis populares da nosa literatura como Neira Vilas, Ferrín ou Xohana Torres, o feito de que o propio presidente se dirixira aos directores dos medios de comunica-

ción reclamando unha maior presenza do galego ou, en especial, o debate sobre o acordo normativo foron algúns dos feitos que puxeron a atención pública sobre a institución sita na rúa Tabernas. A nova directiva atoparase coas numerosas solicitudes de diversas entidades e particulares para que se retome o tema do consenso ortográfico botado abaixo o 17 de Novembro.

Despois da reunión extraordinaria do 20 de decembro, espérase que a Academia convoque a súa primeira xuntanza ordinaria xa coa nova directiva para a segunda semana de xaneiro do 2002. Serán diversos os temas que daquela se levarán á reunión pero espérase que cando menos unha das dúas vacantes teña daquela un nome propio. Os escritores Camilo Gonsar e Manuel María son os que se postulan como candidatos ás próximas nominacións. ♦

O FÍS DA LINGUA

Informática

HENRIQUE HARGUINDEY

acaíría substituír ese *clicar* por *chiscar*.

No vocabulario informático, moitos termos son na maior parte das linguas simples adaptacións do inglés, e non se trata de traducir por traducir se non hai un termo autóctono expresivo e equivalente. Por iso non se me ocorrería propor a substitución do *hard* (de *hardware*) aínda que exista unha *conexión galega*.

Efectivamente, o inglés *hard* e o alemán *hart*, que significan “duro”, teñen a mesma orixe que o francés *hardt* (“rexo, valente”). Este último significado é o que

se estendeu a outras linguas como o italiano (*ardito*), o catalán (*ardit*), o español (*ardido*) e o galegoportugués (*ardido*).

O bo traballo dos lexicógrafos galegos permítenos contar na actualidade con vocabularios de case todos os eidos e, naturalmente, temos xa un léxico informático moi elaborado. Isto non quere dicir que non se poida discrepar nalgún termo concreto. A min paréceme pouco axeitado o substantivo *icona* en vez de *o icono*. Claro que, se cadra non é creación dos lexicógrafos da informática pois

os dicionarios acólleno para denominar a “imaxe relixiosa en pintura ou relevo, característica da Igrexa ortodoxa”. *A icona* desperta en galego asociacións non exclusivamente forestais que producen interferencia e rexouba. ¿Por que non *o icono*? Igual que o portugués *o microfone* e *o cone* -a figura xeométrica- son para nós *o micrófono* e *mais o cono*, ao portugués *o ícone* debería corresponderlle *o icono*. Naturalmente, podemos aínda aliñarnos máis co portugués, pero nunca teríamos a *icona*.

Como se, seguindo o inglés, optamos co portugués por *computadora* (coma outros linguas, tal o italiano que nin sequer adapta senón adopta directamente *computer*) fronte ao modelo francés (*ordinateur*) que dá *ordenador*.

Eu confeso que prefiro o último termo. Igual confío en que poña *orde na dor*. ♦

Esoutro día, falando de internet, emprequei o verbo *clicar*. Fíxeno de forma espontánea, sen pensar, aínda que supoño que o tería oído algunhas veces. A palabra está tirada do inglés *to click* que parte da onomatopea *click*, un ruído corto e lixeiro. Despois cavíle en que en galego temos unha palabra próxima que podería traducir ben o sentido de “premer fugazmente no botón”: *chiscar*. O noso verbo significa “pechar e abrir rapidamente o ollo, en xeral para transmitir un sinal” e tamén o aplicamos —seguramente por extensión— a “emitir luces rápidas e fugaces un foco luminoso (linterna, lámpada, etc)”. A maiores tamén se emprega para sons: “chascar lixeiramente ao bater un obxecto con outro”. Tanto polo sentido de “abrir e pechar rapidamente” como o de “ruído lixeiro e rápido” penso que

A desaparición da peseta

MANUEL CAO

A escasos días de que o euro sexa a nosa moeda a todos os efectos, temos que dar por terminada a traxectoria da peseta e facémolo sen reservas nin pesar polo seu pasamento. O euro pode supoñer o maior avance na integración europea nos aspectos sociais, políticos e institucionais contribuíndo de facto á creación e consolidamento dunha cidadanía europea consistente de selo e interactiva nas súas relacións. O feito de que a presidencia rotatoria da UE coincida na persoa dun líder tan contrario ao proceso de construción europea como J. M^o Aznar non ha de afectar ao avance do europeísmo e a democratización das institucións europeas pero sí ao seu ritmo. Na actualidade, é fácil percibir á dereita española neofranquista nas políticas elaboradas e implementadas polo goberno Aznar e estes grupos saben ben que a perda de control da política monetaria é unha arma irreversibelmente perdida que, noutras épocas, serviu para manipular as institucións monetarias e financeiras públicas en beneficio dunha elite dirixente corrupta que non dubidaba en desvalixar periodicamente aos cidadáns mediante a evaporación ou confiscación dos seus recursos financeiros para manter as redes do poder institucional.

A disposición e utilización do euro por parte de todos os axentes da sociedade civil europea suporá un cambio cualitativo de enormes consecuencias asentado na capacidade da sociedade civil para establecer e modular as relacións económicas e institucionais sen barreiras nen intermediarios controlados polos Estados. As relacións de intercambio económico, comercial e institucional adoptarán, agora sí, o marco europeo, o que forzará á UE a construír e afortalar institucións e normas para organizar e regular a asignación dos recursos públicos e privados na búsqueda dun horizonte de desenvolvemento económico e social sostíbel e máis equilibrado. A chegada do euro ás carteiras e contas bancarias das persoas fará moi real e visíbel a existencia e operatividade das institucións europeas minimizando dende ese momento o poder efectivo do Estado Central que para o cidadán corrente representa a fonte creadora e manipuladora do diñeiro.



O euro entra en vigor o 1 de xaneiro e a peseta desaparece definitivamente o 28 de febreiro.

‘A dereita española nunca foi europeísta pois sabe que o seu modelo é incompatíbel con máis Europa’

Os principais cambios da europeización monetaria virán da facilidade comparativa en prezos, salarios, beneficios e orzamentos entre as diversas actividades e institucións da UE que se verá acrecentada pola presión dos axentes políticos e sociais, pola actuación de empresas buscadoras de novas fontes de rendas e actividade económica e pola información proporcionada polos diferentes medios de comunicación. A percepción de que a dinámica de emisión e control do valor do euro non corresponde, nen sequera tanxencialmente, ás institucións centralizadas en Madrid, tipo Banco de España ou Goberno central, traducirase no imaxinario colectivo nunha perda inexorable de poder simbólico desas institucións diante da sociedade española. A burocracia político-administrativa haberá de gañarse o seu papel dominante na dirección política e mediática con algo máis que apelacións ao *patriotismo constitucional* e manipulación dos medios de comunicación. Se o euro substitúe á peseta é para quedarse e coa nova moeda han de vir directrices na actuación económica dos poderes públicos, mecanismos de organización democráticos e asentados no principio de subsidiariedade, sistemas de goberno asentados nos principios de respecto das liberdades individuais e colectivas a na asunción de responsabilidades para os políticos e cargos institucionais. O referente madrileño apoiado na disposición monopolista do aparato do Estado revelarase como feble e ineficiente no nivel europeo e será imposible pexar e coartar as preferencias das nacionalidades históricas que queiran participar directamente na UE. A dereita española nunca foi europeísta pois sabe que o seu modelo é incompatíbel con máis Europa. ♦



Ao contrario do acontecido en anteriores citas, os medios de comunicación difundiron só imaxes dos incidentes da manifestación do día 14. Na foto, participantes belgas na convocatoria da ATTAC.

Trinta mil persoas na convocatoria antiglobalización de Bruxelas

A.N.T. Mentres os quince mandatarios europeos discutían sobre como distribuír as axencias, presentar patentes e repartir investimentos para o proxecto Galileo de telecomunicacións, milleiros de persoas convocadas polas ONGs e pola ATTAC desfilaron polas rúas céntricas de Bruxelas o venres 14. Perto de trinta mil persoas demandaron aos reunidos en Laeken “outra Europa noutro mundo”.

Os convocantes desta marcha contra a globalización do neoliberalismo deron a mesma consigna que acostuman: non responder ás posíbeis provocacións da policía e non saírse da ruta preparada para a manifestación. Saben que o carácter pacifista destas mobilizacións incide directamente na resistencia do movemento. Sen embargo, advirten nas ONGs que as protestas xa non acadan a mesma repercusión nos medios de comunicación despois dos atentados do 11 de Setembro. Resáltanse máis os incidentes como a rotura de cristais en catro sucursais bancarias. A foto, entón, está asegurada. O máis reconfortante

foi o apoio recibido por parte de viandantes e comerciantes ao paso da manifestación.

Por outra parte, os movementos anarquistas celebraron a súa propia protesta ao se-

guinte día. Máis de cinco mil belgas, holandeses, franceses, españois e latinoamericanos requirieron “xestionar a nosa vida, para unha sociedade sen dominación nen explotación”. Ao remate unha festa na rúa dentro dun barrio achegado á Estación du Midi, no que viven moitos inmigrantes españois e magrebíes. O balance negativo da manifestación: 50 detidos e tres feridos, un policía, un manifestante e un viandante. ♦

Constitución común no 2003

Dunha síntese do Tratado da UE e da súa Declaración dos Dereitos Humanos sairá unha constitución común para todos os europeos. A ese acordo chegaron os xefes de Estado e de Goberno reunidos en Laeken. Os representantes belgas, os máis satisfeitos pola decisión

que pon punto e final a súa presidencia da UE para deixar paso a España no primeiro semestre do 2002. Ao fronte da comisión que elaborará un proxecto de texto constitucional para 2003, o ex presidente conservador de Francia Giscard D’Estaing. ♦

Coincidindo coa reunión dos primeiros ministros Os sindicatos europeos reunen a 80.000 manifestantes

A.N.T. Sindicalistas e ONGs coincidiron en Bruxelas para demandar unha Europa máis social. A reunión dos quince xefes de Estado e Goberno da UE en Laeken motivou actos paralelos do 13 ao 15 de decembro. Os primeiros foron os sindicatos, que reuniron a 80.000 persoas. Demandaron emprego real ante a crise económica xurdida desde setembro.

A Confederación de Sindicatos Europeos reuniu a 80.000 persoas o xoves 13 de decembro.

Prioridade ao emprego e políticas sociais foron as demandas dirixidas aos reunidos en Laeken. Xesús Seixo, secretario xeral da CIG, viaxou á capital belga xunto a outros tres membros da central nacionalista conformando a única representación galega. Aínda non está integrada na CES, pero esta central sindical actúa como colaboradora e convocante. “Con esta manifestación reclamamos o emprego real e non a defensa en exclusiva dos intereses do capital transna-

cional. Hai que resaltar o poder de convocatoria que continúan aínda a ter as centrais sindicais en Europa”, sinala Seixo.

Támén estiveron presentes en Bruxelas os secretarios xerais de UGT e CCOO, Cándido Méndez e José María Fidalgo. Ambos aproveitaron para demandar de José María Aznar, cara a súa próxima presidencia da UE, que dirixa a súa estratexia ao pleno emprego e deixe de concentrar os seus esforzos na consecución do “déficit cero”. ♦

As ETTs recoñecen que segue medrando a temporalidade laboral

A.N.T.

As empresas de traballo temporal (ETT) recoñecen que a temporalidade nos contratos laborais segue en aumento, segundo un informe presentado pola Asociación de Grandes Empresas de Traballo Temporal (Agett). En 2000, este tipo de contratos atinxiu un tercio dos asinados. Despois de seis anos de establecemento no Estado español, as ETTs só xestionan o 16 por cento dos contratos temporais

O informe destaca que a introdución dos traballadores temporais contratados por ETTs no mercado laboral non cumpre, polo de agora, a función de converter a temporalidade en contratos indefinidos. Arestora, só o 30 por cento dos traballadores que atopan diferentes traballos durante un ano nunha ETT acaban asinando un contrato indefinido con algunha das diferentes empresas para as que traballou. Para a Agett, a alta temporalidade vai parella coa taxa de

ocupación dos menores de 25 anos, do 34,7 por cento en 2000, unha das máis baixas de Europa. Nos contratos xestionados por ETTs, normalmente os máis precarios, pola súa curta duración, a regra de desigualdade entre xéneros diminúe drasticamente e o emprego ofrecido ás mulleres está case ao nivel do dos varóns.

No referente a Galicia, o informe recoñece que o Inem rexistrou 59.800 contratos a través de ETTs, o que supón o 5 por cento de todos os que se asinaron



Só o 30% dos traballadores de ETTs acaba tendo un contrato indefinido.

PACO VILABARROS

no conxunto do estado. Son as provincias con maior actividade e os sectores da industria e os servizos os que asimilan maior cantidade de contratacións temporais por este sistema. ♦

Realidade obreira e táctica sindical

LUÍS BURGOS

As reformas laborais introducidas a partir de 1984 ian destinadas a recortar os dereitos laborais en liña coa estratexia da dereita social e económica. A lei 12/2001 de 9 de xullo reincide nesa estratexia, posibilitando unha maior utilización abusiva do contrato a tempo parcial, ampliando o contrato de formación a extranxeiros e a colectivos de maior idade e ampliando o despedimento máis barato a practicamente todos os novos contratos.

Pois ben, o anteproxecto de lei sobre a reforma da negociación colectiva, retirado polo goberno a finais de outubro, estaba destinada a ser o elo

máis importante desa estratexia ultraliberal, debido aos seus efectos directos tanto no aumento do poder empresarial como na perda de influencia real dos sindicatos na empresa. A operación era de tanta envergadura e consecuencias que, en palabras de Rodrigo Rato, queda en suspenso, inda que o goberno espera –e víxíá– que os axentes sociais cheguen a un acordo de moderación salarial e ao establecemento de criterios e orientacións para a renovación dos convenios do próximo ano.

Mentres semella que as organizacións empresariais teñen unha estratexia clara que aplican sen presa, pero sen pausa, todo o mundo pode constatar a falla de contestación social que esa aplicación está a ter nas organizacións sindicais que se consideran maioritarias. Diante desta última reforma tan só se convocou folga xeral na Galiza, e isto dependeu da CIG.

É verdade, e salientábel, que UGT estaba pola folga xeral en todo o Estado español, pero a súa actitude foi sempre máis política que real, porque falla o traballo previo necesario e o posicionamento sindical adecuado, tanto nas centros de traballo como a nivel global, fronte ao modelo económico neoliberal.

Pero, o caso das CCOO de hoxe é pa-

tético. Nese intre, non só non se opón realmente á reforma laboral, senón que desactiva a mobilización coa sinatura dun Acordo de Pensións, que máis alá dunhas pequenas melloras, hipoteca e renuncia aos grandes cambios que son necesarios para garantir o mantemento do sistema de

pensións e o incremento do gasto en protección social. A aposta da actual dirección por conseguir arrincar calquer mellora alí onde sexa posible, significa, en senso contrario, que non está a propoñer nengunha batalla nena alternativa mobilizadora naqueles aspectos onde a negociación

é máis difícil ou complexa proque ten máis alcance. Os resultados son así, por forza, moi pobres porque para negociar hai que apoiarse na presión e esa presión non é doada de conseguir se as demandas que se propoñen non están cargadas de razón e teñen caldo social e perspectiva dabondo.

Despois dun longo camiño dos sindicatos españois a prol da moderación, da despolitización, da desmobilización e da negociación claudicante, o certo é que a situación laboral ven empiorando progresivamente en canto a salarios (que se mantiveron ou baixaron nunha época de bonanza económica) en canto a xornada (que realmente aumenta) e en canto a simietralidade laboral (que se dispara escandalosamente).

As melloras habidas no tocante ao emprego, deben matizarse pola altísima taxa de precariedade e polas perspectivas actuais dun notábel incremento do paro, que será moito máis alto alí onde reñen as piores condicións laborais, como no sector servizos, e nos colectivos máis precarizados, como a mocidade e as mulleres.

Con seguridade, botarlle a culpa de todo a estes sindicatos é demasiado simple. A falla de renovacións dende a base social (que nada ten que ver coas controladas renovacións xeracionais de “axentes sindi-

cais” ou de “técnicos” sen experiencia laboral e reivindicativa), o acomodo das estruturas sindicais e o peso obxectivo e subxectivo dunha certa profesionalización, ou as dependencias económicas e institucionais que proporcionan unha aparente incidencia social e política do sindicalismo, poderían servir para explicar en parte unha acción sindical temerosa de saír malparada dunha confrontación fronte á patronal e fronte ao poder político.

Pero xa dixen noutras ocasións que isto hai que poñelo en relación –como a pescada que se morde a cola– coa temporalidade, coa fragmentación da clase traballadora, coa dualización das condicións de traballo nas empresas, co impacto desorientador e desmobilizador do pensamento único, co papel dos medios de comunicación e coa ameaza directa e poderosa dunha patronal agresiva que non dúbida en buscar a desaparición de calquera sindicato que non pase polo aro. Sería demasiado simple, ademais, porque algunhas destas cuestións tamén afectan, na medida correspondente, a sindicatos que, como no caso da CIG, souberon acadar ata agora un notábel grao dedesenvolvemento.

Por iso penso que na perspectiva dun futuro próximo, de empioramento do emprego e das condicións de contratación, vai ser moi necesario buscar espazos de cooperación entre o movemento sindical organizado para reconducir ou reconstruír unha acción sindical reivindicativa de masas fronte ao capital.

As contradicións entre nacionalismo e españolismo, e entre sindicalismo de clase e sindicalismo institucional ou de acompañamento, non son invencións, senón realidades que dificultan a posibilidade de atopar eses espazos de traballo común. Esas contradicións están na base das organizacións e no conxunto da clase traballadora e hai que enfrontalas. Pero tamén é certo que o vitimismo e o radicalismo verbal non soen

ofrecer nengunha saída e mesmo chegan a ser actitudes perigosas tanto pola autoxustificación que comportan como pola descalificación absoluta do adversario, o que provoca, á súa vez, a autoafirmación de cada espazo político-sindical e a preservación dos compartimentos estancos no movemento obreiro. Como sucede a miúdo, o camiño máis doado é tamén o máis inútil.

O comportamento de “enroque” ante as dificultades non é case nunca entendíbel polas persoas que necesitan da actividade militante e, sen embargo, soe abrir a caixa de pandora que toda organización postúe para dar así paso a dinámicas internas que, ao mesmo tempo que merman a capacidade de acción social (procesos de depuración directa e indirecta), procuran afortalar o máis burocrático, estático e vello da estrutura organizativa.

Para reconstruír a acción sindical reivindicativa ante a nova situación económica e social que se avexiña, a CIG, ten unha ventaxa. Porque ademais dos seus referentes ideolóxicos e políticos, sen dúbida importantes para asumir un papel de vangarda, ten aprobado no último Congreso unha morea de propostas congruasais, globais, e concretas, que necesitan doutras organizacións, sindicais e non só sindicais, para situalas na escea social. Estas propostas, desgranadas no relatorio aprobado no

‘O vitimismo e o radicalismo verbal non soen ofrecer nengunha saída’

III Congreso, abranguen variados e diversos eidos de actuación e son, ao meu entender, a base sobre a que asentarse, en positivo, a unidade de acción que en cada intre é necesaria para erguer mobilizacións con capacidade de conquista a prol de demandas laborais e sociais de certa profundidade. E se, cando se trata de reivindicar e de loitar, hai que buscar “amigos” fora da casa, nen que decir ten que dentro dela todo son necesarios. ♦

LUIS BURGOS DIAZ pertence ao Gabinete Técnico da CIG.



A demanda interna ralentizou o crecemento da economía.

A.N.T.

O chantadino Francisco González, presidente do BBVA

O chantadino Francisco González é desde o martes 18 de decembro presidente único do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, tras a marcha do co presidente Emilio Ybarra, que xustificou o adiamento do seu abandono para non quebrar a xestión do segundo banco do Estado ante a crise que se aveciña.


En medios nacionalistas bascos existe o temor de que Francisco González incline a entidade en favor de Madrid, xa que no seu día foi nomeado por Aznar presidente da Argentaria que, tras privatizarse, fusionouse co BBV. Con todo, nomeou conselleiro delegado a un home do BBV.

Nado hai 57 anos na parroquia do Convento (San Salvador de Asma, Chantada), de neno emigrou cos seus pais á Arxentina. De voltas, xa mozo, coñeceu o alcume de Paquiño o Arxentino, aínda que pronto marchou a Madrid a traballar de técnico electrónico na ITT.

sátiles. En 1996 vendeu a empresa por 3.000 millóns Merrill Lynch. A venta coincidiu coa chegada ao poder de Aznar, que debido á súa amizade co presidente das caixas de aforros, designouno presidente de Argentaria para substituír a Francisco Luzón e privatizar o banco.

Fixo ben os deberes e só mirou para a peseta na xestión do banco. Despois, como resposta á concentración do Banco Santander Central Hispano, deixouse facer as beiras polo BBV para unha fusión. Acordou con Ybarra substituílo en dous anos, aínda que o basco adiantou nuns meses a súa marcha para que a sucesión non condicionase os axustes que precisa o banco para afrontar a crise. ♦

A caricatura alude á paixón polo fútbol de Francisco González na súa mocidade chantadina.



PEPE CARRERO

A caída do PIB confirma a desaceleración da economía española

RAMÓN MACEIRAS
O Producto Interior Bruto (PIB) do Estado español caíu ao 2,6% no terceiro trimestre respecto ao mesmo período do ano anterior, segundo dados da Contabilidade Nacional difundidos polo Instituto Nacional de Estadística (INE). Esta cifra é tres décimas inferior á rexistrada durante o segundo trimestre do ano -revisado desde o 3% inicial ao 2,9%- e seis décimas menor que a do primeiro trimestre.

O INE indica que estes datos mostran que a economía española continúa a desaceleración iniciada no segundo trimestre do 2000. Desde a perspectiva da demanda e respecto ao trimestre anterior, tanto a demanda interna como as importacións e exportacións de bens e servizos rexistraron unha evolución máis negativa.

Así, a demanda interna medrou un 2,8% fronte ao 3% do período anterior, as exportacións de bens e servizos fixeron un 2,2% fronte ao 4,3% e as importacións un 2,6% fronte ao 4,3%. Debido á desaceleración das exportacións e importacións, a demanda externa tivo unha aportación negativa de 0,2 puntos, unha décima negativa máis que no

trimestre anterior.

O menor impulso da demanda interna baseou-se, principalmente, na desaceleración do investimento, que medrou un 2% fronte ao 2,9% do período anterior, xa que o gasto en consumo final dos fogares mantivo unha "virtual estabilidade" cunha medra do 2,5% fronte ao 2,6% rexistado tres meses antes. O gasto en consumo final non variou respecto ao trimestre anterior e medrou un 2,8%.

Segundo o INE, a evolución do gasto dos fogares podería estar motivada polo incremento de circulación de diñeiro que xerou o troco de moeda. ♦

Individualista, intelixente e traballador, estudou Económicas e foi corredor de comercio primeiro e axente de bolsa despois. Foron os tempos nos que pasou a ser FG, nos que fundou FG Invertementos Bur-

BRUXELAS

As cuotas chegan á pesca

XAVIER QUEIPO

Unha nova modalidade de xestión pesqueira é apresentada polo ministro Cañete como óptimo sistema. A experiencia noutros países non di o mesmo.

O Ministro Cañete fala e non para de falar sobre as cuotas individuais transferibles (ITQ na xiria pesqueira internacional). Fala o Ministro deste sistema como alternativa ao actual sistema de xestión pesqueira e sobrancea entre as súas vantaxes a sa planificación empresarial a longo prazo.

A FAO no seu glosario de termos técnicos (accessibel no enderezo www.fao.org) define as ITQ como unha cuota (en cantidade ou porcentaxe da captura total permitida) asignada a un individuo, a un barco ou a unha compañía, que pode ser vendida ou intercambiada con outros. En definitiva; é un sistema deseñado directamente para limitar a captura ou os desem-

barcos a través de cuotas; o que se coñece como control de saídas ou de outputs. Este tipo de sistemas das saídas son os que se veñen utilizando na xestión de pesquerías na UE cos resultados coñecidos de sobrecapacidade de pesca, exceso de capitalización, sobrepesca e sobreexplotación dos recursos.

O que o Ministro non dí é que non hai tal novidade. As cuotas individuais transferibles xa foron experimentadas con resultados diversos (segundo lle vaia na feira a quen os comente) en Islandia, Nova Zelandia, Australia e outros países da órbita neoliberal.

Como efectos non desexábeis destas cuotas individuais

transferíbeis, ademais da percepción social dunha apropiación polos particulares dun recurso público (que é máis un problema ético ou filosófico que estritamente económico) está o incremento dos descartes ao escoller os pescadores o mellor das súas capturas para non sobrepasar as súas cuotas individuais, unha

acumulación de dereitos de pesca nas mans das compañías máis poderosas (en detrimento dos armadores menos solventes economicamente) e unha posibilidade certa (se non se lexisla no contrario) dun dominio monopolista do mercado de venda de peixe por unha ou varias compañías (algunhas delas mesmo non necesariamente ligadas ao sector da pesca). Todo isto sen que os postos de traballo estean asegurados e sen que as poboacións costeiras teñan garantido o acceso aos recursos que están nos seus caladeiros tradicionais nin a continuidade na actividade pesqueira. Non me dirá o señor Ministro que esta é unha medida de protección dos recursos. ♦



António Guterres, esquerda, presentou a dimisión ao presidente Jorge Sampaio, á dereita.

Recesión con forte suba de prezos contra un salario mínimo de 65.000 escudos

Voto de castigo para socialistas e comunistas en Portugal

G. LUCA
A impopular onda de privatizacións, un forte encarecemento da vida e un salario mínimo de 65.000 Escudos están detrás da derrota de António Guterres. Na despedida, o primeiro ministro alentou o restablecemento da confianza nas institucións políticas, despois do escándalo parlamentari da Fundación para a Prevención que obrigara ao goberno a sucesivos trasacordos.

Socialistas e comunistas apañaron unha votación de castigo en toda regra. En plena recesión e cos prezos en alza, o PSP deu probas dunha completa insensibilidade para os problemas da maioría que, segundo a receita clásica, esperan remediar aumentando a riqueza dos que xa son inmensamente ricos.

Os pequenos comerciantes de Porto, por exemplo, en pé de guerra contra a instalación do *Corte Inglés* receberam do partido de Guterres trato de provincianos, incapaces de comprender o progreso que representa a transnacional española.

Doutra parte, o traspaso á Fundación para a Prevención das

campañas públicas sobre a seguridade no tránsito rodado, puxo en mans privadas a determinación do nivel de alcolemia penalizábel máis baixo da UE o que alporizou aos produtores de viño. Os bombos mediáticos da dereita non perderon nen un só compás do baile do goberno entre o 0,2 e o 0,5 de alcol nun animado concurso de mentiras e renuncias na bancada de Guterres.

Factura dun reforzo pola esquerda

O líder comunista Carlos Carvalhas apostara nas legislativas do

2000 por forzar ao goberno socialista a prol das rendas máis baixas e facer do CDU a chave da Asembleia para o PSP non caer nas mans do bloque da dereita como é a súa querencia. Nesta estratexia o CDU veu respaldando moitas propostas de lei socialistas a instáncia do grupo dos *Reveladores*, que defenden a parcería co PSP para evitar a carreira socialista cara a dereita. A perda de 14 presidenciais de cámaras, algunhas delas de valor emblemático para os cunhalistas coma Évora, Grândola, Barreiro ou Loures foi minimizada por Carlos Carvalhas pero representa unha factura que lle

pasa o eleitorado por axudar ao PSP. O líder comunista explicou que en 12 dos 14 concellos perdidos, a caída de votos non chegava a 9.000 o que significa que os votos dos socialistas correrón á dereita. Pola contra, os comunistas tiveron un excelente resultado en Setúbal, onde se fan coa presidencia da cámara.

Os socialistas perderon Lisboa e Porto. Os mellores resultados do PSP foron os de Braga, Viana e Guimaráes, nos que conservan a dirección das cámaras.

Despois de Jorge Sampaio aceptar o día 17 a dimisión de Guterres e de comezar consultas para convocar eleccións anticipadas, a dereita representada polo PSD de Durão Barroso declárase disposta a liderar un goberno conservador co concurso de CDS-PP.

A réplica dos socialistas ao momento de glória de Durão Barroso non pode ser máis convencional ao anunciar o renovamento a traveso da súa cabeza de cartel máis a esquerda, o socialdemócrata Ferro Rodrigues. En cousa de horas, a resposta da dereita do partido representada por António Victorino e o sucesor previsto de Guterres, Jorge Coelho afogou a operación. Na cuarta feira, Guterres tirou unha nova carta da manga ao facer correr o nome de Jaime Gama, o ministro de exteriores, histórico do PSP e quen mellor pode salvar a cara socialdemócrata do partido, metido até o fondo nos xardíns da Escola de Chicago.

Na antesala das legislativas, o PP de Basílio Horta trabouse en rifa na Asembleia co representante do PSD a conta das representacións de cada partido en Porto, Coimbra, Sintra ou Cascais. Previamente, o secretario xeral do PSD, José Luis Amaut fixera un canto ao trunfo do partido e pediu a laureada para o presidente Durão Barroso. Hora lembrou indignado que as cámaras pasaran a mans da dereita mercé a intervención dos seus. Dende as bancadas do PSD os deputados gritaron *Lisboa, Lisboa*, en alusión a súa vitoria en solitario na capital.

Para os pésimos resultados do PCP no Alentejo, lémbrese que a agricultura do Sul reventada no esmagador proceso de privatización executado por Cavaco e polos socialistas despois do 25 de Abril, é un asunto eleitoral candente, esquecido polo goberno Guterres. Na campaña para as legislativas do 2000, o asunto central volveu ser a reforma agrária. ♦

MADRID

O goberno manda mensaxes de marcha atrás

MANUEL LOMBAO

As voces do PP neste fin de ano mostran o triunfo da idea do 'non nos moverán'

Non Nadal e na fin de ano é costume que os nosos persoeiros dirixan as súas mensaxes aos súbditos/cidadáns. Será por iso que nestes días eu estou coas orellas máis atentas para poder captar todas as sinais que emitan dende as altas tribunas. E velaquí o resumo das miñas notas tomadas directamente do primeiro ministro ou dos seus voceiros: non hai xente de ideas ou actitudes radicais, todos son terroristas; non hai demócratas que disentan da LOU, hai "progres trasnoitados"; non houbo marcha sobre Madrid de trescentos mil cidadáns, houbo "un lío"; non hai exercicio li-

bre da oposición, hai deslealdade; non hai dereito a exercer competencias por parte das Autonomías aplicando, ou non, o tramo correspondente do imposto das gasolinas, hai que roelo se se

queren recibir os cartos da sanidade; non se pode falar da reforma da Constitución, nin do modelo de Estado, hai que ter a firmeza dos conversos; non é tan certo o artigo 2º desa Constitu-

ción, España é unha e grande; non se pode reformar a Lei do divorcio nin constituir no Congreso unha subcomisión sobre a eutanasia, ata aquí podíamos chegar. Non hai que agrandar a un con-

greso para eleixir ao secretario xeral dun partido, con unxilo "coram pópulo" un mes antes, abonda; non hai que consentir que un "esquerdoso" se sente na sala Segunda do Tribunal Supremo -Sala do penal- por máis que sexa un penalista de prestixio e veña de ser Presidente da Audiencia Nacional, hai que mandalo "castigado" á Sala do Civil rompendo unha tradición histórica.

O resumo das mensaxes deste Nadal 2001 podería ser: non nos fagamos ilusións, estes non se inmutan, gústalles cantar aquilo que nós cantábalos no 68: "Non nos moverán". ♦



As folgas véñense repetindo na Argentina desde a chegada de De la Rúa pero aumentan a súa forza ao tempo que se fraxiliza a economía.

Arxentina parou en demanda de cambios na xestión económica De la Rúa abrázase a Ménem para frustrar a folga xeral

A.N.T. A grave crise económica que vive Arxentina obriga a estrañas alianzas na procura dunha estabilidade política que non pode existir. O pasado xoves, 13 de decembro, os principais sindicatos convocaron unha folga xeral que foi amplamente seguida. As súas principais demandas son a derogación dos recentes decretos bancarios, que fixeron desaparecer o diñeiro en efectivo das rúas, e a demisión do superminis-

tro Domingo Cavallo. Ao tempo, o presidente da república, Fernando de la Rúa, combinou un encontro co ex presidente Carlos Ménem, na procura dunha alianza estratéxica que lles reste apoios aos partidarios da protesta.

A folga foi organizada ao abeiro dos sindicatos *Central de Trabajadores Argentinos* (CTA) e as dúas ramas da *Confederación General del Trabajo* (CGT). A situación social en Arxentina

está ao bordo do límite e iso púidose comprobar na forma na que se sucederon os incidentes. De la Rúa ordenoulle á policía contundencia para impedir que os manifestantes ocupasen lugares públicos.

No plano institucional, De la Rúa e Ménem iniciaron os contactos para pactaren os orzamentos de 2002. Entrementes, Cavallo anunciou que se comezarán a pagar algunhas pensións, aínda que segue sen se saber quen se-

rán os beneficiados deste "aguinaldo".

Xustamente, a restrición da circulación de cartos está a prejudicar moito os pequenos comerciantes, no mes no que se prevía un maior aumento do consumo por coincidir co Nadal e o comezo do verán austral. As primeiras análises detectaron un grande aumento do paro e unha ralentización de toda a economía que pode levar á miseria absoluta á metade da poboación. ♦

Duras críticas en Nicaragua contra a xestión de Unión Fenosa

A.N.T.

A chegada de Unión Fenosa a Nicaragua supuxo un incremento da factura da luz eléctrica, pero non trouxo consigo unha mellora do servizo. Así o denuncian os principais medios de comunicación nicaraguenses, que acusan a empresa española de manter a dependencia do petróleo na transformación enerxética do país e cargar na cidadanía prezos que non se corresponden coa realidade da distribución de electricidade.

A factura da luz en Nicaragua sobe neste fin de ano un 31,4 por cento. Este aumento é inasumible para a meirande parte da poboación. En Nicaragua, a taxa de desemprego supera o 60 por cento e aínda persiste a fame negra en moitas das súas rexións. Unión Fenosa xa fora acusada de cortar o subministro xustamente cando a situación humanitaria era máis grave.

A empresa eléctrica inclúe na súa factura atributos tales como alumeado público en zonas onde non existe, financiamento de axencias públicas que xa teñen regulado o seu propio orzamento a través dos impostos xerais e taxas por concepto de "comercialización" cando é este o principal cometido que realiza a compañía.

O xornal *El nuevo diario*, criticou duramente a Unión Fenosa por non influir nos produtores de electricidade para buscaren un plano en común que aproveite as moitas posibilidades de enerxía limpa para aliviar a contaminación ambiental actual, que xa creou alarma entre os organismos internacionais. ♦

O cambio político aberto en Portugal os resultados das eleccións municipais adquire a magnitude dun auténtico cataclismo. É o inicio dun cambio total de escenario: o PSD non gañaba as eleccións municipais dende 1985 e as lexislativas dende 1991 (con Aníbal Cavaco Silva). Cunha derrota tan ampla (os socialistas quedan con 98 concellos fronte aos 144 da oposición socialdemócrata) e cargada de simbolismo (perda de Lisboa, Porto, Coimbra, Sintra, Cascais, Faro, etc.) semella impensable, aínda que aritmeticamente posible, a continuidade dun goberno do Partido Socialista sen Guterres. Haberá eleccións parlamentarias anticipadas. Como sinala Vital Moreira no *Público*, un segundo goberno do PS só cabería imaxinalo establecendo un acordo con outro partido que lle proporcionara un mínimo de sustentabilidade. Pero ningún dos hipotéticos aliados está en condicións de asumir ese compromiso. Falemos do PCP ou do PP -reducido xa á práctica marxinalidade-, ambos os dous saíron igual e severamente derrotados destes comicios.

Á vista dos resultados, máis parece que se produciu un voto de castigo xeralizado a unha xestión ca un entusiasmo irrefreábel pola alternativa. As causas concretas son difíciles de explicar. Para

algúns, a chave podería estar na deficiente xestión económica dos últimos anos; para outros, nunha recente e impopular lei que penaliza severamente a condución baixo o efecto de bebidas alcólicas. Pero en Portugal numerosos analistas viñan detectando e denunciando unha situación que José Vitor Malheiros non dubida en cualificar de "cincentismo político". Prado Coelho vai máis alá: "¿Cómo é que se não deram conta de que o país em que viviam se tinha desde há muito transformado num pântano político, sem alma nem rumo, sem paixão nem convicção, entregue à esperteza salaio de técnicos de imagem de gabinete, aos truques desastrosos dos Campelos (deputado do PP que votou a prol dos presupostos socialistas), aos compromissos vergonhosos dos Sasportes da cultura, ás acrobacias para a sobrevivência dos Varas, e assim por diante?". En suma, a ausencia da política.

A crise abre a cuestión da fin do gueternismo e da sucesión. Na grella de saí-

partido de Carvalhas sofre unha importante derrota nas áreas de tradicional influencia comunista. Á baixa en porcentaxe e en número de alcaldías conseguidas súmase a merma do seu poder local en cámaras de gran significado como Loures, Évora, Barreiro ou no distrito de Beja, o corazón vermello da reforma agraria.

No outro polo, Durão Barroso afronta agora o seu momento máis doce, alegremente ensombrecido polo esmagador triunfo do seu principal rival no seo do PSD, Pedro Santana Lopes, unha competencia fratricida que moitos auguran aínda como mortífera a medio prazo pero agora amortecida por un éxito electoral tan amplo como inesperado. ¿Pode cantar vitoria de confirmarse a hipótese dunhas eleccións anticipadas? Está por ver que o triunfo do domingo signifique unha vitoria propia e non prestada pola derrota do PS.

A situación de Portugal despois do 16-D foi excelentemente resumida por Vitor Malheiros: "as eleccións poden parecer clarificadoras, mas arriscam-se a apenas agitar as águas para as deixar na mesma calmaireira". ♦

Cataclismo

XULIO RÍOS

XULIO RÍOS é director do IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional), www.igadi.org

A OTAN prepara a forza multinacional que protexerá o goberno afgán Bush busca inimigos para a primavera

CÉSAR LORENZO GIL
A captura de Ben Laden é o derradeiro obxectivo militar estadounidense en Afganistán. Mentres, os bombardeiros seguen a queimar as Montañas Brancas. Mais para a primavera, os EE UU pretenden iniciar unha nova campaña noutro país.

O presidente dos EE UU, George Bush, colleu unha palla da meda e anda aos grilos nos buratos das Montañas Brancas, na fronteira sur entre Afganistán e Pakistán. A procura de Osama Ben Laden xa se converteu no conto do Nadal, pese a que ao secretario de Defensa norteamericano, Donald Rumsfeld, se lle pon a faciana roiba cando ten que recoñecer que o líder de Al-Qaeda nin está nin se sabe onde se meteu.

Mais a pesar de certo ridículo, o filme de serie B que escribe Bush en Afganistán vai seguindo o guión. Logo do estrambótico vídeo autoinculpatorio que, presumiblemente, filmou Ben Laden en Jalalabad, hai que manter un pouco a intriga diante de poñer o "The end". A diplomacia que dirixe o secretario de Estado, Colin Powell, refregoullos polos fucios aos líderes musulmáns máis críticos as declaracións do saudita e confirmou a súa política de "comigo ou contra min".

Esa fortaleza ao seu favor servíulle a Bush para formular ame-



A pesar de que Occidente recibiu o cambio de goberno en Afganistán como primeiro paso cara a integración das mulleres na sociedade, os xastres de Kabul non deixaron de fabricar burkas.

zas a outros países de cara á primavera. A alta concentración de tropas no Índico e perto do Golfo Pérsico resolve calquera problema lóxístico para iniciar unha nova guerra porque os posíbeis afectados están todos nesa área. A industria militar está encantada coa continuidade dos ataques. No chan de Afganistán estase a experimentar con novas bombas e pulíronse defectos estruturais doutras, como a "tronzamargaridas". Os mercados están a responder

ben a esta inxección de capitais. E polos corredores do Pentágono andan entolecidos os representantes das casas aeronáuticas para aseguraren algunha migalla dos novos modelos que se van desenvolver nos próximos meses.

Ainda non se sabe quen vai ser o vindeiro obxectivo do "ben e a democracia". Para algúns, seguindo a lóxica de que Afganistán era o país máis pobre do mundo, o próximo en ser atacado debería ser a caótica Somalia,

que ocupa o segundo lugar en tan deshonrosa lista. Mais a Rumsfeld gústalle máis Irak porque a campaña de propaganda na súa contra está moito máis avanzada.



O retorno do rei

Malia que o filme que levará este título na saga do Señor dos Aneis non chegará ata o Nadal de 2003, en Afganistán está todo previsto para reinstaurar na coroa o monarca Zahir Sha. O primeiro mi-

nistro interino, Hamid Karzai, falou con el en Roma para preparar o protocolo da súa viaxe a Kabul ao tempo que a Unión Europea perfilaba en Bélxica a forza multinacional que, seguramente baixo mandato da OTAN, protexerá o goberno dos desexos persoais dos adais da Frente Unida.

O labor de converter o campo minado de Afganistán nalgo parecido a un estado non vai ser doado. Cada señor da guerra puxo a andar xa o seu propio mecanismo de poder nos territorios controlados polas súas milicias privadas. Moitos deles xa asinaron pactos coas mafias ex soviéticas ou iranianas para restablecer o mercado do opio. Por experiencia nos Balcáns, por exemplo, saben que os militares que tomen o control en Afganistán non van ser un atranco para o florecemento deste negocio.

Entretanto, as organizacións humanitarias seguen a pedir axuda urxente. Os convois de alimentos e menciñas non son suficientes para impedir a fame negra que se estende desde os campos de refuxiados de Pakistán ata as cidades e aldeas do centro e sur de Afganistán. Os tremendos bombardeos norteamericanos e o abandono de calquera actividade agrícola deixaron nas mans da solidariedade internacional na reconstrución estranxeira. Velaí o novo gran negocio para a industria occidental. ♦



Manuel María OBRA POÉTICA COMPLETA

Tomo I (1950-1979)
748 páxinas

Tomo II (1981-2000)
728 páxinas

50 anos de poesía

Tamaño: 160 x 240 mm.
Papel: Editorial con óso de Torres 90 grs.
Encadementación: Cartoné; no cruzado. Gusóns a cor.
Cuberta: Tapa dura. Costureomía. Plástico brillo.

A voz poética de Manuel María, sublimemente temperada na seiva popular e ao mesmo tempo de afinación culta e vangardista, contén en si mesma a chama das verdades expresivas que van directamente ao corazón dos lectores. Melancolía, incirura e soledade, amor á natureza e fino intimismo, sentido ético e realismo crítico son marcas que percorren o longo e intenso camiño lírico do noso poeta.

ler é ser
O mellor agasallo son os libros



EDICIÓNS ESPIRAL MAIOR
Rúa Xeneral Sanjurjo, 148, 1º
15110 A CIBURGA
Teléf. 981.17.10.78
C. E.: espiralmaior@cmiga.es

A excelente tempada do Liverpool dálle o balón de ouro a Owen Nike tíralle a Adidas o premio da Fifa

CÉSAR LORENZO GIL

O inglés Owen gañou o balón de ouro e o portugués Figo é o novo mellor xogador da Fifa. Ambos os premios déronse na mesma tarde. Detrás das súas escollas, persiste a guerra das marcas por póreren as súas figuras no máis alto e aseguraren mellores vendas.

Figo terá a honra de levar o título de mellor xogador do mundo durante este ano, mercé aos votos que alcanzou dos seleccionadores de todo o planeta. Xusto no intre de entregar o balón de ouro que levará durante o 2000, a Fifa encumia o portugués e fortalece, por unha banda, a selección portuguesa e, pola outra, o papel do Real Madrid nas competicións europeas.

Finalmente, Adidas tivo que se conformar con ser o patrocinador do equipo no que xoga Luís Figo: o Real Madrid que é arestora a xoia da coroa desta marca. A transnacional francesa contaba con todas as bazas para converter algún dos seus patrocinados no mellor xogador da Fifa, tal e como fixera o ano pasado, cando o galardón recaeu en Zidane, xusto no momento máis doce da súa carreira e a piques de asinar o contrato co Madrid. Mais a Fifa tiña moitos compromisos coa Nike, grande ausente dos magníficos contratos de representación do organismo deportivo, pero potente buque insignia da revolución que supuxo o aumento dos salarios aos futbolistas a través dos seus substanciosos contratos de imaxe.


O luso Figo é un valiosísimo xogador, que está a demostrar no

Madrid todo o seu valor e que serve de imaxe insubstituíbel para a futura edición da Eurocopa, que se celebrará en Portugal en 2004. A difusión internacional da figura de Figo e as expectativas da selección lusa de cara ao Mundial do Xapón e Corea son a mellor publicidade para un campionato de seleccións que xa comezou a súa promoción internacional.

É curioso que Figo tivera que facer a ponte aérea desde Barcelona para atopar o seu apoxeo. O Madrid é un equipo con mellores contactos entre os dirixentes do fútbol internacional e o duplo interese de Nike e Adidas por se asegurar unha parcela da súa imaxe beneficiouno enormemente.

Consagrar unha promesa

O balón de ouro a Michael Owen é algo estraño nese baile de marcas. O pequeno ariete inglés ten asinado un contrato con Umbro, casa comercial británica que atravesou unha fonda crise a finais dos 90 despois de ter sido a potencia hexemónica do patrocinio das camisolas da meirande parte das seleccións do mundo, e que agora sae do pozo grazas á especialización e ao control de puros pero moi destacados clubes.



O inglés Michael Owen garantiu co seu Balón de Ouro un espléndido futuro.

O galardón da revista francesa France Football ten a ver máis co interese da industria do fútbol en conxunto. Inglaterra é a auténtica

potencia balompédica en canto a venda de produtos vinculados con este deporte. Os inventores desta práctica xa están a calcular os be-

As 'estrelas' das principais marcas

Adidas: Raúl, Beckham, Zidane, Kluyvert, Del Piero.

Nike: Figo, Roberto Carlos, Ronaldo, Totti, Henry.

Umbro: Owen, Larsson, Petit, Shearer, Sávio, Coira.

Puma: Anelka, Cocu, Pires.

Finalistas Premio Fifa: 1º Figo, 2º Beckham, 3º Raúl

Finalistas Balón de ouro: 1º Owen, 2º Raúl, 3º Khan

neficios do premio. A selección converteu a Owen na súa estrela, por riba de David Beckham, desde o rápido dianteiro lle marcou un fenomenal gol á Arxentina no mundial de Francia de 1998, cando só contaba con 19 anos.

Ao tempo, o Liverpool está a brillar na liga inglesa. Líder da Premier League, parece disposto a acabar coa dinastía do Manchester United e devolverlles aos demos encarnados a supremacía que tiveran noutrora. Todas as inercias se benefician entre si e o balón de ouro vai ter moita importancia na recuperación deste equipo para a elite europea.

Para os expertos, é pronto para premiar a Owen. Con 22 anos, xa ten gañadas a Copa da Uefa e, a Copa da Liga a Copa de Inglaterra, pero aínda lle queda por facer a súa "obra mestra" no fútbol. Este balón de ouro foi en 2001, máis ca nunca nos últimos dez anos, o premio que consagra unha promesa e lle lembra que ten unha débeda con este deporte para gañar un nome na historia.♦

Que lucrativo é 'representar' a cidade

PUCHEIRO

Son sociedades anónimas, polo tanto, na procura de gañar cartos. Con accionistas-propietarios, consello de administración e presidentes remunerados, algúns en centos de millóns anuais. Pero estas empresas do espectáculo (fútbolístico, por suposto) reciben un trato discriminatorio (beneficioso, loxicamente) por parte dos concellos: cédenlles custosas instalacións municipais (os estadios) pola abrainte suma dunha peseta cada ano. Así, xeración tras xeración, coma un pacto escrito na lei mesiánica.

Pobríños eles que, sen que ningún os elixise para tan traballoso cometido, se adxudicaron a pesada tarefa de levar nada menos que o nome da cidade polo mundo adiante. E tanto ten que gañen partidos ou se convertan en rapatundas. Chega a intención. Ninguén lles vai pe-

dir resultados nin cuestionar esa imaxe encomendada a unha mancha de traballadores estranxeiros que non se identifican con nada (que non sexa a ficha, faltaría máis). Nin sequera co idioma, sendo moitos deles brasileiros.

Tan improba e abnegada función social que os encumia na pirámide social, permite, ademais, que sexa o diñeiro dos contribuíntes (á maioría maldita gracia lle fai ese espectáculo e a representatividade do equipo) o que pague o arranxo das instalacións, a auga, lles ceda locais,

campos de xogo e outras prebendas sen conto. Esas sociedades anónimas só poñen uns asalariados, máis ou menos artistas do balón, e uns directivos, máis ou menos capaces (Lendoiro ou Caneda como exemplos) de xestionar a empresa.

Pola contra, esas mesmas corporacións municipais obríganlos os cidadáns a pagarmos os ximnasios. Os equipos de veteranos a pagar os pavilións, e a todos aqueles clubes, que non sexan do fútbol, por máis que militen nas máximas categorías (baloncesto, voleibol, balonmán,

etc.) a pagar por entrenar, por xogar, por existir. Porque as grandes empresas do espectáculo futbolístico nin sequera contribúen cos seus impostos.

Esquecen os concellos (tamén os "progresistas") que o fomento do espectáculo deportivo non é unha obriga municipal. Pero si o é o servizo deportivo (coma o da auga, da limpeza, etc). Ou estamos instalados ou lle temos medo ao pensamento único (que no fútbol tamén existe: é o paradigma europeo) negándonos a mudar a tradicional política de sometemento aos intereses dunha burguesía local (incluída a mediática) que se fai co control do tótem moderno no seu beneficio. Por eso, mellor que se esquezan desta reflexión de deportista *resentido* e berren comigo: ¡Hala, Celta! ¡Viva o Deportivo...!♦

TEMPOS

NÚMERO 55
DECEMBRO 2001

ANUARIO politicamente incorrecto

política:


- Patriotismo constitucional
- O fraguismo terminal
- O tempo das hexemonías ratificadas

sociedade:

- Tecnoloxía, zesperanza ou ameaza?
- A universidade que quere o PP
- O reto das mulleres

economía:

- A economía galega nos escenarios da globalización
- De Braga a Lugo pasando por Bruxelas



Subscripcións: Agda. 905- Santiago. Teléfono e telefax (981) 55 71 17. e-mail: tempos@jatl.es

cultura:

- Acción cultural contra claudicación
 - Literatura e internet
- #### comunicación:
- A frivolidade do lecer
 - A perda da cidadanía en televisión

Entrevistas:

Anxo Carracedo: O mundo en mans da ciencia
Charo Álvarez: O rigor na Academia
Dominique Walton: Internet, mais...

SUBSCRÍBETE desde xaneiro e recibe de balde os 12 números da colección de TEMPOS que ti escollas.

cronoloxía do ano 2001

—50 libros para entender o mundo que nos dan



Leopoldo Nóvoa estrea *Cartóns*

No pasado ano o artista Leopoldo Nóvoa mudou de soporte e elaborou unha série creativa sobre cartón. Son as pezas que agora compoñen a mostra que permanecerá aberta até próximo xoves 11 de xaneiro na galería SCQ de Compostela. Materia, luz e misterio son os eixos da obra de Nóvoa (Pontevedra, 1919) e os tres marcan tamén esta nova obra na que o autor muda ao se adentrar no cartón como base. ♦



A. PANARO


Un ecoloxista no *Fiz Vergara*

O ecoloxista de ADEGA e profesor de Bioloxía, Xesús Pereiras López é o gañador da segunda edición do premio de poesía Fiz Vergara Vilarinho. *Cantos da selva* é o título do poemario, primeiro publicado por Pereiras (Monte-rosro, 1960), e o elixido entre uns corenta apresentados. A crítica á destrución da natureza é un dos temas do libro que mereceu o galardón da Asociación Cultural *Ergueitos* de Sarria. ♦



A canción perde a Bécaud

O cantante Gilbert Bécaud, unha das máis significativas voces da canción francesa, morreu o martes 18 de decembro en París a causa dun cancro de pulmón. Banda sonora dunha época e primeira figura do Olympia, da súa autoría sairon máis de catrocentas cancións, algunha delas de grande éxito como *Nathalie* ou *Et maintenant* moitas interpretadas por artistas como Dylan, Sinatra ou Dietrich. ♦



Detalle dunha foto de Eduardo Ochoa

Fotografías do aire en Lugo

A idea xurdiu o ano pasado dun grupo de fotógrafos da cidade. ¿Por que non tirar imaxes ao redor dos catro elementos: auga, aire, terra e lume? Este mes está aberta no *Mesón do Forno*, en Lugo, a exposición titulada "Aire", da que toman parte Eduardo Ochoa, Méndez, Valentín Roldán, Xosé Manuel Otero e Luis Engroba, todos eles vencellados ao grupo Fonmiñá, promotor da *Semana de Cine* de Lugo. ♦

Imaxe do IV Congreso de Escritores celebrado do 14 ao 16 de decembro en Vigo.

AN
VOSA
TERRA

Nº 1.013
Do 20 ao 27
de Decembro de 2001
Ano XXIV

Cultura



Crise nas fábricas da imaxinación

ONadal chega cun novo presidente da Academia Galega. O historiador Xosé Ramón Barreiro será o sucesor de Del Riego e continuador da súa liña nunha nova dirección á que moitas asociacións e sectores relacionados coa lingua pídenlle que retome o tema do acordo normativo. E temos precisamente neste fin de ano unha

asociación máis do ámbito cultural, trátase da Federación Galega de Teatro Aficionado que nace para defender os intereses do sector. Pero son tamén estas datas as propias das novidades literarias, en especial, as adicadas aos máis cativos, como se pudo comprobar no exitoso Salón do Libro Infantil e Xuvenil polo que pasaron en Pontevedra arredor de catro mil rapaces que poideron comprobar como as

editoriais galegas están a coidar os libros para os máis cativos. Novedades para o ano que ven serán o Premio Merlín e o Premio Xerais que se veñen de convocar. Premios necesarios para promover a lectura dos galardoados nun tempo nos que a literatura reclama o apoio dos medios de comunicación. Novos lectores terá, por exemplo, o escritor colombiano Álvaro Mutis, novo premio Cervantes. ♦

PACO VILABARCOS

Animado debate entre os escritores sobre a crise do libro e a creación literaria

M^a Xosé Queizán defendeu o realismo e Suso de Toro a liberdade do escritor

MANUEL VEIGA

Miguel Anxo Fernán-Vello, secretario en funcións da Asociación de Escritores en Lingua Galega, resumiuno con claridade: “a palabra máis oída aquí foi a de crise”. Crise de vendas, pero non crise de autores. A asistencia, de feito, a este IV Congreso de Escritores, non foi exígua. Uns sesenta pasaron entre os días 14 e 16 polo centro Caixanova de Vigo para asistir aos actos convocados pola AELG.

A crise de vendas non só é galega, pero entre nós parece vivirse de forma máis aguda. As causas habería que buscalas no devalar do galego entre as novas xeneracións, como anotou Francisco Rodríguez, e na invisibilidade da literatura en lingua galega nos medios de comunicación. Carlos Bernárdez definiu aos escritores galegos como “homes sen face” e o crítico Ramón Nicolás deu conta da desaparición nos últimos anos de tres suplementos culturais: o *Galicia literaria* de *Diario 16*, *Faro das letras* e o Suplemento *Culturas de La Voz de Galicia*.

A cortésia que reinou entre os asistentes non impediu que por momentos o debate acadase graos de forte intensidade. M^a Xosé Queizán criticou a abundancia na literatura galega “de mitos, personaxes irreais e solucións máxicas”. Entre este tipo de referencias citou “aos celtas, o grial, M^a Soliña...” e acto seguido enumerou, como contrapartida, unha serie de temas que aínda carecen dun tratamento narrativo suficiente, caso da emigración, o contrabando, o narcotráfico, o wolfran ou o mundo do mar.

Suso de Toro respondeu a esta intervención sinalando que a literatura e a política ou o combate social representan “dous modos distintos de relacionarse coa vida”. “Para min,

a literatura –engadiu– é un camiño individual, aínda que tamén procure encontrar a verdade”. O autor de *Tic-Tac* resumiu a súa postura recoñecendo “a dimensión social da literatura”, pero matizando que o feito creativo en si “non debe responder a un programa”.

Dos ‘felices oitenta’ á crise

O tema recorrente da crise foi contextualizado por Fernán-Vello ao ofrecer o dato de que só o 15% dos libros vendidos nas librerías galegas están na nosa lingua. En palabras de Suso de Toro “nestes vinte anos de autonomía reivindicamos a tribu, pero non fomos capaces de artellar unha dimensión industrial da cultura”. X.M. Millán Otero quixo engadir algún matiz ao pesimismo e lembrou que “nin foron tan felices para a literatura galega ás décadas dos oitenta e noventa, como algunhas veces se dixo, nin temos porque pensar agora que o tempo presente seña tan malo”.

Tivo tamén o seu lugar no debate o mundo das traducións. Varios autores coincidiron en que o eco das obras de Manuel Rivas “é a cuota que están dispostos a concedernos en Madrid aos galegos”. Tamén houbo coincidencia en que o papel da literatura en xeral se esta-



Só o 15% dos libros vendidos na Galiza están na nosa lingua, segundo M.A. Fernán-Vello, na imaxe con M^a Xosé Queizán.

ba a reducir, polo maior peso doutros medios culturais e de masas. A este respecto, Francisco Rodríguez encargouse de matizar que a literatura seguía a ser con todo a base para o desenvolvemento doutros campos como o cine ou canción. Neste sentido a

desaparición ou marxinalización da literatura en galego representaría unha sentenza negativa tamén para os demais ámbitos. No tocante ao peso do poder sobre a creación literaria, Luisa Villalta sinalou que “agora non hai imposición, senón

publicismo. Deixamos ser nós mesmos pero a tempo parcial”.

O debate que tivera como lema *O futuro da literatura galega* estivo balizado pola intervención de apertura de Francisco Fernández del Riego e pola de clausura de Basilio Losada. ♦

A proposta de Suso de Toro

O debate entre os escritores, non ocultou as moitas coincidencias. Houbo acordo en que a chegada ao público lector estaba interrompida e en que a autonomía non fora capaz de incorporar ao galego novos lectores. Millán Otero afirmou que se disolvera o espellismo dos oitenta cando moitos crían

que a literatura podía vivir nun campo social autónomo dentro dun país que, no social e político seguía igual. Millán mostrouse partidario de que os criadores asumisen esa anormalidade. Neste marco, Suso de Toro lanzou unha proposta: “Os escritores temos que vencer á administración e aos

meios de comunicación de que a cultura galega é un sector estratéxico que reforza o valor doutros sectores, como o leite, a pesca ou a moda”. E lembrou que “os escritores españois son potenciados porque reforzan o valor *España*, o da ñ. A cultura supón sempre un valor engadido”. ♦

Ernesto Sampaio, o surrealista que vivía en poesía

Morreu en Lisboa a primeiros de decembro

X.G.G.

“Somos dous ríos /que se afastan en silencio...” escribiu Ernesto Sampaio en 1986 en *A procura do silencio*, (Lisboa, Hiena Editora). Dous ríos que no transcurso de menos de ano e medio afastáronse para sempre, desembocando na morte. Hai un ano e medio morría a actriz Fernanda Alves, a dona, o amor louco de Ernesto Sampaio, un dos grandes críticos e poetas portugueses deste tempo –sen esquecer o seu importante labor de tradutor: André Bretón, Julien Gracq, Peter Burger, Ionescu, Walter Benjamin, o Popol Vuh... Hai pouco, a segunda semana de decembro, apareceu morto na súa casa Ernesto Sampaio.

Sampaio pertencera, pertencera, ao surrealismo. Ao grupo do café Gelo, onde se reunían nos miserábeis tempos salazaristas. Foi xornalista, no desapa-

recido *Diario de Lisboa*, até 1986 en que aparece o citado *A procura do silencio*, era o autor de dous únicos libros, *Luz Central* e *Para uma cultura fascinante* (1958, 1959, respectivamente, recollidos posteriormente no volume *Luz Central*, Lisboa, Hiena, 1990), “reflexões sensíveis deste autor, os seus poemas-meditações –ou como se lhes queira chamar– são os textos máis agudos e corajosos que entre nós se escreveram, na modernidade, dentro da e sobre a ‘experiência poética’”, escribiu Herberto Helder ao presentar o autor na súa polémica antoloxía *Edoi Lelia Douira* (Lisboa, Assírio & Alvim, 1985).

De 1990 até hoxe –á parte de diversas traducións– apareceron tres libros de Ernesto Sampaio, dous de “ensaíos”, *Ideas lebres* e *Feirados Nacionais*, e mais un terceiro, de

poesía, *Fernanda*, dedicado á súa muller despois de morta esta (os tres están editados por Fenda).

As reflexións, as meditacións, a poesía, a crítica de Ernesto Sampaio está inserida no que el chamou a “única real tradición viva”, esa tradición cuxas tutelas son o Soño, a Liberdade, o Amor, os pólos “tutelares” que conformarían unha cultura fascinante; a luz central de toda poesía viva, non recuperada; a luz central de todo poeta que non se deixa –caninamente– recuperar, “ou por envellecementos ou por non terem sabido manter a distancia suficiente, conscientes da súa dirección única: esa ‘vontade prática’ que procura restabelecer os verdadeiros fundamentos da relación home-mundo”. A “prática” crítica de Ernesto Sampaio nunca se nutriu de “actualidade”, pois aínda que

desde as páxinas de *Diário de Lisboa* tivese que dar noticia desta, sempre a “luz central” que atravesaba os seus textos era unha sempre inactual: a poesía, o soño, o amor a liberdade.

Como o seu admirado Bretón, Ernesto Sampaio sabía que querer “vivir en poesía” fóra da vida era atentar contra a vida e contra a poesía. “A poesía non se vive ao 10 ou 20 por cento, reservando o resto aos imperativos da chamada realidade práctica. Afirmar isto valeu ao surrealismo (e a Bretón en particular) o ódio sempre virulento da maioría dos intelectuais”, escribiu el falando de “André Bretón e a práctica da poesía”. Esas palabras referidas ao autor de *Nadja* pode o lector aplicar a Ernesto Sampaio.

Se Sampaio viviu integralmente –ao cento por cento– en poesía, o mesmo foi en amor.

Como Bretón, afirmaba, que en amor nunca há decepcións. Amou loucamente a Fernanda, e cando ela morreu sentiuse brutalmente mutilado. No libro homónimo, falando da falta física do ser amado: “falta-nos a metade das nosas veias, metade dos nosos nervos, metade da nosa pele esfolada, metade do noso corazón gelado”. Sen a presenza do ser amado, que depara o futuro?: “É no futuro que a morte está”. Quizais só esperaba iso, a morte, porque o amor “não admite a menor restrición: tudo ou nada, sendo o tudo a vida e o nada a morte”.

Quedará Ernesto Sampaio (1935-2001) como un dos grandes –segredos– poetas portugueses da segunda metade do século XX, como un dos grandes “teorizadores” da poesía en Portugal, como un dos grandes surrealistas. ♦

Aproveitando a situación

LOIS DIÉGUEZ

Unha roda de prensa celebrada en Monterroso para presentar o libro "A Ulloa" que vai sobre esa comarca e inicia a colección "Comarcas de Galicia", o Presidente da Fundación Comarcal, D. Andrés Precedo Ledo, tivo a sinceridade de dicir algo que xa non ouviamos desde moitos anos atrás: "O libro está en castelán para a súa mellor difusión". A frase, nun señor catadrático e responsable nestas novas institucións que malamente representan o sentido profundo da comarca, non ten desperdicio por mostrar toda unha teoría lingüística retrógrafa do tal. Por esa regra de tres nunca o noso idioma tería presenza escrita, e tampouco o español, se o comparamos con outros idiomas máis "universais".

A Xunta está a promocionar fascículos eternos e reiterativos sobre provincias e outros entes, que non deixan de ser máis ou menos interesantes, pero que case nunca se presentan no noso idioma. Moita foto, moita cor, papel de luxo, contido discutible e, en bastantes casos, copiado sen citar as fontes de onde se colle, mal síntoma este, pois cobra-se por algo que non se fixo, e iso non parece "alá moi aló", como diría un personaxe do meu sempre amado Monforte. E o curioso é que nestes interminábeis fascículos topamos arreo co Sr. Precedo como Director Científico. Así que se unen tres focamentos un tanto contraditorios. A Xunta, paga. A Xunta, non potencia un idioma cada día máis debilitado. O señor Precedo Ledo é figura permanente nestes desacertos en representacións que, ao noso xeito de ver, deberían estar máis diversificadas.

Cuestión final. Malamente a nosa prensa escrita pode mudar vellas concepcións lingüísticas se a propia institución maior que nos representa distribue cartos e axudas para un cometido non galego na súa expresión. A non subsidiariedade sería máis correcta, pois o xornal, daquela, utilizaría a súa programación editorial sen ter que pagá-la todos e todas as cidadás. De seguido, con tal panorama, cartos que se deberían utilizar para a promoción do noso idioma propio, consolidan e potencian aquel outro que non necesita nen de páxinas nen de pantallas, pois ten ben asegurada a súa saúde. O enfermo estará cada día máis evado, e o atleta gozará cada día de máis forza e potencia. E os xornais seguirán, baixo tal dependencia de axudas, collidos na súa expresión libre e plural que a sociedade demanda e a democracia esixe. Perdemos todos, pois imo-nos afacendo a que a noticia e a información non sexan tais, senón propaganda mediatizada por quen distribue a facenda. A liberdade, portanto, e palabra gastada, sen sentido, submetida á permanente violación, e nós, vítimas inocentes desa máquina destrutora da nosa capacidade analítica. ♦

Cultura

Francisco Sampedro publica un ensaio sobre Nietzsche no seu centenario

G. LUCA

A obra de Nietzsche cumpre cen anos esgazada por interpretacións opostas dende todos os campos. Lukács vira nel a apoloxética indirecta do capitalismo e a contra-figura da loita de clases; Blanco Torres, Dieste, Lefebvre e Risco, gábaron o seu arruallado anti-burgués no mesmo intre en que os nazis querían de autor de cámara. En *Aristocracia imposible: o discurso político de Nietzsche*, Francisco Sampedro salva a palabra que debela os enmascaramentos ideolóxicos.

"Nietzsche parece un exhibicionista que mostra o que o poder tapa —explica o catadrático de Filosofía, que a fonda neste ensaio en opinións apuntadas en *Ideoloxía e distorsión*, Xerais, 1997—. Non se trata de tomar partido por el, pero hoxe non se pode pensar sen ter lido a Nietzsche. Se alguén nos reprocha tomarmos como referencia un autor de cuxa reacción contra a democracia non cabe a mínima dúbida, pedirémolle paciencia e probaremos que certos elementos non menores na obra nietzscheana deben ser recoñecidos polos que reclaman a supresión de alienacións milenarias".

Sampedro trata do discurso político de Nietzsche, a nazificación, o imperialismo alemán e a cuestión xudea, o retorno a orixe e o socialismo como fase superior do cristianismo. Despois de abordar o elitismo moral e a posición aristocrática, o autor responde á pregunta de se queda algún modo de sermos nietzscheanos. O limiar é de Ferrín, un antinietzscheano militante.

Comprende Sampedro que é atlético o propósito de lavar os graos de ouro de *Ecce Homo* entre a lama. "Hai que combater a leitura nazi-fascista de Nietzsche e, ao mesmo tempo,

debemos criticar aos que ven nel un modelo para a emancipación, como Deleuze, Foucault ou Jean Jaurés. Combater as dúas lecturas e non situalo no xusto medio, que non existe, senón ver ao Nietzsche liberador dos ídolos e exhibicionista contra as trampas do poder".

A negación da categoría de verdade e a resistencia a deixarse apreixar por un sistema racional, converten a Nietzsche nun autor que segundo a recomendación de Sampedro é preciso peneirar. "Independientemente da *persoa Nietzsche*, a mesma recusación da categoría de verdade, central na obra, non só afecta a lóxica, a epistemoloxía ou a ontoloxía senón que contempla a posibilidade de consecuencias políticas perigosísimas. Jaspers advirte que quen tome en serio as expresións naturistas e extremistas, e quen se deixe apreixar e conducir polo que di, non terá madurez nin dereito de ler a Nietzsche".

Servir aos nazis e a extrema esquerda

Sampedro aborda a ambigüidade do autor de *Alén do ben e do mal*, orixe de tantas interpreta-





Francisco Sampedro.

cións diferentes. "Cando fai referencia á intervención política en forma concreta, pode lerse tanto a modo de óptima suxección, dirixida á liberación de taras morais milenarias, como de incitación á agresividade e a crueldad máis espida. Unha parella ambigüidade manifestábase na recepción que Nietzsche tivo após da súa morte. As explosións retóricas serviron tanto a nazis como a certa extrema esquerda, fundamentalmente anarquista; a reaccionarios e revolucionarios. Dende logo foi máis forte a publicitada polos nazis, pero a partir de 1960 vivíuse unha recuperación nietzscheana en círculos de esquerda, sobre todo na Franza".

Contra o gregarismo, contra o fetichismo da mercadería ("hoxe superior aos tempos de Marx", advirte Sampedro) e a idea da immanencia. Francisco

Sampedro coida que Nietzsche se salva por todo isto pero sobre todo pola súa liberadora postura ante a morte. "Nietzsche relanza novos problemas e abre novos desafíos á filosofía. A anti-filosofía fai avanzar á filosofía; reactiva. Jaspers dixo que filosofar con Nietzsche supuña afirmarse continuamente contra el. Pensamos que se debe ter moi en conta o seu modo de ver e en absoluto o mesianismo que o acompañaba. Podemos tomalo como medio, non como pensamento resolutivo e menos como oráculo. Da súa imponente denuncia dos enmascaramentos ideolóxicos non deducimos un baleiro senón que nos afirmamos na procura dun horizonte social onde a igualdade real non entre en disputa coa defensa escrupulosa da liberdade individual". ♦

NOVIDADES XERAIAS



Dos mesmos autores que o *Diccionario dos Seres Míticos Galegos*

XERAIAS

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>

LEKTURAS



O intelectual-labrego

Dos meus recordos de Manuel García Barros

Título: *Dos meus recordos*.
Autor: Manuel García Barros.
Editor: Galaxia.

Coa edición da obra *Dos meus recordos* complétase a rehabilitación do escritor ullán que tiño que sufrir en vida a frustración máis dura para un creador: o silenciamento e a censura. Sendo un caso particular de intelectual-labrego ou artista que non só estaba ao servizo das clases populares, senón que era membro delas, García Barros vería marcada a súa vida pola disxuntiva de triunfar na carreira de escritor como mercenario ao servizo do máis puxador ou poñer a súa pluma ao carón dos seus e correr a súa mesma sorte. A vida non era fácil nesas circunstancias e a obra reflicte a miúdo esa vida.

O suborno con que os parentes de Manuel García Barros conseguiron evitar o seu paseo naqueles días mousos do ano 36, relembra o outro suborno co que o seu pai evitou unha morte segura alá na guerra de Cuba e do que nos dá conta no seu primeiro relato desta obra. O suborno, o cazo, a corrupción, a untadura... como pano de fondo da súa obra. Hai que ter en conta tamén que esta foi escrita nunha atmosfera de enchufismo, recomendacións e apadriñamentos dun franquismo no que os excluídos só teñen un xeito de sobrevivir e triunfar que é a traición, a deslealdade e a delación.

Nese contexto de renuncias, un home insubornábel escribe para o futuro non só porque lle prohiban publicar, senón porque se nega a publicar

dando unha falsa idea de pluralidade e permisividade que poida ser interpretada como unha lexitimación do réxime. Pero ¿que sentido ten escribir para non publicar? O retratamento non aporta nada á sociedade que se pretende mellorar. E esta será unha controversia permanente no seo da súa conciencia.

A súa novela *As aventuras de Alberte Quiñoi*, escrita en 1942, só é publicada –debidamente podada– no ano do seu pasamento, no 1972, dando el a autorización desde o mesmo leito de morte. Trinta anos cunha obra no peto é unha pesada carga para un comunicador.

Escribe para o futuro, pero

fálanos do pasado. Da intrahistoria dos que non teñen voz, das mulleres, dos labregos, dos nenos, dos fracos, en definitiva, dos vencidos. E cando fala parece que é a Terra mesma quen se expresa con esa linguaxe tan natural e espontánea coa que el se manexa.

A obra de García Barros cheira a bosta e a herba seca. Pero non é unha obra ruralista, no sentido bucólico da palabra, non é un canto á beleza da vida campesiña e unha labazada a modernidade e ao urbano. O seu relato principal transcorre no Vigo de fins do XIX facendo un agarimoso retrato da cidade. Este texto serviu de inspiración ao seu bis-sobriño,

o escritor Xosé Manuel Martínez Oca, para unha fermosa obra de aventuras *As florestas do Mañuema* na cal non só se ben reflectidos algúns motivos das lembranzas de García Barros, senón tamén a filosofía de que detrás dun taberneiro, dun peón ou dun labrego pode atoparse unha historia fascinante máis intensa e rica que a dun príncipe, un xeneral ou un capitalista.

A igual que o seu libro *Enredos*, dedica o seu capítulo principal a Fernández del Riego, con quen compartiu “hospedaxe nun veraneo inesquecible” na cadea da Parda acusados ambos os dous no ano 1955 de rebelión militar. Con 80 anos, os outros presos chamábanlle o “abuelo” e aínda que xa non tiña folgos para unha “rebelión militar”, o certo é que, como lle dicía a Garda Civil aos seus fillos, “no hace más propaganda porque no puede”. Mais estes textos recollidos nesta obra non son panfletarios, senón mais ben testemuñas dun tempo que se presentan ao xuízo da historia na defensa dos que din que as cousas puideron ser doutro xeito.

Retoma o tema da viaxe ao Pico Sacro con Castelao que fora xa motivo de artigos seus nas revistas *Vida Gallega* e *Celtiga* alá nos anos 20. Esta viaxe na compañía do guieiro é unha metáfora da dialéctica das relacións dos homes entre si e coa natureza para desenvolver unha determinada autoconciencia.

Por último é de destacar tamén a epístola a contrapunto con Otero Pedrayo con quen ao remate da guerra establece unha correspondencia que circula con altibaxos entre os restos do naufragio do galeguismo. Estes dous superviventes teñen que agarrar de novo as súas plumas para remar a contracorrente. Apoiándose entre si dan conta dunha paisaxe activa que non puido ser derrotada. Galiza filtrase por entre as reixas dunha realidade oficial que a nega e tráenos en cada recanto a lembranza doutros tempos “risoños e inda esperanzados”.

En definitiva, este libro por enriba de calquera outro valor estético ou antropolóxico, e incluso histórico que tamén o ten, ofrécelle ao lector un bocado de ar fresco, pero con recendo a artesa vella no que foi gardado ata que da man do profesor Carlos Loureiro –que é quen xa coidou a edición das outras obras súas– se presenta ao fin en sociedade cunha única carta de presentación: a autenticidade. ♦

X.C. GARRIDO

CONTA DE LIBROS

Lecturas de Angela Carter

A obra da británica Angela Carter estúdiase hoxe nos cursos de literatura feminista de moitas universidades. Falecida en 1992 aos cincuenta e un anos cando tiña publicadas nove novelas, a súa escrita está considerada como un exercicio permanente de orixinalidade e experimentación. Xerais publica na colección *As literatas Venus negra*, un conxunto de relatos que atacan o estereotipo asignado á muller e, en concreto, ao seu papel pasivo na literatura, como musa e non como autora. Xela Arias e Xabier Muguerza traduciron os contos ao galego, que son presentados ao lector por Teresa Caneda. ♦



Contos sobre a cobiza

Abrir os dous novos títulos dos Contos do Trasnó Comodín da editorial Kalandraka é atopar un mundo de cor. *Xilmoniz* é un conto tradicional adaptado por Tareixa Alonso e que narra como un mozo lacazán recibe o castigo pola súa cobiza. A ilustradora é Belén Alonso, gañadora do último premio *Eixo Atlántico* de pintura. Xosé A. Neira Cruz adaptou *A caixa do tesouro*, un relato que tamén fala de cobiza; neste caso, a de tres irmáns por conseguir unha herdanza. As cores suaves dominan as ilustracións de María Sánchez Lires. ♦



Recuperado homenaxe aos mártires betanceiros

A Fundación *10 de Marzo* de Comisións Obreiras publica un facsímil do discurso de homenaxe que o centro betanceiro rendeu en Xullo de 1958 ás vítimas da guerra civil. *Befanzos honra a sus mártires* é testemuña da resistencia ao

esquecemento por parte do colectivo dos exiliados durante os anos do franquismo. A Fundación atopou o documento na Biblioteca Nacional de Madrid, cuio autor é Ramón Beade, campadés que fora deputado socialista. ♦



TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

- 1. TEORÍA DO CAOS.**
Marilar Aleixandre.
Xerais.
- 2. CONTOS DA CORUÑA.**
Xurxo Souto.
Xerais.
- 3. A HISTORIA ESCRÍBESE DE NOITE.**
Bieito Iglesias.
Galaxia.
- 4. TRILOXÍA DOS TRISTES.**
Xosé Carlos Caneiro.
Galaxia.
- 5. SÓ OS MORTOS SOTERRAN OS SEUS MORTOS.**
Arturo Lezcano.
Galaxia.

NON FICCIÓN

- 1. A CARREIRA DO SALMÓN.**
Suso de Toro.
Xerais.
- 2. SI HOME SI**
Xosé Manuel Pereiro.
Xerais.
- 3. A MEMORIA DA NACIÓN.**
Camilo Nogueira.
Xerais.
- 4. LITERATURA GALEGA. S. XX**
Vários autores.
A Nosa Terra.
- 5. ORTOGRAFÍA PRÁCTICA.**
Carme Hermida.
Sotelo Blanco.

Librarias consultadas:

Cartabón (Vigo), *Couceiro* (A Coruña), *Michelena* (Pontevedra), *Pedreira* (Santiago), *Souto* (Lugo), *Torga* (Ourense).

O Mico

Nº 2. Decembro de 2001. Prezo 495 pta.
Dirixe: Miguel Lorenzo.

Entre os moitos contidos que se ofrecen neste número, destaca a entrevista co actor.



Alonso Pereira fai unha análise sobre a posíbel presenza de Ulises no litoral atlántico, incluso nalgunha illa galega. Miguel Lorenzo entrevista a

Xosé Vázquez Pintor e a Beatriz Dacosta. Na sección de relatos, inclúense traballos de Pedro Casal, Álvaro Vázquez, Fede Goberna e Luís Veloso. Ademais, engádesse unha sección de crítica e outra de novidades editoriais. ♦

Aceimar

Nº 39. Ano 2001. De balde.
Edita: Colexios Marcote.

A publicación desta empresa escolar céntrase na actualidade dos seus centros educativos.



Andrés Tosal explica o labor que está realizando o Grupo Marcote en canto ao cinema. Mario Tallarico dá conta das activi-

dades da escola de xadrez Kasparov. María Helena Marcote comeza o seu informe ao redor da violencia escolar. Ademais, inclúense todos os datos sobre novidades formativas, técnicas de estudo e demais informacións. ♦

Guía dos libros novos

Nº 35. Decembro de 2001. Prezo 300 pta.
Dirixe: Xavier Madriñán.
Edita: Noroeste Edicións.

Son moitos os libros reseñados neste número. Bernardo

García critica *O voluntariado social*, de Santiago González. Antón Galocha escribe sobre *A prensa do terceiro milenio*, de



Xosé López. Marcelino Agís, *O pensamento de Castela*, de Xoán Carlos Garrido. Francisco Martínez Bouzas, *Unha presa de terra*, de Marilar Aleixandre. Xosé Manuel Enríquez, *Só os mortos enterran os seus mortos*, de Arturo Lezcano. Román Raña, *A fin de Fisterra*, de César Antonio Molina. Manuel Neira, *Subversións*, de Fran Alonso. ♦

LESTURAS



Alexandre Parafita.

Escolma de contos populares portugueses

Título: Antología de Contos Populares. Vol. 1.
Autor: Alexandre Parafita.
Edita: Plátano Editora. Lisboa, 2001.

Alexandre Parafita é investigador do Centro de Tradições Populares Portuguesas da Universidade de Lisboa e docente da Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro. O traballo que agora se publica presenta o resultado dunha investigación realizada en Trás-os-Montes durante varios anos. Neste seu último libro, Parafita móstranos unha recolla de contos religiosos, novelescos, de fadas e de demónios. Mais, alén do valor da recolla, o autor fai un esforzo científico de interpretación e clasificación dos contos de acordo co modelo de Aarne e Thompson. Estes contos teñen moito paralelismo lingüístico e cultural cos contos da Galiza.

Os contos publicados teñen moito paralelismo lingüístico e cultural cos contos da Galiza, como por exemplo, as versións de Branca Flor, xa estudadas polo antropólogo galego Xosé Ramón Mariño Ferrero.

Con posfacio da Profesora Ana Paula Guimarães da Universidade Nova de Lisboa, no cal reflexiona sobre contar contos, esta é unha obra que non pode faltar nas bibliotecas galegas.

O autor conta con outras obras de temática semellante: *A Comunicação e a Literatura Popular* ou *O Maravilloso Popular: Lendas. Contos. Mitos*. ♦

XERARDO PEREIRO

Cultura

Nº 1.013
 Do 20 ao 27 de decembro de 2001
 Ano XXIV

ANOSA TERRA 27

CONTA DE DISCOS

Värttinä, directo en Helsinki

Título: 6.12.
Grupo: Värttinä.
Edita: Resistencia.

Máis de dez anos de carreira e aínda non tiñan un disco en directo. As cantantes de Värttinä, co título *6.12.*, que fai referencia á data na que se gravou o pasado ano no Teatro Savoy de Helsinki, editan o seu primeiro disco en vivo. O grupo finés formouse na cidade de Rääkkylä, en Karelia, ao sureste de Finlandia. No xérmolo xa estaban as intérpretes Sari e Mari Kaasinen creando un grupo que chegou a superar as vinte persoas. No ano 1990 aquela banda sofre unha reestructuración e nace Värttinä: a Sari e a Mari Kaasinen uníronse outras dúas mulleres Janne Lappalainen e Kirsi Kähkönen e, entre todas, buscaron músicos dentro do panorama do folk e do rock finés. O resultado tivo éxito e, desde aquela este grupo de dez membros, con curriculum individual abraiante, leva publicados oito discos máis este directo

cuia edición española pon nas tendas Resistencia. Inclúe a tradución das letras ao castelán, o cal da oportunidade de coñecer os textos de tradición rúnica ou procedentes de Estonia e Laponia. Letras moi curiosas, basta o exemplo da canción *Unha moza estreita*, aprendida da cantante estonia Anneli Kont. Recomendado para os moitos seguidores que teñen na Galiza, onde están familiarizados co seu directo. ♦



Portadas dos novos discos de Värttinä e Meninh@s da Rua.

A rúa en negativo

Título: Negativo.
Grupo: Meninh@s da Rua.
Edita: Projecto global.

Desde A Coruña chega o metal dos *Meninh@s da Rua*: Xulio, Roi, Nando e Diego. Hard core, sons electrónicos e mensaxes políticas forman a base deste traballo titulado *Negativo* pola visión pouco doce do mundo que teñen estes rapaces. O compacto tamén inclúe unha pista cun vídeo realizado polos alumnos da Escola de Imaxe e Son da cidade herculina. Coa idea de estimular a capacidade crítica do público, o grupo coruñés sube ao escenario xunto a *Banda Bassotti* en Carral o día 21 de decembro. ♦



narrativa

Breve crónica universal da clase obreira
 Jaureguizar



Premio Lueiro Rey de Novela Curta 2001

Como levar un morto
 Xesús Rábade Paredes



Finalista do Premio Lueiro Rey de Novela Curta 2001

gotelo blanco

CINEMA

Hipnotizados
polas *Belas dormentes*

Primeira longametraxe de Eloy Lozano

Título: Belas dormentes.**Dirección:** Eloy Lozano.**Intérpretes:** Clive Arrindel (Lawrence), Teresa Gimpera (Salomé), Jane Bautista (Susan), Denis Rafter (Eliás), Brendan Price (Martín), Xabier Elorriaga (Quintana), Unax Ugalde (Lawrence xove), Mapi Galán (Emma).

■ **A IDEA.** Semellaba pouco menos que suicida: poñer en marcha un filme (a primeira longametraxe do seu director, ademais) por parte dunha produtora galega no que se pretendía adaptar para a pantalla unha complexa, enigmática e altamente simbólica narración dun escritor xaponés, traspasándoa ó noso contexto. A produtora, fundada en 1996, chamábase Off Films e, ata daquela, desenvolvera as súas actividades basicamente no eido da publicidade; a narración titulábase *A casa das belas dormentes* (*Nemurebu Bijo*) e fora escrita por Yasunari Kawabata (Osaka, 1899-Kamakura, 1972), premio Nobel de Literatura do ano 1968; por último, o director –e guionista– do proxecto era Eloy Lozano (Ourense, 1953), un dos *históricos* do audiovisual galego, autor da primeira curtametraxe galega realizada en formato profesional no xa lonxano ano de 1974 –*Retorno a Tagen Ata*.

■ **O ARGUMENTO.** Lawrence, escritor de creto e profesor de literatura anglosaxona, chega a Compostela invitado pola Universidade para impartir un curso de inverno. Está a atravesar un mal momento no persoal, motivado polo seu estado vital –achégase aos sesenta anos, á vellez– e traducido nunha crise matrimonial e familiar. Recibe Eliás, vello amigo e colega profesional, que lle revelará a existencia dunha casa moi especial e reservada á que homes xa moi maduros acoden para dormir ao lado de belas rapazas virxes e narcotizadas. Cliente habitual do lugar, rexentado por un-

ha misteriosa *madame* chamada Salomé, Eliás facilita a Lawrence o acceso ao mesmo, no que existen unhas ríxidas normas de comportamento (non se pode realzar o acto sexual coas dormentes nin bicalas nos beizos, por exemplo; tampouco coñecer a súa identidade) que deben ser aceptadas polos clientes, quen procuran recuperar deitados coas rapazas a xuventude perdida.

Ao primeiro, Lawrence acepta a invitación non sen distancia pero interesado por unha nova experiencia. Pouco a pouco agroma nel unha crecente adición ao lugar, mesturada cun rexeitamento que non é quen de facer efectivo: nas súas noites coas dormentes retoman vellos fantasmas e antigos recordos case esquecidos, ao tempo que se manifiestan nos seus sonhos e pesadelos as máis escuras facetas e reprimidas pulsións dunha personalidade aparentemente equilibrada. Ao cabo, Lawrence verase abocado a lle facer fronte ao seu desacougo, baixo do cal lateza a meirande das inquedanzas: a asunción de qué pode agardar do que lle resta de existencia; o seu recoñecemento nun espello no que, conforme se esvaece a imaxe reflectida, faise máis presente a idea da morte.

■ **O RESULTADO.** Cómpre sinalar que sorprendente e mesmo engadir que atraente e estimulante, cando menos para o espectador minimamente avezado. Sen dúbida, Eloy Lozano soubo abordar o reto –ao igual que xa fixera, por certo, vinteseite anos atrás– de trasladar axeitadamente ás imaxes cinematográficas un texto *a priori* difícil, trufado de claves simbólicas. Mérito, de entrada, do Lozano adaptador e guionista quen, ademais, conxugou esa dificultade coa derivada da transposición da historia ós escenarios galegos do



Belas dormentes, un filme de culto, con copias en galego, castelán e inglés. Na imaxe o seu director Eloy Lozano.

filme. Mais tamén do Lozano director, que artellou unha posta en escena irrefutábelmente coherente –na súa composición, no seu cromatismo, no ritmo das súas secuencias, na sobriedade da súa atmosfera– coa natureza do narrado, apoiándose nunha excelente dirección de intérpretes e mais nunha banda sonora (con temas de Valentin Silvestrov e Gustav Mahler, xunto coa música orixinal de Nikolai Korndorf) subxugante. Merecementos nos que tamén tiveron unha cota de responsabilidade salientable os traballos de Joao Calvario na dirección artística e Tomás Pladevall na fotografía. Todo o cal conforma unha proposta filmica, como apuntabamos, singular, estruturada a partir dunha rica gama de recursos: o xogo de texturas nas súas imaxes (cunha grande profusión de imaxes dixitais coas que se plasman os sonhos e visións oníricas do protagonista); a constante presenza dunha serie de elementos con evidentes connotacións simbólicas (o inverno, as ondas e o vento, a auga, a escuridade e a noite) e de referencias orientais salferidas nos diversos espazos e ámbitos da metaxe (na decoración, no mobiliario e vestiario, nos actos so-

ciais –o té–, na xardinería); o recurso a múltiples oposicións (antigo/moderno –na propia cidade de Santiago–, frío/calor –os exteriores, a neve, opostos aos interiores–, xuventude (beleza)/vellez, pasado/presente, vida/morte, vixilia/sono, certidumes/enigmas, pracer/dor, etc.) ou a paradoxos (as prostitutas virxes, sen ir máis lonxe); a importancia dos sentidos (do olfato –as fragancias de flores e árbores nas paisaxes do pasado, na pel das rapazas–, da vista, do tacto –no achegamento de Lawrence ás dormentes–...) e, por suposto, a centralidade dos sonhos como espazo de transgresión e como lugar dos recordos, mais tamén como dimensión inaprensible á que se quere acceder para fuxir da vellez, da decadencia.

Na transmisión á pantalla destes e outros elementos Lozano desenvolveu unha planificación tersa, harmonizada co universo do filme, moi achegada, polo xeral, aos personaxes (cun emprego contínuo de sutís *travellings* de acercamento e de lentes contrapicados) e reforzada por unha música omnipresente e envolvente na consecución desa cadencia hipnótica, “soñada”, que semella buscar no fluír das súas imaxes. Complementariamente, a andamiaxe do filme reforzase cun tratamento fotográfico diferenciado para os seus catro lugares narrativos e simbólicos esenciais: a propia cidade de Santiago de Compostela, os espazos de Lawrence (privados e profesionais), a casa das dormentes e a noite.

Polo demais, *Belas dormentes* amosa un aberto e satisfactorio recoñecemento da súa condición de filme posmoderno no seu sentido máis serio, desde a súa temática (coa importancia da representación, a cosificación dos corpos femeninos ou o peso da memoria) ata a súa estética (multiforme na natureza das imaxes e referencial nas súas inspiracións: desde Frank Lloyd Wright ata David Lynch podería ir un dos seus itinerarios), o cal non impide que sexa deste último aspecto do que deriven os maiores defectos da cinta, na que sobran algunhas secuencias –particularmente a que desenvolve a conversa de Lawrence con Martín, o psiquiatra, ategada dunha verborrea psicanalítica bastante prosa, mais tamén outras froito dunha immoderada intención experimental que denota unha excesiva vontade de deixar unha pegada *autoral* e que ás veces non pasan de triviais– cuxo mantemento na montaxe final redunda no estancamento da narración.

Con todo e iso, recoñezámolle a Eloy Lozano a súa valentía, así como a beleza e competencia da súa primeira –non o esquezamos– longametraxe, unha obra filmica cunha impecábel factura visual (máxime tendo en conta o seu orzamento declarado: dos 260 millóns de pesetas) que desde agora haberá que considerar como un dos elos de referencia na traballosa normalización do noso audiovisual. ♦


XOSÉ NOGUEIRA



ler é ser

A venda
nas melloras
librerías

As novidades narrativas do Nadal 2001

BIOGRAFÍAS DE MALOGRADOS
Manuel VeigaHISTORIAS NON IRREALIS
L. C. CarballedaSALCEIROS
Francisco Calo LouridoO ÚLTIMO PARAÍSO
José Fernández Ferrero

A publicación de *As aventuras de Saïd e Sheila* nunha edición de luxo é toda unha revolución na literatura xuvenil en Galicia.

Está mal que o diga eu, pero penso que si. Había un baleiro na literatura galega de crear unha serie de libros que tratasen conxuntamente a divulgación científica e a aventura. Esta idea, que xa tiveron en 1995, logo da saída de *Perigo vexetal*, foi amadurando nestes anos. Os rapaces foron medrando, as historias cambiaron e agora, esta nova edición responde a unha aposta da editorial por este tipo de literatura. O tratamento do texto, das ilustracións e da edición está moi ben. Este libro quere reafirmar que nós os galegos podemos facer libros que, por forma e contido, non lle teñen nada que envexar ás obras que se están a facer en calquera parte do mundo.

¿Tivo claro desde o principio que ía escribir unha serie?

Tiña o presentimento de que ían continuar as súas aventuras. Pero pouco a pouco a historia e os personaxes foron definindo realmente o contido das catro novelas. Ese ánimo de seriar xa o quería cultivar desde *Sónos eléctricos*, pero foi imposible porque morreron todos os personaxes, igual que me pasou en *Sarou*.

O fenómeno de Harry Potter enfocou sobre o público infantil o mercado editorial. ¿Cre que se está a beneficiar desta auxe de vendas?

O mercado achegouse á literatura xuvenil. O segmento de idade entre os 11 e os 14 anos, que é ao que o destino os meus libros, ten moita forza. Nese sentido, favoreceume que se fale moito de literatura para rapaces. Pero en canto ao contido, non teño nada que ver con Harry Potter. Os meus libros son racionais e están moi pendentes da realidade e dos problemas vitais do mundo de hoxendía. Potter é un retorno á literatura máxica. Dese serie só coñezo o que sae nos xornais, pero penso que a súa forza actual reside na moita publicidade que se fai do personaxe e a estrea do filme baseado nas súas aventuras.

¿Sorprendeulle o éxito de vendas dos libros deste ciclo, en comparación coa aceptación que teñen as súas obras para adultos?

É que os rapaces non teñen prexuízo ningún cando se achegan a un libro. Tanto dá que apareza no texto un dragón, un ordenador ou un marciano. Para eles, é un xogo. Todo está dentro do mesmo universo. A relación dos nenos coa literatura é lúdica e afectiva. Se os personaxes o enganchan, tanto ten o que sexan. En troques, os maiores si que teñen unha idea máis pechada do que é boa literatura. Cando eu escribín *Sónos eléctricos*, que é unha novela de ciencia-ficción, recibín críticas porque os escritores serios non podíamos andar a meternos en subxéneros coma ese. Sorte que, ao cabo do tempo, moita xente xa non opina o mesmo e esa obra vaise reeditar e está no Dicionario da Literatura Galega de Dolores Vilavedra.

Nalgunhas das súas novelas e relatos, no futuro, a tecnoloxía



PACO VILABARROS

Ramón Caride ‘Non teño nada a ver con Harry Potter’

CÉSAR LORENZO GIL

Ramón Caride reivindica o papel dos libros como mundos descoñecidos que nos serven para divertirnos ao tempo que nos fan reflexionar sobre o cami-

ño que vai tomando o mundo. *Xerais* publica agora as aventuras completas de Saïd e Sheila, os dous primeiros heroes da literatura galega de personaxes.

sempre lles serve aos poderosos para oprimiren os máis débiles. ¿Responde isto a un interese de negativismo científico?

O progreso científico está nas mans dos países con poder. Hai excepcións, como Patarroyo, que desenvolveu unha vacina contra a malaria en Colombia, malia todos os problemas coa industria farmacéutica. A miña idea era esa: a ciencia afianza o poder. Este modelo tíreino de autores como Huxley, Clarke ou Asimov. Esencialmente é verdade pero hoxendía, a realidade é moi complexa. Tamén é certo que as novas tecnoloxías teñen un poder liberador, como os medios de información, que poden denunciar as inxustizas, aínda que son manipulábeis. Contodo, hoxe non son tan pesimista coma hai dez anos. Penso que hai que actuar. Non é suficiente quedarnos no fatalismo porque conduce á apatía. Ao escribir para xente nova, decatime de que é importante deixar algunhas portas abertas e dar unha visión positiva. As cousas poden mudar. Todo o que temos é produto do ser humano e nós podemos cambiar moitas cousas, como xa se demostrou en moitos aspectos.

As cifras de publicación en Galicia baixan de ano en ano. O número de lectores non sobe agás entre os estudantes. ¿Faltan quizais libros pegados aos gustos dos lectores? ¿Sería conveniente potenciar a literatura de xénero?

As obras de xénero nunca están en crise. Sempre se venderon ben as novelas negras, fantásticas ou as románticas. En Galicia houbo na narrativa, e persiste na poesía, certa sobrevaloración da personalidade do autor. Contar os problemas de creación nun libro pode ter interese para outro creador, pero non son temas que lle interesen ao común da xente. Aquí, tivemos moitos escritores teimosos en escribir o *Ulises*, de Joyce, a gran novela que tivese todos os referentes; pero para min a gran historia é *A illa do tesouro*, de Stevenson. As dúas son necesarias pero non podemos esquecer que a orixe da literatura é o conto

popular. Este tipo de relato aprende cousas para a vida. A novela de aventuras tamén pretende ser unha aprendizaxe.

O escritor de novelas de aventuras é un explorador. Vai abrindo novas vías e descubrindo o que ve ao tempo que llelo transmite aos seus lectores.

¿É que en Galicia aínda existen guerras internas por decidir qué literatura é a máis importante?

O que pasa é que hai autores moi autoconvencidos da súa importancia. Personaxes que saen constantemente nos medios predicando a súa obra pero que, logo de lela, tampouco ten tanta entidade. Os escritores teñen que defenderse no corpo a corpo cos seus lectores. As cousas extraliterarias teñen a súa importancia pero deben quedar sempre en segundo plano.

Todos os escritores de sagas, crean animadversión contra os seus personaxes. Incluso

Conan Doyle acabou matando a Sherlock Holmes. ¿Xa chegaron Saïd e Sheila a ese punto?

Estou no ecuador da historia. Os personaxes chegaron a un punto de familiaridade. Xa non teño que me esforzar moito para crealo. É un momento bonito e creo que van dar moito xogo. Pronto escribirei máis aventuras sobre as súas vidas. Claro que todo ten que mudar, como xa cambiou desde a primeira novela. Quero que eles amaduren e que vaian protagonizando aventuras máis pegadas á nosa actualidade.

A súa literatura de serie negra parece antagónica dos seus libros de ciencia-ficción. É máis realista e moi pegada ao que pasa na rúa. ¿Sérvelle de alivio unha para a outra?

Sérveme para me aliviar da realidade. Hai novelas como *Sarou*, que só quero contar o que está a pasar nas Rías Baixas, co grave problema da droga. Supoño que o mesmo lle pasará a alguén de Irlanda do Norte, que terá que escribir nalgún momento unha novela sobre a loita entre republicanos e lealistas. Estamos nunha situación moi negra e a literatura válenos para tirarmos o veneno. ♦

Tan lonxe de min
que non podó verte.
Tan preto de min
que doe querer-te.
Tan lonxe, tan preto
caricias recentes.
¡Que lonxe que estás
que non podó verte!
Tan preto, tan lonxe
rapaza insolente.
¡Que preto que estás!
non quero perderte.
Tan lonxe de min,
amor inocente.
Tan preto de min,
distancia indecente.

Antonio García
Teixeiro
(do libro *Palabras
envoltas
en cancións*).

LIBROS NOVOS



Paco Peco Pequeneiro e o mundo do revés

Carapuchiña xa non é
vermella, senón azul e
cunha tranca ben
grande malla no lombo
do lobo. Este mundo
ao revés aparece no
libro de Xelis de Toro
dedicado aos máis
pequenos. As ilustra-
cións son de Andrés
Meixide e editouno
Sotelo Blanco. ♦

son famosos o viveiros e coru as as pezas de li o galegas est n a acadar grande xito en Castela

O ramo galego do textil
está a acadar unha reper-
cusión importante este
século XVIII. As pezas de
liño de Galiza son as prefe-
ridades en moitas feiras de
toda a península. Os com-
pradores danlle o nome de
“viveiros” e “coruñas”,
segundo a súa proceden-
cia. As pezas de liños son
utilizadas en todo tipo
de confección,
desde camisas a
manteis, pasando
por cobertores e
chaquetas. Algunhas
delas van tingui-
das de vivas

cores que as fan moi atrac-
tivas.

Unha industria incipente.
Moitas familias galegas
dedícanse xa a este oficio
que se está a converter
nunha pequena industria. A
maioría compatibilizan esta
producción coas labores
agrícolas. Toda esta lencería
é levada a Castela nas
mulas dos arrieiros.

Tamén algúns dos
emigrantes que van
á sega do trigo á
Meseta levan
pezas de liño
para vender. ♦



PEFE CARREIRO



CANDO VEXAS UN CAN ATENCIÓN AO RABO


A EXPRESIVIDADE DUN CAN (OU CADELA) MANI-
FÉSTASE SOBRE TODO NO RABO. CANDO O RABO
ESTÁ HORIZONTAL INDICA SATISFACCIÓN. PON O
RABO RECTO E CARA ARRIBA CANDO ESTÁ MOI
ATENTO OU EXCITADO. SE APRETA O RABO EN-
TRE AS PERNAS
(PERDÓN, PATAS)
QUERE DICIR QUE ES-
TÁ RETRAIDO OU
QUE TEN MEDO.



Este é o cortello dos porcos
— Temos dous porcos e catro leitóns — di Flora.
Un leitón estase enzoufando na maseira.
¡Uf! ¿Que mal cheiran!

Os Bolechas
VAN Á ALDEA 4

PEFE CARREIRO



As tres Janis. Intérprete de blues dos primeiros tempos; a cantante e compositora de soul da madurez; e o ícono sexual. Abaixo, un dos seus discos, deseñado por Robert Crumb.

AS CICATRICES DE

JANIS JOPLIN

X. ENRIQUE ACUÑA

VOOLVE JANIS JOPLIN E NON PRECISAMENTE POLA SÚA MÚSICA. NINGUNHA DESAS MANIPULACIÓNS ÁS QUE NOS TEÑEN ACOSTUMADO AS DISCOGRÁFI-

CAS ACABA DE APARECER NO MERCADO. ELA VOLTA CO SEU DRAMA/VITORIA PERSOAL, POLO SEU DESAFÍO E DESDE A SÚA DESESPERACIÓN CREATIVA.

“As cicatrices do doce paraíso” é o axeitado subtítulo para unha biografía extraordinaria que chega as librerías. Dentro da solvente tradición anglosaxona do xénero biográfico, Alice Echols, experta nos sesenta —do pasado século— escribe das historias e vidas, curtas as dúas, de Janis Joplin.

Crónica de drogas novidosas e músicas emerxentes desenvolta nun espacio de tempo moi curto no país máis rico do mundo. Logo, esa historia repétese, fíxose case clónica e, a música e as drogas, chegaron onde nós. Os mortos tamén.

Pero todo aconteceu antes da SIDA. O becho aínda non campaba por Austin nin por San Francisco nin nese lugar onde naceu Janis en 1943. Aquel Porth Arthur, Texas, no que o que acontecía en calquera sitio ali non sucedía.

Unha nai, que co tempo odiou, e un pai só atento ao seu soño americano, criaron unha filla que nas bancadas da igrexa xa destacaba pola forza da súa voz. Tempos e días agradecidos para un país ensimismado para un vencedor dunha gran batalla mundial e agora en posición de segregación activa contra o comunismo. Ven o sabí-

an os *Weavers*, por exemplo, que viron proscritas as súas cancións por subversivas xa en 1952. Cancións que xurdían da enorme e ecléctica tradición dun folc blanco que prendía nas universidades entre os mozos máis ousados da *New Left*. Janis cae na conta dos novos cantos e coa súa guitarra e a súa voz anima festas estudantís. Xa é alguén. Mais alguén distinta do que os seus pais soñaban para ela e diferente para a normalidade iniciática dos *college*. Ia selo máis cando pasou a imitar os cantos afroamericanos, cando primou as amistades masculinas e rexeitou os rancios costumes do alumnao sureño. Janis bateu desde moi nova un coctel perigoso e desafiante que a arredou do seu entorno familiar e que a levou a ser desprezada desde a estreitez de costumes dunha universidade clasista como a que ela pisou. escoitar a Etta James, Odetta e Mary Travers, admirar a Bessie Smit, ter acné, ser a primeira en non levar sostén e non querer ser animadora era demasiado para aquela benpensante Texas que aínda mantiña a segregación racial. A música será o camiño de



fluxada, do vagabundeo por autoestradas e gasolineras, das horas en antros con músicos negros e o de chegar a calquera vila preguntando antes que nada: “oes tío hai algún bar aquí?”.

O alcohol foi o primeiro escape e nunca o abandonou, logo o *speed* e despois o que fora. Polo medio, relacións fracasadas e estúpidas con ducias e ducias de homes, os peores de cada casa según a súa biógrafa Alice Echols, e algunha muller. Tamén a persecución obsesiva polos ritmos que facían os afroamericanos. Os de Otis Redding, sobre todo, e os que chegaban desde Inglaterra imitando o *blues*.

Desde 1963 Janis quixo vivirlo todo e probar de todo. Pastillas do que fora, logo a xeringa con

speed e, ao fin, a heroína. Polo medio ser *beatnik*, a explosión do ácido, o hippismo e as flores.

Deu no camiño coa dietilamida e coa electricidade das guitarras superando o folc. Cadrou con mozos educados na universidade ou en escolas de arte para procurar a mestizaxe coa negritude. Janis quería cantar como unha negra nos mesmos días que Hendrix andaba a triunfar como un branco. Un soño interracial que terminou o día que asasinaron a Luther King. Xa nada foi igual en San Francisco, nin en Austin, nin en Chicago. A música xuvenil xa non voltaría ser o que era, nin a opción iniciática polas drogas deixaría dar marcha atrás. Os amigos lembran como Janis, cando se enteraba da morte dalgún coñecido por sobredose, o primeiro que facía era ir a pillar droga e xeringarse. O chute e o alcohol xa eran a súa biografía. O día a día circulaba a tanta velocidade como as trescentas negras por minuto que despachaba cantando cos *Big Brother and the Holding Company*, o grupo co que lle chegou o consolo do seu resentimento.

Dela dise que lle bateu unha botella na testa a Jimi Hendrix,

que rexeitou a Jim Morrison e que se deitaba con mulleres sen querer ser lesbiana. Tamén, que no escenario atopaba a súa sexualidade e que pasou do *blues* ao *soul* no peor momento.

Desde aquela que lle chamaban porca en Texas á que impactou co seu disco *Pearl* hai pequenos vietnam particulares. As sobredoses, o complexo de non pertencer a clase obreira, os desamores continuos, o whiskey *Southern Comfort* e centos de hoteis. Unha devastación persoal que fixo posíbel unha cantante única e desgarradora.

O ícono de moza liberada ten unha volta de follá. O chute entre montañas de merda en Wosdtook é a cara oculta dun imaxinario colectivo consumido fóra das fronteiras do imperio. Janis non chegou a coñecer a peor devastación que se abateu sobre os máis afortunados. Morreu soa nun cuarto dun hotel calquera en 1970. Vinte anos despois caían por centos nas nosas rúas. Os lamentos de Janis Joplin son aínda da mellor música que coñecemos e os que, á vez, nos axudan a entender algo do que verdadeiramente pasou con ela e con outros moitos máis. ♦

O ANO DE XOEL LÓPEZ

A. ESTÉVEZ


A crítica ensálzao e o videoclip do seu single *I'll see you in London* está a ser emitido pola MTV. O novo proxecto do coruñés Xoel López, *Deluxe*, non podía ter un ano mellor.

Se non sabemos da capacidade que ten para compoñer cancións, Xoel López aparece a primeira vista como un rapaz tímido, tan listo como aquel neno de cómic, *Pitagorin*, pero sen o seu afán de dar sempre a lección e contentar ao mestre. Con vinte e catro anos recién cumpridos, Xoel tamén estudia, na universidade de Salamanca, pero agora mesmo ten un pouco abandonados os libros. Substitúeos por roldas de prensa, promocións nas emisoras de radio e concertos nos que interpreta os temas do seu disco *Not what you had thought* (Non é o que ti pensabas). "A xente esperaba que o meu disco fora unha continuación da *Elephant Band* e eu xa aviso desde a portada de que non é así", comenta.

Recapitulemos. A *Elephant Band* é a súa anterior banda. Formada na Coruña gravou dous discos de marcado estilo sesenteiro. Xoel cansou dela, xa non cría no seu proxecto. "As cancións deste primeiro disco de *Deluxe* foron compostas cando aínda estaba coa *Elephant*. Pensei que podía

atender aos dous grupos, pero cando chegou o momento decidíme por *Deluxe*. Todo pasou moi rápido, só sei que non houbo evolución na *Elephant Band* e que eu tiña que dar saída a todas as influencias que estaba acumulando", conta. Xoel considera que hai moitos músicos na Coruña, pero que o ambiente musical ten estado marcado nos últimos anos por grupos con demasiadas influencias dos sesenta.

O que non esperaba Xoel é que en poucos meses a crítica vira no seu disco a esperanza do pop independente e, non só iso, senon que o traballo se vendera. O primeiro single ocupa o posto número 12 na lista de vendas AFYVE. "Esta é a oficial, a das vendas reais. Non ten nada que ver coas listas de éxitos que pagan as propias compañías para promocionar os seus discos. O meu single está aí porque se está a vender". Non pode ocultar a satisfacción que lle produce ver o seu videoclip na MTV. E anuncia-nos cun grande sorriso que en dous meses haberá outro disco de *Deluxe* na rúa.



FACO VILABARROS

'Estou innovando'

Ten unha voz potente, admira aos grandes cantantes e ten predilección pola música negra. Encántanlle Curtis Mayfield e Stevie Wonder. Tamén moitos máis, porque "non teño prexuízos" e escoita unha morea de música, desde os anos sesenta até discos moi recentes. En directo versiona a David Bowie e, como capricho persoal, na cara B dun single inclúe a súa inter-

pretación de *There is a light that never goes out* (Hai unha luz que nunca se apaga) dos británicos The Smiths, grupo que trunfaba cando Xoel tiña sete anos. Os seus gustos lévanlo tamén ao Brasil, e a Caetano Veloso, do que non descarta versionar algun tema. Preguntámoslle por que canta en inglés. "Teño pensado facer algunha canción en castelán. Non me importaría cantar en galego ou portugués. Pero o certo é que estou máis cómodo en inglés, un idioma que non che dá ventaxas para vender no mercado español, pero si para ser escoitado fora", explica.

Xosé Martínez, Xoan Xil, Diego Castro e Ricardo Saavedra forman a banda fixa que acompaña a Xoel. Pero este é o seu proxecto, el non o nega e defínese como o director. A crítica fala dun po-

tencial esaxerado para compoñer cancións. Alguén comentou tras un concerto de *Deluxe* que tocaban tan ben que semellaba que estaban a facer algo novo. "Está todo inventado, a electrónica xa parte dos sesenta e dos setenta. Eu intento facer unha mestura co que me gusta, estou innovando non criandoo", puntualiza. Aínda que a base das composicións de Xoel é a música pop, o seu disco ten moitos arranxos que marcan as diferencias: teclados, piano, sitar e electrónica.

'Música independente non quere dicir música non comercial. A min gústame chegar ao público'

A sorte tamén sorri a Mushroom Pillow, a discográfica que edita a *Deluxe*. Orixinaría de Lugo, os seus fundadores emigraron a Madrid na percura de maiores posibilidades de desenvolvemento.

O éxito do disco de Xoel permítelles poder editar a outros grupos. Pedímoslle a Xoel que faga un exercicio de egolatría e nos diga que virtudes ten este disco, publicado en Abril, para despedir con tanto éxito o 2001. "Mira, a xente pensa que a música independente non é música comercial. E non é así. A música independente caracterízase pola falta de orzamento, pero non porque teña intención de quedar nun círculo reducido. A min gústame chegar ao público, se dixerá o contrario, mellor quedábame na casa". ♦

Stefan Heym

MARGA ROMERO



Morreu o 16 de decembro Stefan Heym, escritor que emociona as conciencias, político necesario, representou o pobo e a escrita da Alemaña do Leste. Querido polos sen voz e temido polos comediantes que (re)unificaron Alemaña dese xeito.

Naceu en 1913 en Chemnitz, fillo dun comerciante xudeo, inicia o seu exilio en 1933, parte da súa familia morre nos campos de concentración nazis. Primeiro Praga e logo Estados Unidos, convértese en redactor-xefe dunha revista antifascista. Entra no exercito americano, participa no desembarco de Normandia en 1944. Escribe a súa primeira novela en inglés *Hos-tages*, logo segue o que sería un best-seller, *The Crusaders*. Descubre que Estados Unidos non é ese país da liberdade. Nos tempos de McCarthy, Heym ten simpatías comunistas e iso págase, sempre. É excluído do exercito americano, perde o seu traballo de corresponsal nos xornais americanos na Alemaña, está en contra da Guerra de Corea.

En 1952 instálase na RDA. En 1954 recibe o premio literario Heinrich Mann pola contribución realista ás loitas sociais, representante dos exiliados antifascistas. Como marxista crítico escribe no *Berliner Zeitung*, como escritor é censurado cando en *5 tage im Juni* trata da revolta do 17 de xuño de 1953 dos obreiros berlineses. En 1978 é obrigado a deixar a Unión de Escritores e algúns dos seus libros non se publicarán na RDA. El non se sente un opositor do "réxime", para el a función dun escritor é mostrar as feblezas dese réxime para porlle remedio.

En 1994 é elixido deputado do Parlamento (Bundestag) polo PDS, a agrupación dos comunistas do leste e alí, malia a oposición social democrata, ocupou a presidencia honoraria que corresponde ao parlamentario de maior idade. Co seu discurso abría a segunda lexislatura despois da reunificación alemana e removía as conciencias. ♦

BREAKFAST IN TIFFANY'S GARRINCHA





MULLERES VIRXES — CRISTINA RODRÍGUEZ

ESTE NADAL, CRISTINA RODRÍGUEZ (TUI, 1975) PRESENTANOS A SÚA VISIÓN HUMANIZADA DA IMAXINERÍA DA

VIRXE. SUFRIMENTO, SUBMISIÓN, DOR, LEDICIA, BELLEZA, BÁGOAS, PAIXÓN, FIDELIDADE, PUREZA, XUVENTUDE...

SOÑOS ELÉCTRICOS

CÉSAR LORENZO

Eu voei a ponte sobre o río Kwai

Esta sorprendente afirmación non é o título de ningún best-seller nin algunha secuela da brillante película que dirixiu David Lean. Simplemente é a frase de fachenda medio enigmática que pronuncian diante dos espellos da súa casa centos de xogadores do *Commandos 2*. Este xogo de produción española, desenvolvido por Pyro e distribuído por Eidos, alcanza nesta súa segunda parte un alto nivel de entretemento e ese ideal de calquera xogo de ordenador: deixar pegado á pantalla ao xogador durante horas e horas sen que se decate.

O primeiro título da serie *Commandos*, de 1998, supuxera un cambio radical no xeito de facer xogos de estratexia. A idea é sinxela pero atraente. Como se fosemos un omnipotente oficial dun comando das forzas especiais aliados durante a Segunda Guerra Mundial, temos que dirixir os nosos mellores homes "detrás das liñas inimigas" (este era o subtítulo do xogo) e completar unha difícil misión.

Nesta continuación, os deseñadores optaron por conservar o mellor da primeira parte e repensar desde os alicerces todo o mecanicismo do xogo. O sistema de control é simple. Cada compoñente do comando ten uns atributos e especialidades que debemos aproveitar para as tarefas de cada misión. A través



de diferentes atallos de teclado e ordes específicas, como atonar os inimigos ou gatuñar por un poste telefónico, poderemos acabar con éxito o rescate, asesinato selectivo ou voadura que

lle poña irto o bigote a Hitler e faga adelgazar a Goering.

O noso comando segue a contar cun boina verde un pouco tuituzo que tira de coitelo á mini-ma, un marine rouco e algo gali-

coso ben sufrido, un espía francés espelido, un artificieiro con moita fiama británica e un sexto sentido para espreitar minas, unha *femme fatale* holandesa que despista os alemáns cun pintala-

bios, un francotirador que aprendeu o oficio matando cervos nos bosques de Sheffield, un condutor tolo capaz de conducir baixo unha chuva de balas, un ladrón de xoias da resistencia francesa e un can, Whisky, ideal para transportar armas e outros obxectos. Todas as biografías dos personaxes poden lerse en <http://ciberia.ya.com/inpryce/totaledmarcos.htm>.

Vivir unha película

Tal e como dixeron en repetidas ocasións os creadores de *Commandos 2*, unha das cousas que máis interese teñen no xogo é a posibilidade de revivir en primeira persoa o argumento dos máis famosos filmes de guerra. Non en van, unha das dez misións xogábeis consiste en voar a ponte sobre o río Kwai, que construíra con tanto xeito Alec Guinness. Noutra, o comando deberá entrar na prisión de Colditz e aínda terán tempo para facerlle a vida imposible aos nazis en París.

Para os que queiran achegarse a este xogo, cómpre indicarlles que ten unha técnica moi complexa, divertida pero difícil. Os alemáns teñen mil ollos e escoitan ata o riso dun rato. É básico gravar a partida cada vez que pasemos algún atranco e non perder a paciencia cando nos vemos incapaces de atravesar un río ou movernos nunha casa sen que nos mire algún inimigo, que denantes de disparar, sempre nos deleitará con al-

MEU SANTO, MIÑA SANTIÑA

FRANCISCO A. VIDAL

Santa Adelaida, emperatriz

Adelaida casou co rei Lotario de Italia para selar unha alianza real coa súa casa de Borgoña, pero as intrigas palacianas e as disputas habidas nunha Europa en formación, produciron a morte por envelenamento do monarca e o encarceramento da viúva por orde do novo rei, Berenguer II quen, tratando de afianzar o seu poder e sacala de diante como competidora polo trono, proponlle a menos drástica das posibilidades: o matrimonio co seu fillo Adalberto.

Se algo aprendeu Adelaida

durante o seu curto reinado, foi a rodearse de bos conselleiros, de persoas que lle preparasen o camiño do trono como se as cousas da realeza non fosen con ela, como se o acceso á soberanía do país fose desexo divino e necesidade popular; e ela, que non quere perder a súa autonomía, renuncia ao beneficioso casamento proposto polo rei, e prefire seguir intrigando desde a prisión, coa axuda do seu confesor, quen corre a voz de que a viúva pasa o día rezando, falando con Deus e resignada a facer

o que Deus queira.

A Igrexa, voz e brazo executor da vontade divina, quedou coa mensaxe: "esta muller conta con nós".

Adelaida era moi nova, pero sabía moi ben que en asuntos de política non se pode ir por libre, e daquela, despois de pensalo moito, por medio do seu confesor, accede a presentar unha moción de censura ao estilo da época contra o monarca: foxe do calabozo e, acollida ao refugio dun castelo alemán, soporta

o asedio de Berenguer II mentres agarda a axuda de Otón o Grande, rei de Xermania, a quen convence con promesas de beneficiosas alianzas. E non lle saíu mal, pois ambos casaron e uniron os seus reinos nun imperio bendicido polo mesmísimo papa Xoán XII.

Durante máis de trinta anos, o imperio Xermano foi acadando novos territorios e selando alianzas, a primeira dama dedicase ás obras de beneficencia, funda conventos e hospitais, e casa á súa filla Enma, froito do seu primeiro matrimonio, co rei dos francos, mentres Otón busca o amparo dos bizantinos casando o seu fillo coa princesa Teófano. Mais, sogra e nora non se van levar moi ben.

Cando Adelaida volve enviuar, e Otón II senta no trono, acatando o desexo da esposa, que non quere que haxa dúas primeiras damas, expulsa a nai do pazo real; e esta recóllese nun dos conventos que fundou, contendo a rabia e argallando o regreso.

Os seus confesores, verdadeiros ministros e conselleiros reais, intrigan no pazo contra a bizantina, ata que Adelaida volve a ser acollida entre os membros da familia, pero sen lle permitir tomar parte nas decisións do goberno.

O caso é que, cando a rela-

ción da familia parecía mellar, Otón II morre, e a súa esposa convértese en rexente mentres o principío, Otón III, non cumpre a idade de decidir por si mesmo; e como primeira medida, Teófano expulsa á sogra da corte, a Igrexa teme á bizantina por nada pode facer. E Adelaida, fiel á súa condición de sogra da primeira dama, cala, sosega aos seus partidarios e retírase como se aquel desprezo non fose con ela. (A música ía por dentro).

Sen embargo, Teófano morre ao pouco tempo por unha extraña enfermidade, sen que as haxiografías nin os libros de historia sexan capaces de aclarala; e daquela, Adelaida, accede de novo ao consello real como primeira dama, asesorando ao seu neto nas grandes decisións de estado, entre as que está empregar a reconstrución do antigo imperio de Carlomagno e o acceso ao papado dun sobriño seu, que rexerá co nome de Gregorio V.

Asegurando o amparo da todopoderosa Igrexa, perdéronse os temores de antano a que outros nobres pretendesen o reinado do seu neto, ela, xa maior para seguir pelexando, pero co bechicho ese do mando metido nos osos, acolleuse ao amparo dun convento como abadesa, ata o día da súa morte. ♦

CANTINA MEXICANA



RUA MARTIN CODAX VIGO



Xosé M. Pereiro
‘Aínda me emocionando cando vexo un artigo meu publicado’

A.N.T.

¿Podo preguntarlle que pintan Cuiña e a súa moto na portada do libro *Si home si no que reúne artigos seus en prensa*?

Porque quería mostrarnos como andaba en moto e non lle arrancaba. Tiven que empuxala. Aconteceu nunha entrevista na súa casa que fixen xunto a Santiago Romero, ao que estou extorsionando porque tamén hai fotos del con Cuiña. Penso que a pirueta de Cuiña na moto reflexa o escepticismo da xente cos políticos. A el pareceulle ben que a utilizara no libro; disculpouse por non poder asistir á presentación e recordoume que xa me promocionaba bastante saíndo na portada do libro.

Afirma que os políticos nunca din a verdade. ¿De que se fían os xornalistas?

Os políticos son económicos coa verdade, que sempre é a súa. Coido que teñen dereito a enganar, pero non a tomarnos o pelo. É algo que nos acontece aos xornalistas, semella que só temos compromisos coa fonte e, reproducimos que mengano promete tal cousa por terceira vez cando sabemos que nos está a tomar o pelo. ¿E que hai do noso compromiso co lector? Como xornalista non teño solucións, pero esas columnas sirvenme para poder opinar.

¿Tiña medo de que os artigos morreran no papel do xornal e por iso decidiu xuntalos?

Quería publicar o libro, en primeiro lugar, porque os artigos saían nun xornal da Coruña e eu teño familia espallada por outras cidades. Non é cuestión de andar por aí cunha carpeta de recortes dos meus artigos para ensinalos. En segundo lugar, por vanidade. A min aínda me dá moito respecto asinar o que escribo, canto máis un libro.

¿A estas alturas?

Aínda me poño nervioso despois de facer unha reportaxe ou un artigo no que aporato algo de emoción, antes de velo publicado. ♦

ANACOS DE BOROBÓ

O exemplo de D.A.M.R. Castelao

Tras “la fúnebre manquedad de Dios pagano” que cantou, nun áureo verso, don Antonio Machado, soe aparecer no meu miolo do noso Daniel. Dun xeito virtual, se ben terrenal, podería asegurarse que vexo, dende o meu outeiro de Trevonzos, aos dous xeniais arousanos. Mirando á dereita observo a D. Ramón María deambulando por Vilanova ou Cambados. Mesmo ao fronte, na angra rianxeira, descubro, dende o meu balcón de Castelao, ao guieiro da galeguidade.

Esta asociación de imaxes dos galegos inmortalis, que me leva a culminar o *Libro dos Exemplos*, cos máis excelsos deles, ven sendo na escritura de Borobó unha recurrencia moi clara e próxima. Aínda non hai dous anos que presentei certa comunicación ao Congreso de Castelao (celebrado na súa vila natal, conmemorando o cincuentenario do seu pasamento) na que tratei xa da ligazón entre o inxel autor e o ilustre escenógrafo de *Divinas Palabras*. Non me dou tempo entón a ler alí máis que un cuarto do meu recén feito ensaio; pero a espléndida revista *Madrygal*, da Cátedra da lingua e das letras galegas na Universidade Complutense, publicóuno íntegro pouco despois.

Logo practiquei a intertextualidade reproducindo tales papeis, adrede de Castelao con Valle-Inclán, no cacho segundo, *Sempre e máis dispois*, do meu penúltimo libro segredo, *Daniel, o noso*. E aínda prosigui a recurrencia ao publicarse enteira aquela comunicación, nas Actas do Congreso.

■ OS LIBROS SEGREDOS DE BOROBÓ. Na sucesión dos meus libros segredos, pois ninguén os lé, nin os atopa, *El fantasma de Valle-Inclán* xa predecera a *Pablo Iglesias, o galego*, *A Cantora do Sar* e máis *O Reiseñor de Trasalba* malia a adicación a Rosalía de Castro, ao avó do socialismo español, ao inventor dos *Esperpentos* e a D. Ramón Otero Pedrayo, de sendos volumes, non poiden evitar a sonda de que tan só posuía a exclusiva literaria da Bella Otero. Agora que trasmitín o meu incerto monopolio a outra fermosa muller, confío que esa fama teña outros fundamentos máis conformes coa miña longa obra xornalística e coa literatura, ben tardía.

Posto que pouco importaba que fose o sinxelo cronista da intrahistoria do país que escribira centos de *anacos*, e moitos deles consagrados a outros tantos galegos da maior eminencia contemporánea. Penso que ningún outro dos nosos xornalistas, por non dicir escritores, compuxo unha sarta semellante, de semblanzas biográficas, ás que se engaden os sesenta e tantos *exemplos* que apareceron aquí.

Faltaba Daniel Alfonso Manuel para coroar tan ignorada serie de galegos egrexios, ata que reunín moitos dos *anacos* e ou-



tros *papeis*, coma os xa mencionados, que escribira a mantenda dil, no libro, que por fin Edicións do Castro publicou na súa excepcional serie de Documentos. Mais o material reunido en *Daniel, o noso* excede pra poñelo de exemplo.

Se ben igual que puxen o de Otero Pedrayo, malia ter publicado xa *O reiseñor de Trasalba*, cabe aínda que trate aquí un pouco do xenial creador das *Cousas*; limitándome soamente aos meus recordos personais, directos, sen nengún recurso alleo. Tendo en conta que dos cinco inmortalis paisáns sobre os que tratei de abondo –Rosalía, Pablo Iglesias, Valle-Inclán, Castelao e Otero Pedrayo– soamente das dúas primeiras persoas non me cupo a ledicia de escoitar a súa preclara voz. Non cheguei a tempo pra coñecelas...

■ MEMORIAL CERÁMICO. Dase a casualidade que sería, precisamente, perto do Porto da antiga Bisría, onde por única e derradeira vez ouvín falar a Don Ramón del Valle-Inclán, o sitio no que escoitei por primeira vegada a Castelao. Pois, coma lembro en *Daniel, o noso*, o artista máis interesado pola Cerámica Celta e o que máis influíu na súa produción, singularmente na orixinal de meu pai, foi Alfonso Rodríguez Castelao. Non pasaba por Cesures, aínda nos días de maior acción política, nas súas constantes viaxes dende Pontevedra a Rianxo, Santiago ou A Coruña, sen desviarse a Calera de Ramón Diéguez. Aportaba en cada visita novas suxerencias, correxía algunhas desviacións do concepto estético, medullantemente galego, que el arelaba pra o estilo da cerámica alí esta-

blecida, á beira do Ulla.

Mais eu xa admiraba ao famoso caricaturista de *Galicia* dende moi rapaz. Dun xeito especial dende que o vin na I Feira do Automóbil da Ocasión, celebrada no meu pobo a finais de xuño de 1925. Contribuíra ao éxito dela cunhas divertidas caricaturas; nunha das cales un feirante miráballe os dentes ao motor dun coche e noutra o monumento erixido ao automóbil máis antigo do país, “que tanto medo metía cando corría”. ¡Que vello xa parecía aquil vehículo, que todo o máis un cuarto de século antes empezara a andas polas estradas galegas!

Anal artista, no tempo en que era xa un político excepcional, coa Cerámica Celta chegou a cúmulo de atribuír os expertos as súas máxicas mans a labra da peza máis descollante: a feita do *cabuxo*. Sen que se fiaran da miña ditosa memoria que recorda moi ben a don Víctor esculpindo en barro ao cabuxo; seguindo ao seu querido condiscípulo de Fonseca e compañeiro de Tuna.

■ LEMBRANZAS PERSONAIS. Aínda que o primeiro lecer en que ouvín falar en público a Castelao foi, por ises anos da República, no paraninfo da Universial de Santiago. Repitíu alí, por enésima vez, a súa conferencia primordial encol da arte da caricatura. Pero, para min e tantos outros estudantes, supoñía unha leda novidade aquela recurrencia; ao vir explicar ao maxistrado artista a súa técnica dibuxística, ilustradas cos rasgos das caricaturas que trazaba con tiza no negro taboleiro.

Marabíllame lembrar que o guieiro da galeguidade foi pre-

sentado alí xa por Fernández del Riego; o que mostra a temprana precocidade oratoria e directora do prohomo que acaba de deixar, porque quiexo, a presidencia da Real Academia Galega.

Setenta anos dando a cara soementes cabe nunha forteza física e anímica coma a do noso constante colaborador na *Noite* que asinaba tamén *Salvador Lorenzana*.

A segunda vez que escoitei en público a Castelao o asunto era xa absolutamente político posto que foi no mitin de propaganda da candidatura da Frente Popular, dado no *Salón Cesures*. Recordo que entre os teloneiros dos outros partidos que precedían ao líder do galeguismo, figuraba Adrio; un brillante xoven pontevedrés que axiña sería gobernador civil e por ende, logo, fusilado. As palabras de Castelao foron un eco das tan históricas que pronunciara nas Cortes constituintes da República, no debate da totalidade da Constitución.

Non volví ver ao pro-teico arousano ata que cheguei a Madrid, no bético setembro de 1936. Foi a postrera ocasión na que olleei ao noso Daniel. Estaba sentado ante un velador na terraza dun café da Gran Vía; entre un ambiente de cañonazos que aínda afogaban as muíneiras dos gaiteiros de Soutelo alí presentes. Retornaban da Olimpiada Popular de Barcelona e acolliábanse ao amparo de Castelao, mentras non conseguiron pasarse á *zona nacional*.

O grande artista, escritor e político, acordouse dos seus amigos e correligionarios da Cerámica cesureña, e preguntóme, con moita preocupación, pola sorte de meu pai, don Víctor. ♦

O Trínque

Consuma poesía

Os petos baleiranse no Nadal para alegría dos grandes almacéns. Estamos diante dunhas celebracións nas que a ninguén se lle escapa que o reis dos Reis é o consumismo. Para poñerlle freo pero tampouco ir de rompafestas propónse unha receita per-


fecta: agasallar poesía. Como novidades, a obra poética completa de Manuel María (Espiral Maior), 1999 de Helena de Carlos, *Casa atlántica, casa cabaret* (os dous en Xerais) ou *Ferrol, corazón de navío* de Xohana Torres (A Nosa Terra). ♦

LE CER

Coordinación: Eva Montenegro Piñeiro

GUIEIRO DE CULTURA E ESPECTÁCULOS

I Festival de Hardcore Galego



Os Túzaros.

O venres 21 de decembro a partir das dez da noite na Praza do Concello de FERROL, organizado pola *Fundación Artábria*, e coa actuación de **Exu**, da Coruña; **Túzaros**, de Compostela; **Kalashnikov**, de Vigo; e Wis-

don, de Trasancos. O hardcore está a ter no noso país unha boa resposta coa aparición dun importante número de grupos que se inclinan polo monolingüismo en galego. Máis información no telf. 651 148 662. ♦

MÚSICA

ART SCHOOL+

DELUXE

Van estar o venres 21 no pub *Bule Bule* ás 22:30 h. A entrada custa 800 pta. ou 600 por adiantado.

Cee

TEATRO

COMPANÍA

Esta é a obra que *Galería Cía. de teatro* vai representar o domingo 23 na *Casa da Cultura*.

Chantada

MÚSICA

CORAL POLIFÓNICA

O Sábado 22 ás 20:30 h. van cantar no *Círculo Recreativo Cultural*. O Domingo 30 será a agrupación **Acordéus da Alameda** os que toquen ás 21 h. no mesmo lugar.

A Coruña

CINEMA

CGAI

Abre a programación desta semana cun ciclo dedicado ao *Free Cinema* no que se abre un apartado de documental; O xoves 20 o ciclo vai estar dedicado aos anos da Gran Guerra e os documentais que se proxeccionarán son: *London can take it*

(Humphrey Jennings e Harry Watt, 1940), *Heart of Britain* (Humphrey Jennings, 1941), *Listen to Britain* (Humphrey Jennings e Stewart McAllister, 1942), *Ordinary people* (Jack Lee e J. B. Holmes, 1942) e *A diary for Timothy* (Humphrey Jennings, 1945). Para continuar co xénero proxecciónase o venres 21 ás 21:15 h. as fitas: *O dreamland* (Lindsay Anderson, 1953), *Mamma don't allow* (Reisz e Richardson, 1955), *Toguetter* (Lorenza Mazzetti e Denis Horn, 1955), *Nice Time* (Claude Goretta e Tanner, 1957) e o filme *Everyday except Christmas* (Lindsay Anderson, 1957). O sábado 21 remata a programación deste mes coa proxección de películas de antes do *Free Cinema* ás 18:30 h.; serán *Sunday by the sea*, *Thursday's children*, *The bespoke overcoat*, *We are lambeth boys* e *Terminus*, todas rodadas entre os anos 1953 e 1961. A programación non se reanuda ata o 8 de xaneiro. Información en www.cgai.org.

neiro, vai estar aberta na *Estación Marítima*.

RECORDANDO O S. XX Mostra colectiva que vai estar aberta ata o 7 de xaneiro na galería *Arte e Imagen*.

WILDLIFE PHOTOGRAPHER OF THE YEAR

Ata o 31 de decembro poderemos ollar esta mostra fotográfica na *Casa das Ciencias*, froito do concurso máis prestixioso de fotografía de natureza que existe no mundo, organizado polo *British Museum* e a *BBC Wildlife*. A colección amosa os premios principais e as mellores imaxes de cada sección nunha exposición fotográfica e audiovisual.

SISSI

No *Quitoso Afonso* e na *Estación Marítima* poderemos ollar unha mostra en torno a esta figura tan coñecida da monarquía austríaca. Ata o 6 de xaneiro.

ISTO É DIÑEIRO.

DAS ORIDES AO EURO A *Fundación Barrié* presenta esta mostra na que poderemos facer un percorrido a través dos moi variados obxectos e materiais empregados como diñeiro ao longo da historia; unha sección adicada ao exótico, unha volta polas principais moedas españolas desde o drama á peseta, unha sección especial adicada á peseta desde 1968 ata o euro, para finalizar cun apartado sobre a moeda cuñada na Galiza. Ata o 30 de decembro.

LUÍS CARUNCHO

Na galería *Atlántica* poderemos ver unha mostra das súas esculturas.

PARÍS, PARÍS, PARÍS

Onde poderemos coñecer obras de vinte artistas entre os que podemos atopar nomes tan destacados como **Pablo Picasso**, **Joan Miró**, **Maruxa Mallo**, **Colmeiro**, **Juan Gris**, ou **Luis Fernández** entre ou-

trous, até o 30 de decembro na *Fundación Barrié*.

UN SACO DE PAN DURO

Mostra que, ata o 6 de xa-

ASIA

A Colección Oriental do Museo Español de Artes Decorativas podémola contemplar no *Museo de Belas Artes* ata o 27 de xaneiro.

CELSO VARELA

Dentro do ciclo chamado *Os nosos artistas* poderemos ver a súa, obra ata o venres 28, na biblioteca pública *González Garcés*.

PANTASMAS DE MARTE.

Durante a colonización de Marte, un grupo de policías vai a unha vila a recolectar un preso, pero o lugar está poboado de asasinatos afectados por un virus misterioso. Película apocalíptica de John Carpenter.

DÍA DE ADESTRAMENTO.

A clásica historia de policía novato e policía veterano, pero que neste caso consegue fuxir dos estereotipos ata ofrecer un panorama social de notable originalidade. O drama cobra ademais sentido conforme avanza o filme. Non é unha obra mestra (o director non se atreveu a fuxir dalgúns tópicos) máis paga a pena.

AMÉLIE.

A vida poética de estar chea de sorpresas e a de Amélie é bo exemplo. As persoas son todas singulares e en cada casa hai unha historia que contar. Amélie é unha maga moderna, unha muller que busca de maneira invisíbel conseguir a felicidade de quen o precisa. Comedia entretida, divertida por veces, empalagosa en mo-

CLARA E ELENA.

Triste, moi triste é esta película interpretada por Car-

Salty Water

En concerto esta semana, en VIGO no pub *Nashville* o mércores 26; e en BOIRO, o venres 28 no pub *Tokyo*. Información en saltywater1@hotmail.com. ♦



MUCHAS FLORES **Rosario** presenta este seu novo disco no *Pazo de Congos* o xoves 20 ás 22 h.

MÚSICA

MUCHAS FLORES

Rosario presenta este seu novo disco no *Pazo de Congos* o xoves 20 ás 22 h.

S.F.D.K.

O xoves 20 ás 21:30 h. darán un concerto na sala *Mardigras*.

Culleredo

EXPOSICIÓN

CREACIÓN

FOTOGRAFÍA

Mostra do premio *Luís Kusado* que poderemos ver no *Multiusus* ata o 22 deste mes.

A Estrada

EXPOSICIÓN

CARTELISMO

COMERCIAL EN ESPAÑA. Podemos ver esta mostra, que recolle os traballos realizados entre 1870 e 1960, na sala *Caixanova*.

M. FDEZ CRUXEIRAS

Estradense auto didacta que

O Barco

EXPOSICIÓN

ROBERT DOISNEAU

Seguindo as teorías do *Momento decisivo* de Cartier-Bresson **Anxel Trillo** pretende coa fotografía captar, por exemplo, os tipos de vento, os retratos, as emocións... Esta serie compón unha visión de París no tempo de inverno. Na sala de exposicións *Caixanova* ata o 30 deste mes.

TEATRO

SEXISMUNDA

A *Casa da Cultura* serve de escenario a **Sarabela Teatro** o venres 21. E o domingo 22 será *Romance de Mococón e Adelaha* a obra que poderemos ver da súa man.

Begonte

EXPOSICIÓN

BELÉN ELECTRÓNICO

Na igrexa parroquial poderemos contemplar este enxeño durante estas festas.

Betanzos

EXPOSICIÓN

BETANZOS

FOTOGRAFÍA. Coarenta imaxes dos séculos XIX e XX compoñen esta mostra que alberga o *Liceo*.

Cambre

EXPOSICIÓN

CERTAME DE PINTURA

Mostra da XVIII edición deste premio. Ata o 30 deste mes.

Cangas

TEATRO

REPRESENTACIÓNS

NO AUDITÓRIO

Neste local municipal poderemos ver varias obras esta semana. O mércores 26 da man de **Tarabulque Teatro** vai nos chegar *Pallasos puros e duros, tres pallasos en apuros*; o xoves 27 poderemos ver o espectáculo *Pedro e o lobo* que escenificará a compañía **Tres Globos**; e

Titeres&Gualtrapas estarán o venres 28 para nos representar *O show de Tomás*.

Carballo

TEATRO

ESPANTOSO

Mohicania vai beneficiar esta obra o sábado 29 na *Casa da Cultura*. Ese mesmo día, **Artello Teatro** alla *Scala 1:5* van subir ao escenario coa obra *A do libro*.



Carteleira

A ZONA GRIS.

Para alargar a súa vida catro meses, un grupo de xudeus colabora cos nazis nos campos de exterminio. O instinto de supervivencia enfróntase á mala conciencia e a corrupción á necesidade de preparar unha sublevación.

SEN NOVAS DE DEUS.

O ceo e o inferno rivalizan pola alma dun boxeador á beira da morte. Dúas emisoras, en forma de anxos, cólanse nos seus últimos días. Suposto duelo interpretativo entre unha brillante Victoria Abril e unha Penélope Cruz que segue sen convencer. Moita promoción para pouca cousa.

SÓ MIÑA.

Violencia de xénero nunha familia de clase media-alta. Amosa a imprecisión na que viven as mulleres, incluso con recursos económicos, que denuncian os malos tratos. Estremecedoras interpretacións de Sergi López e Paz Vega.

HARRY POTTER.

Reprodución en cine dos contidos do libro. Case 80 millóns de persoas coñecen o argumento pero irán ver as aventuras dun rapazalo e os seus amigos nun mundo de maxia, e loita entre o ben e o mal. Excelentes efectos especiais.

O FILLO DA NOIVA.

Historia dunha saga familiar na Arxentina da crise: crise económica dos pequenos negocios; crise de parella ao chegar aos cuarenta; crise da vellez golpeada polo Alzheimer. Sobrias interpretacións para unha comedia de fondo serio.

XOGO DE ESPÍAS.

Un axente da CIA a durantes de xubilarse conspira durante 24 horas para salvar a vida dun pupilo seu, pendente da pena de morte nunha cadea chinesa, mentres a *Agencia* pescuda o seu pasado para xustificar abandonalo.

NIN UNHA PALABRA.

Un grupo de la-

dróns secuestra á filla dun psiquiatra para obrigalo a averiguar onde foi que unha rapaza tola agachou un rubí roubado dez anos atrás. Intriga.

PANTASMAS DE MARTE.

Durante a colonización de Marte, un grupo de policías vai a unha vila a recolectar un preso, pero o lugar está poboado de asasinatos afectados por un virus misterioso. Película apocalíptica de John Carpenter.

DÍA DE ADESTRAMENTO.

A clásica historia de policía novato e policía veterano, pero que neste caso consegue fuxir dos estereotipos ata ofrecer un panorama social de notable originalidade. O drama cobra ademais sentido conforme avanza o filme. Non é unha obra mestra (o director non se atreveu a fuxir dalgúns tópicos) máis paga a pena.

CLARA E ELENA.

Triste, moi triste é esta película interpretada por Car-

men Maura e Verónica Forqué. Baseada na obra *Mujeres de ojos tristes* de Ángeles Mastretta, o filme recrea a especial unión de dúas irmás. A relación intensa entre as dúas mulleres resiste os tempos máis difíciles e os momentos máis trágicos. Para moito chorar.

LUCÍA E O SEXO.

A protagonista da película emprende unha viaxe para descubrir o misterioso pasado do home ao que ama. Gozarán os incondicionais do cine de Julio Medem: *flashbacks*, simbolismo e moito azar.

AMÉLIE.

A vida poética de estar chea de sorpresas e a de Amélie é bo exemplo. As persoas son todas singulares e en cada casa hai unha historia que contar. Amélie é unha maga moderna, unha muller que busca de maneira invisíbel conseguir a felicidade de quen o precisa. Comedia entretida, divertida por veces, empalagosa en mo-

mentos. Recupera o máxico da vida cotiá e iso, como se nota nas taquillas, gusta.

PACTO DE LOBOS.

Nos anos previos á revolución francesa e por orde do rei, un naturalista libertino vai a provincias para embalsamar unha besta que atemoriza unha rexión e que previsiblemente será cazada de inmediato. Pero as cousas non son tan dadas.

MOULIN ROUGE.

Satine é a primeira cabareteira do *Moulin Rouge* e namórase mentres ensaia un musical trasunto da súa vida real, co que pretende saltar á fama, pero o seu mecenas tamén procura o seu amor.

A MALDICIÓN DO ESCORPIÓN

DE XADE. Un detective de seguros de métodos anticuados pero intuitivo cando está a piques de perder o traballo é hipnotizado e realiza varios roubos de alfaias. Comedia. ♦

Oliver Twist será representada o xoves 27 en VIGO e o venres 28 en PONTEVEDRA

Para a inclusión de información nestas páxinas do *lecer* pregámosvos nalas fagades chegar antes dos Luns. Pódese facer a través do correo. Apto. 1.371, 36200 Vigo; por telf., 986 222 405, por fax 986 223 101ou correo electrónico info@anosaterra.com

Mick Taylor

As persoas que compraran as entradas para os dous únicos concertos deste ex Rolling, na sala *Mardigras* da CORUÑA, poderán escoitalo e velo. Mick Taylor comezou no rock en 1966 da man de John Mayall coma guitarrista no seu Bluesmakers, substituída a Peter Green (Fleetwood Mac) para, pouco despois ser substituído, a súa vez, por Eric Clapton. Entrou nos

Rolling Stone en 1969 do que saíra rebotado escapando das presións internas e conflitos de egos para refuxiarse no blues. Desde aquela a súa carreira foi tan singular coma irregular. O seu último traballo, titulado *A Stones Throw*, do ano 99, fai o número sexto na súa carreira en solitario. Os concertos serán o martes 18 e mércores 19 ás 10 da noite. ♦



Xurxo Oro Claro participa na mostra colectiva de escultura na galería *Sargadelos* de FERROL.

se adentrou, non sen axuda no caso da labra en madeira, no mundo das artes plásticas. Lenzos ao óleo e distintas tállas de carácter abstracto que podemos ollar no Centro Comarcal de Taboas-Terra de Montes ata finais de mes.

Ferrol

■ CINEMA

XORNADAS DE CURTAMETRAXES
Vanse celebrar no *Ateneo* e constarán de dous apartados: o xoves 27 ás 20 h. proxecciónanse, en formato vídeo, traballos de profesionais (duración aprox. 75'); *Exposado* de J. C. Fresnadillo, nominado ao Oscar no ano 96; *Quiero ser de F. Gallenberger*, gañador do Oscar 2000; *Flamme* de Ron Dyens; *Dog interface* do ferrolán J. P. Etchevarri; *Les oiseaux en gage* de Luis Briceño; *Amour ... de gare* de Remi Lucas; e *Deserts* de J. Stark. O venres 28 á mesma hora a seición estará adicada a autores da comarca premiados en diferentes certames (duración aprox. 35'); *The end* de Carlos Alberto Alonso; *Juguetes* de Mario Villar e que gañou o premio *EVIS*; e *54*, que lle deu a J. L. Pérez Paadín un premio en Sitges. Seguidamente terá lugar unha mesa redonda coa participación dalgúns dos autores.

■ EXPOSICIONS

ALEJANDRO CABANAS
Mostra fotográfica aberta ata o 30 deste mes no *Club de Campo*.

TOMÁS BARROS
Mostra antolóxica con motivo da XV edición do premio de gravura *Máximo Ramos* e que poderemos ver no *CC Torrente Ballester*.

FRANCÉS José F. López Noya expón baixo este pseudónimo as súas esculturas no centro comercial *Porta Nova* ata o 30 de xaneiro. A mostra está composta por sete obras de gran tamaño en ferro, madeira e aceiro.

SUSANA BERMEJO
As súas pinturas están colgadas no *Ateneo*.

COLECTIVA DE PINTURA
Que se encontra no *Ateneo Ferrolán* ata o 4 de xaneiro.

COLECTIVA DE ESCULTURA
De carácter solidario, coa participación de **Álvaro de la Vega, B. Álvarez, Caxiguiro, D. Vázquez, Manoel Ferreiro, M. Loureiro, M. Xosé Díaz, Patinha, Pepe Galán, Soledad Penalta, Suso Basterrechea, Tono, Xavier Meléndez e Xurxo Oro Claro**. Na galería *Sargadelos* durante decembro.

A Fonsagrada

■ EXPOSICIONS

DIVINO-HUMANO
Varios escultores contemporáneos, que traballan en Galicia, mostran algúns dos seus traballos que vive o home actual, relacionados cos mesmos ou parecidos sentimentos que en tempos pasados se expresaron a medio das imaxes relixiosas. Esculturas modernas xunto con outras tradicionais, procedentes dos fondos do *Museo Comarcal*, onde se atopa a mostra.

Foz

■ CINEMA

CORUÑA IMPOSÍBEL
Esta fita vaise proxeccionar o mércores 26 no cinema *Hermandades Pequenetes* ás 18 h. xunto con *Amor serrano*, *¿A ti como se che di adeus?* e *Unha luz encendida*. Todo dentro da campaña do SNL do concello chamada *Na no sa vila... na nosa lingua* (Foz en galego!)

Gondomar

■ TEATRO

A GAITA QUE FACÍA A TODAS BAILAR
Esta é a proposta que *Teatro Buratini* achegará o sábado 22 ata o *Auditorio*

Municipal. Ese mesmo día, os **Titeres Viravolta** van ofrecernos o espectáculo *O candil maravilloso*.

Lalín

■ EXPOSICIONS

RAMÓN CONDE
Podemos ver as súas esculturas no museo *R.M. Aller*.

Lugo

■ CINEMA

VIVA ZAPATA
Esta fita de **Elia Kazan** vaise proxeccionar no local da asociación *Alto Minho* (Ramón Montenegro 12) o sábado 22 ás 20:30 h. O sábado 29 poderemos ver dous documentais sobre a vida do **Che** á mesma hora.

CINE E DIVERSIÓN
Dentro deste ciclo poderemos ver as fitas *Mellor imposible* o venres 21 ás 20 h. e *A voda do meu mellor amigo*, o sábado 22 na *Aula Sociocultural*.

■ EXPOSICIONS

COLECTIVA Bordell, Espiral, Honorio, Catalán e Refojo teñen aberta esta mostra na sala *Bacabú* ata o 31.

JESÚS OTERO-IGLESIAS
As súas pinturas están no *Museo Municipal* ata o 30 deste mes.

COLECTIVA
Ata o 8 de xaneiro a galería *Clérigos* acolle esta mostra

ÁNGEL GARRAZA
Ata o domingo 23 poderemos ollar a mostra das súas obras na Capela de Sta. María.

OLGA REINOSO
A *Biblioteca Municipal* acolle a mostra desta artista.

JULIO FDEZ ARGÜELLES
Temos unha mostra da súa pintura no *Pazo de San Marcos* da Deputación Provincial ata o 10 de xaneiro.

FERNANDO QUESADA
Na sala de arte *Rúa Nova* poderemos ver unha mostra da súa pintura.

GUERRERIRO
Os óleos deste artista van estar no *Círculo das Artes* ata o 31 de decembro.

ESTAMPAS 2001
Esta tradicional mostra de gravuras vai estar na sala *Augatinta*.

FOTOGRAFÍAS
Na sala *Bacabú* poderemos ver unha mostra de **John Van Schilt**.

JAVIER VARELA BARRIO
Este pintor alaricano expón as

súas obras no *Clavicémbalo*.

Marín

■ EXPOSICIONS

XABIER DOPAZO
Mostra da súa pintura no ateneo *Santa Cecilia* ata o 24 deste mes.

ARMANDO GUERRA
O museo municipal *Manuel Torres* acolle as súas pinturas ata o 7 de xaneiro.

FILLOS DE RIANXO A Alameda convertiuse en improvisada sala de exposicións para acoller unha mostra ao ar libre sobre as figuras de tres insignes rianxeiros: **Daniel Castela, Manuel Antonio e Rafael Dieste**.

Monforte

■ EXPOSICIONS

DE PICASSO A BARCELÓ
Ata o 26 de decembro a *Casa da Cultura* vai acoller esta mostra.

Muros

■ TEATRO

O PAZO DE PAPEL
O domingo 23 no *Centro Cultural e Xuvenil* poderemos ollar esta obra da man de **Teatro Buratini**.

Noia

■ EXPOSICIONS

DINOSAURIOS
Ata o 27 deste mes, poderemos ollar esta mostra ideada polo *Museo Español de Ciencias Naturais*, no coliseo *Noela*.

Ortigueira

■ EXPOSICIONS

METEORITOS, MENSAXE ALIENÍXENA
Na sala de exposicións do *Concello* poderemos ollar esta mostra que consta de maquetas, deseños, fotografías, gráficos, vídeos e meteoritos, claro, ata o 26 de decembro.

Ourense

■ EXPOSICIONS

PEDRO PROENÇA
Nado en Angola en 1962 e licenciado pola Escola Superior de Belas Artes de Lisboa, camíña polo próspero panorama portugués defendendo, a capa e espada, a pintura con constantes referencias ao ornamento, o luxo, o decorativo, onde asume rasgos moi mediterráneos e renacentistas. Na galería *Marisa Marimón* ata o 24 de xaneiro.

FOTOMANÍA GRÁFICA
De **L. Alberto** na *Café-Cultural Auriense* (praza do corredor) ata fin de mes.

da *Cultura* este domingo 23.

Ponteareas

■ MÚSICA

DIVERTIMENTO
Esta orquesta de cámara do concello vai dar un concerto o venres 28 no auditorio *R. Soutullo* ás 20 h.

ANTÓN GOYANES
Do 20 de decembro en diante ten as súas pinturas na aula de cultura *Caixanova*.

MANUEL VIDAL
O *C.C. Simeón* acolle unha mostra da súa obra.

ZAPATO
Mostra de pintura, ata o 29 de decembro, no Museo Municipal.

J. CARRERO
Este artista extremeño expón unha mostra da súa obra na galería *Visol*. A muller é a protagonista indiscutíbel dos seus lenzos.

PILAR FDEZ CORRAL
Na sé do *Liceo Recreo* poderemos ver unha mostra dos seus traballos pictóricos.

25 ANOS DESPOIS Memoria gráfica dunha transición; esta mostra pode ser ollada no *Edificio Simeón* ata o 23 de decembro.

MARINA GÓMEZ
Expón unha mostra da súa pintura na galería *Visol*.

FALCÓN
A galería *Marga Prada* acolle unha mostra da súa pintura.

GALICIA. CATRO ESTACIONES MIL CORES José L. Vázquez titula deste xeito a mostra que ten aberta no *Museo Municipal*.

■ TEATRO

LA CARRUCHA
Esta é a proposta teatral que nos ofrece **Segismundo y compañía** para o xoves 27 no teatro *Principal*.

Pobra do C.

■ EXPOSICIONS

X. CONDE CORBAL
Podemos ollar os seus gravados no *Museo Valle-Inclán*.

Pobra de T.

■ MÚSICA

DÚO BRETÓN
Ofrece un concerto na *Casa*

Te lo cuento



A compañía **La tirta de teatro** na súa xira pola Galicia representará esta obra, o xoves 20 no auditorio *Carmen Estévez* de **VILALBA**; en **OLEIROS** estarán o día seguinte, venres 21, no *Teatro Municipal*; e rematán a xira deste ano en **SAN SADURNI-NO**, o sábado 22 no centro *Sociocultural*. ♦

NAUTILIUS
A coral polifónica viguesa ofrecerá un concerto o sábado 22 ás 20 h. no auditorio *R. Soutullo*.

■ TEATRO

SEXISMUNDA Sarabela Teatro leva esta obra ata o auditorio *R. Soutullo* o sábado 29 ás 20 h.

BELÉN VIVINTE
Inaugúrase o domingo 23 no *Parque das Monjas* onde haberá representacións o domingo 23, martes 25 e domingo 30 de decembro.

Pontevedra

■ ACTOS

XOGO NADAL
Para crianzas de de 3 a 14

El caballero de Olmedo



Al suroeste producións vai subir ás táboas do teatro *Principal* de **Ourense** con esta obra o ven-

res 21. En **Carballo** van estar o sábado 22 na *Casa da Cultura* para facer o propio. ♦



Pedro Proença coliga as súas teas na galería *Marisa Marimón* de **OURENSE**.

anos o mércores 26, xoves 27 e venres 28 e o luns 1, martes 2 e mércores 3 de xaneiro na Casa da Xuventude, de 10 a 14 horas, organizado pola asociación xuvenil Trisquel e por 5.000 pta. Pero tamén temos a **Ludoteca da Cruz Vermella** para miúdos de 6 a 12 anos, todos os sábados de 17 a 19 h, e da que podemos saber máis de chamar ao telf. 986 852 115 ext. 33.

■ EXPOSICIÓNS

HISTORIA DE GALIZA
Ata o 15 de febreiro poderemos ver esta mostra, promovida polo concello para dar a coñecer a nosa historia, no *Pazo da Cultura*.

LAXEIRO

Na sala de arte *San José* de Caixanova ata o 20 de Xaneiro. E ata o 29 deste mes poderemos ollar as obras de **Arturo Cifuentes** na sala *Gargos de Mendoza*.

BRÉTEMA

Mostra colectiva de pintura que estará na galería Anexo ata finais de decembro.

JOSÉ M^o LUGILDE

O ciclo dos *Nosos artistas* danos a oportunidade de coñecer a súa obra na sala *Teuro* ata o 31 de decembro.

RAFAEL PRIETO

La petite galerie de Teo acolle unha mostra das pinturas do artista ata o 30 deste mes.

INGE ÁLVAREZ

Xunto con **Fruela Alonso** ten aberta unha mostra na galería *Sargadelos* ata o 5 de xaneiro.

GUERREIRO

Os camiños son nostálgica titula a súa mostra de pintura que podemos ollar na sala de arte de Caja Madrid ata o 6 de xaneiro.

PAISAXES E RETRATOS

Juan Manuel Castuera expón obras de entre 1946 e 1956 no *Museo Provincial* ata o 23 de decembro.

A OUTRA METADE

DE CIENCIA
Ata o 27 de decembro a Concellería da Muller terá aberta esta mostra no teatro *Principal*.

ACISLO MANZANO

O centro de arte *Xaime Trigo* acolle unha mostra da súa escultura.

■ MÚSICA

FESTIVAL DE NADAL
O teatro *Principal* vai acoller este acto musical promovido por *Rexurdir*. Será

Convocatórias

O NADAL EN BEGONTE

O centro cultural *José Domínguez Guizán* organiza os seus habituais premios, que desde hai 30 anos xiran en torno a Nadal e ao tradicional nacemento de Begonte. Hai un **certame de poesía sobre o Nadal**, no que poden participar poetas con textos en galego e español con versos de construción e medida libre; haberáos que entregar no centro antes do 6 de xaneiro e os premios aos que se pode optar son 600 euros para o primeiro e de 300 para o segundo. Tamén haberá un **certame xornalístico** no que poderá participar con traballos publicados en calquera xornal, en galego ou español, sempre que faga referencia ao nacemento de Begonte; os premios e prazos de entrega son os mesmos. Para os cativos participaren no **certame de debuxo infantil** terán que o facer a través dos seus colexios con traballos orixinais con tamaño mínimo de 1/2 follas e máximo dunha follas de cartolina; haberá unha categoría para

menores de 10 anos e outra de 10 a 15 e cada colexio entregará un máximo de 25 traballos antes do 24 de decembro, que optan a 3 primeiros premios de 60 euros, 5 segundos de 30 euros ademais de trofeos. Tamén convocan o **certame galego de arte** que está dotado con 1.500 euros e unha estatua de Sargadelos que se adxudicará a unha obra pictórica; poden participar pintores galegos, con tema libre e tamaño máximo de 1,5 m. por 1 m. con ou sen marco e poderanse presentar un máximo de dúas obras acompañadas dos datos do autor antes do 25 de decembro. Máis información no centro cultural ou no telf. 982 396 121.

PREMIO RISCO DE LITERATURA FANTÁSTICA
O Concello de Ourense e a Fundación Vicente Risco, en colaboración coa Editorial Sotelo Blanco, convocan este premio anual co fin de homenaxear non só á memoria do que foi veciño ilustre da vila,

Vicente Martínez-Risco e Agüero, senón tamén á do seu fillo, Antón Martínez-Risco Fdez. primeiro Presidente da Fundación. As bases son as seguintes: Poderá concorrer a calquera persoa que presente escritos inéditos da súa autoría redactados en galego, de acordo coa normativa oficial vixente e cunha extensión mínima equivalente á obra *A veridica historia do neno de dúas cabezas de Pronomla* (aproximadamente 30.000 palabras, 150 folios). Os orixinais presentaranse por sextuplicado en soporte de papel DIN A4, mecanografiados por unha só cara e a dobre espazo, antes do 5 de Xaneiro, no Rexistro Municipal do Concello de Ourense. Con cada orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, adxuntarase en sobre pechado o nome completo, enderezo e teléfono da persoa que concorre ao premio, así como o título definitivo da súa obra. A dotación económica é de un millón de pesetas, que se entregará como única cantidade á persoa que demostre ser responsable da autoría do único orixinal gañador. O xurado estará composto por cinco persoas escollidas entre recoñecidas personalidades do mundo da literatura, das que unha delas, a proposta do concello, exercerá a Presidencia. A composición do xurado darase a coñecer pública e oportunamente pouco antes da data de emisión do seu fallo, feito que terá lugar no curso dun acto a celebrar no Salón de Plenos do Concello de Ourense, ao redor do 7 de Febreiro. A entrega do premio terá lugar arredor do 30 de Abril. O Concello reserva o dereito de publicación, sen limitación de exemplares nen edicións da obra gañadora. O beneficiario do premio, que se compromete a renunciar aos seus dereitos de autor, recibirá 25 exemplares da obra publicada. Os orixinais non premiados serán destruídos se nun prazo de 3 meses non se solicita a súa devolución.

CERTAME LITERARIO A PIPA

Convocado pola Asociación Cultural *A Pipa* de Becerreá, o vandeiro 21 de decembro culmina o prazo de entrega de traballos para os premios que entregan por décimo ano consecutivo, para tres categorías, infantil, xuvenil e maiores de 18 anos, e para as modalidades de realto e poesía. Os envíos teñen que ser ao local da Asociación (Rúa Ancares, 57, 27640 Becerreá (Lugo)) e pódense conseguir máis datos chamando á co-ordenadora de actividades (Amparo 982 360113). A entrega de premios farase o 28 de Decembro ás 21 horas, nun acto no que se representará a peza *Habelas hainas*, unha peza dramatizada e dirixida por Afonso Becerra sobre textos de Marica Campo. A propia escritora estará na velada, que se celebrará nos Hostal Herbón de Becerreá, onde dará un recital poético, á beira dunha fogueira. ♦

este xoves 20 ás 20:30 h. Entrada de balde.

REAL FILHARMONÍA DE GALIZA

O venres 21 ás 21 h. no *Pazo da Cultura*, dentro do programa dos concertos de Nadal, teremos a oportunidade escoitarmos a súa actuación por un 700 pta.

BANDA DE MÚSICA DE SALCEDO

O domingo 23, para seguir cos concertos de Nadal, vai estar no teatro *Principal* das 20:30 h. en diante. Entrada de balde.

■ TEATRO

OLIVER TWIST

O venres 28 teremos esta representación teatral no *Pazo da Cultura* ás 21 h.

Rianxo

■ MÚSICA

CONCERTOS DE NADAL
Dentro deste programa, o sábado 22 na *Igrexa da Comba*, haberá un concerto da *Coral do Liceo Marítimo* ás 20 h.

Sada

■ EXPOSICIÓNS

CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS
Mostra deste certame que leva por nome **Isaac Díaz Pardo** e que poderemos ver no museo *Carlos Maside* no Castro.



S. Sadurniño

■ EXPOSICIÓNS

INDIANOS
Esta mostra tenta analizar as pegadas da arquitectura indiana na península de Beuzoucos: Ares, Fene, Cabanas e Mugardos. Estará no *Centro Sociocultural*.

Santiago

■ CINEMA

FANZINASA +AFROCOSMOS
Curtametraxes e música para a noite do xoves 20 na sala *Nasa* das 22 h. en diante. 500 pta. e 250 para a tripulación.

■ DANZA

PRELUDIS

Esta é a proposta que **Gela-bert-Azzopardi Company** de **Dansa** trae desde Barcelona para facer a pre-estrea no teatro *Galán*, do xoves 20 ata o sábado 22 ás 22 h. Esta cenificación baséase no ser humano e na súa relación cíclica co tempo, un dos misterios universais que o individuo se cuestiona.

THOMAS NOONE DANCE
Xunto con **Fernando Hurtado** e **El tinglado** van estar no *Salón Teatro* o xoves 20.

30 de xaneiro, organizada polo a galería *José Lorenzo*.

FONDOS ETNOGRÁFICOS

Pezas de temática moi diversa como os obradoiros de carpinteiro, zoqueiro ou tellero, pezas de transformación do liño, ferramentas do campo ou as artes da pesca que coas novas achegas proporcionan un maior coñecemento das distintas actividades económicas. Outros conxuntos incluídos nesta mostra aínda non teñen lugar nas salas permanentes como as ferramentas dos xogadores ou o conxunto de xogos infantís.

50 ANIVERSARIO DO MUSEO DAS PEREGRINACIÓNS

Con este motivo organizan a mostra *Un Museo en crecemento. Adquisicións 1996-2001*, desde o 18 deste mes ata abril do vindeiro ano. Unha escolma das pezas máis sobranceiras desde o punto de vista artístico, histórico, arqueolóxico... que abranxe escultura, pintura numismática, prateria, acibebería, artes decorativas, impresos, manuscritos, etc. vencellados dalgun xeito ao fenómeno da peregrinación xacobea.

COMPOSTELA, UN ANO DE VOZ

O fotorealismo é o protagonista desta mostra que ata o 31 poderemos ver no *Museo do Pobo Galego*.

ANTÓN PULIDO

Na *Casa da Parra* é onde poderemos ver, ata o 15 de xaneiro, as súas obras.

XOSÉ CONDE CORBAL
Podemos ver as súas gravuras expostas no *Pazo de Bendaña* da man da fundación *Granel*.

FERNANDO PEREIRA
No cine *Iago* expónse a obra "Colección iconográfica galega" na que o autor amosa 30 lenzos e 80 debuxos e bosqueños nos que recrea o costumismo galego.

GOYA.

O ROSTRO HUMANO
Dos fondos da *Academia de Belas Artes-Calografía Nacional* saen as pezas que podemos ollar nesta mostra, que estará no *Auditorio de Galiza* ata o 13 de xaneiro.

SALVADOR CIDRÁS

O *CGAC* acolle unha mostra deste artista vigués ata xaneiro. Desde que se deu a coñecer aló polos anos 90 cunha serie de esculturas e debuxos nos que se resistía a epiderme da natureza a súa obra ten evolucionado cara a comportamentos máis distanciados coa utilización de medios e recursos como a fotografía, vídeo, ordenador, así como o crecente interese pola arquitectura e o deseño dos anos 50 e o mundo publicitario.

MARINE HUGONNIER

O *CGAC* acolle, por vez primeira no Estado, unha mostra da artista francesa composta por varios vídeos e instalacións que tentan romper as referencias da física. As instalacións *Table, Interlude, Still* ou *Fa-cc* e os vídeos *Impact, Diamante, Adquisicións 1996-2001*, desde o 18 deste mes ata abril do vindeiro ano. Unha escolma das pezas máis sobranceiras desde o punto de vista artístico, histórico, arqueolóxico... que abranxe escultura, pintura numismática, prateria, acibebería, artes decorativas, impresos, manuscritos, etc. vencellados dalgun xeito ao fenómeno da peregrinación xacobea.

ERNESTO NETO

Artista brasileiro, con forte presenza internacional, que concibiu para o *CGAC* un proxecto, *A paisagem do corpo e o corpo da paisagem*, con catro novas instalacións específicas que amosan a súa última exploración escultórica. Seguindo algunhas propostas do neo-concentrismo brasileiro, incide no potencial participativo e interactivo da arte e convida a *penetrar* nas súas obras. Utilizando materiais modestos e pouco usuais confírelles ás súas pezas un carácter case orgánico e moi sensual. Ata xaneiro no *CGAC*.

■ MÚSICA

AUDITORIO DE GALIZA
A Tempada de abono tréanos á **Real Filharmónica de Galiza**, baixo a batuta de **Antoni Ros Marbá**, o sábado 22 ás 21 h. nun concerto especial para a familia con entradas de 500 pta. xunto co orféon **Terra a Nosa**. O xoves 20 será a **Orquestra Sinfónica de Galiza** a que actúe tamén ás 21 h dirixida por **Josep Pons** e que terá ao clarinetista **Vicente Alberola**.

ESCOLA ESTUDIO DE MÚSICA

Este xoves 20 a partir das 22 h. concerto dos alumnos

Ramie Leahy mostra a súa visión do camiño xacobea no hotel *Porta do Camiño* de SANTIAGO.

Rosalía

O *Centro Dramático Galego* presenta esta obra de **Ramón Otero Pedrayo** baixo a dirección de **Roberto Vidal Bolaño** a quen lle interesa a figura de Rosalía como símbolo de Galiza e por iso fai unha recreación lírica a partir de feitos e datos biográficos da cantora do Sar, mais sen tratar de presentar unha obra de rigor biográfico. A vida de Rosalía é o punto de partida para retratar o sentir e pensar da época que lle tocou vivir. Cunha posta en escena de altura e cun reparto de primeira o CDG vai estar en *Vigo* no *C.C. Caixanova* o xoves 20 ás 20:30 h. e o venres 21 ás 22 h. No *BARCO* poderemos ver a función o sábado 29 e o domingo 30 na *Casa da Cultura*. Información e reservas no CDG 981 581 111. ♦



desta escola no *Dado-Dada*, onde fan mostra do aprendido.

ULTRANOITE ANTES DE NADAL
O venres 21 e o sábado 22 ás 23 h. na sala *Nasa*. O prezo da entrada: 1.000 pta.

EL CHOJIN
O sábado 26 na *Nasa* ás 22 h. vai dar un concerto.

Sarria

■ EXPOSICIÓNS

IMAXES DE CASTELAO
Mostra fotobiográfica que poderemos visitar, ata o 6 de xaneiro, na *Casa da Cultura*.

Soutomaior

■ EXPOSICIÓNS

MERCEDES TABOADA
Mostra de pintura que está aberta no *Castelo de Soutomaior* ata o 31.

AS CORES DO MAR DE GALIZA
Poderemos contemplar esta mostra no *CC Caixanova*.

CONCURSO DE BELÉNS
Caixanova acolle na súa sala de exposicións esta mostra ata o 6 de xaneiro.

PEDRO SOLVEIRA
Expón o que denomina *escultopinturas* na galería *Velázquez*; ata o 21 deste mes.

LOISA CORVERÁ
Ata o 29 de decembro no museo da fundación *Celta*.

PINTURA E ESCULTURA GALEGA
Organizada polo Colexio de Arquitectos de Galicia, en cuxa sala se encontra, poderemos contemplar esta mostra colectiva.

ARQUITECTURA RACIONALISTA
Na fundación *Caixa Galicia*, consta de planos, fotografías, documentación e maquetas de proxectos realizados entre 1932 e 1945 que conforman un dos legados arquitectónicos máis importantes da historia local. Galiza, arredada dos centros onde se xesta a nova arquitectura racionalista, viviu este movemento como unha mera adopción dos novos códigos formais, incidindo nos aspectos visuais; o seu máximo expoñente chegou da man de arquitectos coma **Jenaro de la Fuente** ou **Francisco Castro Represas**.

V-2040
Mostra de **Tono Carballo** que podemos coñecer no *Edificio da Xunta* ata o 23 de decembro. Un xogo urbano no que se imaxina a cidade nunha serie de chamativas fotografías dixitais e un vídeo co que se sobrevoa a cidade.

O QUE VIGO LLE DEBE AO MAR
Esta mostra fotográfica da autoría de **Ángel Llanos** pode ser visitada na *Casa das Artes*.

PORTADAS DE DISCOS GALEGOS
Grupos coma *Milladoiro*, *Fuxan os Ventos*, *Na Lúa...*, *solistas* coma *Bibiano*, *L.E. Batallán*, *E. Cao*, *A. Prada*... ou *Os Resentidos*, *Limonas*, etc forman parte desta colección do xornalista **Roque Soto** que poderemos ollar na librería *Andel* (Pintor Lugo 10) ata finais de decembro.

VARGAS BLUES BAND
Vargas e **Antonio Vega** e, tamén, **Albert Plá**, no *Pavillón das Travesas* este venres 21 con entradas a 1.500, anticipada, ou 1.800, na billeteira.

B-SIDES
Venñen sendo **Felipe Villar**, na guitarra e **Laura Fontán** na voz, e que tocan o *Xoves 20 no café La Galería*.

URBANO CABRERA
O cantautor galego dá un concerto o venres 21 ás 23:30 h. na *Negra Tomasa* da rúa *Vázquez Varela*.

CONCERTOS DE NADAL
No *C.C. Caixanova* ás 20:30 h. e o venres 21 actúa a *Coral Agarrim* e a *Coral Ventos do Mar*; o sábado 22 vai actuar a *Coral Casablanca*.

CONCERTOS DE NADAL
No *C.C. Caixanova* ás 20:30 h. e o venres 21 actúa a *Coral Agarrim* e a *Coral Ventos do Mar*; o sábado 22 vai actuar a *Coral Casablanca*.

OLIVER TWIST
O *C.C. Caixanova* acollerá esta representación o xoves 27 ás 20 h.

Anúncios de balde

■ **Véndese Ford Orion 1.6** inxección Gha. Bo prezo e estado. Tf. 986 703 146.

■ **Para todos os mestres interesados en achegar o ensino en galego á informática** "lapisdecores" ten unha nova páxina web: <http://www.galego21.org/ido/> con máis de 120 actividades clic, "caderno de mates" un programa para levar seguimento individualizado do alumnado na área matemática, e moitos outros programas de grande utilidade. Contamos cunha rolda de coero na que o profesorado non universitario de Galiza compartimos as nosas experiencias. Visítanos e únete á rolda.

■ **Véndese cachorros de bóxer** brancos, atigrados e dourados. Netos de campións. Vacinados, desparasitados e rabo cortado. Tf. 981 371 810 ou 981 798 774.

■ **Vendo Seat Ibiza** branco mod. 97 GT TDI 1.9 CV, 87.000 km. Impecábel 1.200.000 ata xaneiro. daniel-argentina2000@yahoo.es.

■ **Estou na procura da primeira edición do libro "O Príncipeño"** (Saint-Exupéry), dos anos 60... Sabes dalgunha librería? Algunha referencia? Apto: 780; 10450 Jarandilla- Cáceres/ Carzi - agorreas@wanadoo.es.

■ **Buscamos piso en arrendamento na zona de San Roque (Compostela)** que coste arredor de 50.000 pta/mes. Tef. 965 259 134 / 686 566 942.

■ **Véndese BMW 323i** do ano 87, ABS, motor recén reparado, ITV, 350.000 pta. Tamén **Audi Coupe GT do ano 87**, motor 1800 cc, ITV, por 275.000 pta. Tef. 605 301 378.

■ **Cabaleiro, 57 anos, ofrécese para cooidar ou acompañar persoa maior.** Experiencia. Boa cultura xeral. Bos coñecementos de coíña. Francés, italiano e portugués. Tf. 666 623 190.

■ **En Meira (Lugo) en plena natureza alúgase casa de campo recén restaurada.** 3 cuartos con baño completo, coíña-comedor, calefacción, 10.000 m² finca. Fins de semana ou temporada. Tf. 982 331 700 ou 686 753 105.

■ **Tes algo que dicir da situación xerada no BNG** após as pasadas eleccións? Tanto se es militante como se aínda non o es, fálala sen censura do presente e do que hai que facer. Envía un e-mail a atendedor@guay.com

■ **Véndese piso na rúa Lorente de Vigo.** Tres cuartos, garaxe e trasteiro. 18 millóns. Tef. 649 731 444.

■ **Xa funciona na internet o portal gallegos:** datos e fotografías de persoas da actualidade ou da historia do país (galego, castelán, inglés). Pódese acceder a el a través de www.Galiciadigital.com ou www.Galiciadigital.com. Participa da iniciativa enviándonos os datos e fotos que estes oportunos ou con algún artigo breve na sección de *Opinión* ou de *Tribuna Libre* (arte, comunicación, educación...) polos seguintes medios: correo a Galiciadigital.Nota30.27001.Lugo@fax.982.221.456; coero electrónico, interdix@galicia.com.

■ **Os Bono-árbore 2001 para a repoboación forestal** da Ribeira Sacra, de *Xealva Ecoloxía*, xa están á venda. Envía 500 pta. ao Adpo. 35 de Chantada e plantaremos tres árbores autóctonas no teu nome.

■ **Véndese dormitorio de dúas camas** xemelgas e máis tres mantas. Tef. 630 400 925.

■ **O Ateneo Libertario Francisco Iturrado de Ferrol** organiza a edición dun periódico libertario galego, de carácter aberto e independente. Cultura, actualidade, entrevistas, opinión, con enfoque crítico... Necesitamos persoas para o grupo editor, colaboradores/as, distribuidores/as e suscritores/as. Máis información en apdo. 109; 15407 Narón (A Coruña); <http://xaveras.tripod.com/aip.html> ou novasalf@yahoo.es

■ **Alúgase casa con finca en Aguate (Marín),** en temporada escolar. Tef. 986 703 146.

■ **Despois do 21-O aínda segue á venda Galiza CIB** (Herriak Sense Fronteiras), o primeiro libro libre ata dous números. Distribúe *Baía Edicións* tef. 981 174 296.

■ **A Peña deportivista Pardo de Cela** organiza saídas en autobús a *Riazor* -prezos especiais- para socios/as- e xestión a merca de entradas. Tamén distribuímos material coa simboloxía do equipo. Infórmate no bar *San Pedro*, Correlos 19, Mor (Alfoz). Tf. 982 558 411.

■ **Véndese finca de 1.031 m² en Ma-**

ría, situada en zona de praias. Boas vistas ao mar. Tef. 986 703 146.

■ **Buscáese mozo ou moza para compartir piso na Coruña,** zona do Peruleiro (a carón de Riazor), 18.000 pta. por persoa, moi bo estado. Preguntade por lago no tef. 606 818 441.

■ **Precísanse marifeiros para pesca de baixura en Malloca.** Alojamento facilitado pola empresa, 200.000 pta. de salario ao mes máis porcentaxe sobre a pesca. Máis información nos tef. 986 866 421 / 636 333 187.

■ **Véndese casa con muíño e fincas en Múrdin-Chantada (Lugo).** Ideal para restaurar e adicar a turismo rural. Informes no tef. 982 441 589.

■ **A asociación cultural Fala Ceibe do Bierzo anuncia a creación da páxina web en www.bierzoportal.com.** Tentase facilitar o exercicio da liberdade de expresión en galego perseguida na comunidade galego-falante da bisbarra e de informar axeitadamente dos nosos problemas lingüísticos. Visítadenos.

■ **Alúgase cuarto por noites ou mes completo** na zona da *Praxa Foz de Compostela*. Tef. 617 605 527.

■ **Música clásica para vodas.** Diferentes grupos de cámara e voz. Tef. 981 507 925 / 636 270 817.

■ **Vendo dúplex en Foz** totalmente amoblaado, 116 m², moi céntrico. Preguntar por Licinto, aos mediodías, no tef. 982 200 912.

■ **Vendo piso en Cangas** de 4 dormitorios, de 144 m², por 17.000.000 pta. Tef. 986 328 557.

■ **Carlos**, 29 anos, 1,79 cm, 77 kg, cabelo claro e ollos azuis, non-fumador/bebedor, poliglota, gustame a natureza, loga, exercicio e artes marciais, **quixera coñecer unha rapaza** de ollos e cabelo claro que teña intereses en común. Tf. 686 840 098.

■ **Sexto fátiche**, último poemario de **Antom Fortes Torres** (Premio Legais 2001), está á venda nas librerías *Colón*, *Couceiro*, *Lume* e *Nós* da Coruña; *Souto* e *Trama* de Lugo; *Michelena* de Pontevedra; *A palabra perduda*, *Couceiro*, *Follas Novas*, *Sargadelos* e *Trasgo* de Compostela; *Andel*, *Carvantes*, *Sargadelos* e *Versus* de Vigo. Tamén o podes solicitar contra-reem-

A Rede



A COMPOSTORA DE TABEIRÓS
www.geocities.com/Paris/Rue/6498/index.htm

Páxina da señora Carme do Outeiro, a compositora de Tabeirós, que leva 40 anos pondo tendóns no seu sitio, compondo articulacións, sanando posturas da columna e do pescozo e curando o problema de "estómago caído". De momento, aínda non dá cita por internet. ♦

Tui

■ EXPOSICIÓNS

Mª Mª TNEZ DE UBAGO
Pinturas da artista na *Área Panorámica* ata o 31 deste mes.

COLECTIVA DE NADAL
De pequeno formato, ata o 7 de xaneiro do ano vén, na galería *Trisquel e Medulio* e na que participan medio cento de artistas galegos e portugueses, maiormente.

Valadouro

■ EXPOSICIÓNS

FOTOMOSTRA DE XOVES AUTORES
Poderemos vela, ata o 6 de xaneiro, no *Concello*.

Vigo


■ CINEMA

EXECUCIÓN INMINENTE
Este xoves 20 ás 18:30 h. na Aula socio-cultural de *Caixa Galicia* proxectarase esta fita de **Clint Eastwood** realizado no 1999. Entrada de balde.

CIDADE ESCURA
O Xoves 20 no café *Uf* poderemos ver esta película dentro do ciclo de fantasía e ficción científica ás 21:30 h. **Alex Poyas** dirixiu a fita no ano 1998.

■ EXPOSICIÓNS

GALICIA, AFINSA Y LA CULTURA
Mostra colectiva que pode ser visitada ata o 28 na sede de *Afinisa*.



Verín

■ EXPOSICIÓNS

TAUROMAQUIA E PROVERBIOS
De Goya, na *Casa do Escudo* ata o 27 de xaneiro.

Vilagarcía

■ EXPOSICIÓNS

MIGUEL MOSQUERA
Iguais Diferentes, título da mostra do pintor ourensán que poderemos contemplar na galería *Arcana* ata o 7 de xaneiro.

Vilalba

■ EXPOSICIÓNS

EDUARDO BAAMONDE
O pintor vilalbés exporá no parador de turismo da súa vila natal ata o 6 de xaneiro.

Viveiro

■ EXPOSICIÓNS

CERTAME DE FOTOGRAFÍA
As obras da IV edición deste certame organizado polo Concello están colgadas na

Xinzo da L.

■ EXPOSICIÓNS

OUTROS CAMIÑOS
Mostra de **X.M. Castro** que nos achega a mundos oníricos de sensacións, e que podemos atopar na *Casa da Cultura* ata o venres 30.

Barakaldo

■ EXPOSICIÓNS

O CAMBADOS DE CABANILLAS
O *Centro Galego* acolle unha mostra sobre a vida do noso poeta realizada por **Luis Rei** (documentación) e por **Xabier Camba** (maquetación).

Madrid

■ EXPOSICIÓNS

SERGIO S. DACOBA
Ata o 28 de decembro o *Centro Galego* (Carretas 14, 3ª planta) poderemos

ver unha mostra da obra deste artista, impregnada de elementos do país Pixáñon polos currucho da Galiza plasmada en lenzos cheos de cor e de luz.



ANTONIO PALACIOS, CONSTRUTOR DE MADRID
Mostra sobre a vida e obra do arquitecto galego nun dos edificios máis emblemáticos da capital do estado que o proxecciona: o *Círculo de Bellas Artes*. Maquetas, fotografías, documentos, etc. compoñen esta mostra que se poderá visitar ata o 2 de xaneiro. ♦

Sergio S. Dacoba colga os seus lenzos no *Centro Galego de MADRID*.

Are More, Festival de Vigo

Teremos un recital de tuba da man de **Eduardo Nogueiros** este xoves 20 no *Museo de Arte Contemporánea* ás 20:30 h. E o venres 21 clausúrase o festival con concerto no Cine Fraga - Caixa Galicia (atención que estaba programado na concatedral) con **Il fondamento & La Sfera del Canto** baixo a dirección de **Paul Dombrecht** con repertorio de **Haendel, O mesias**. Este concerto de clausura é de entrada libre con invitación que se pode recoller, a partir do venres 14, na Central de Espectáculos (Velázquez Moreno 26, tef. 986 435 410. Máis información no tef. 986 810 170 ou na páxina www.vigo.org. ♦

Tño doce anos, son un neno pastún do Afganistán. Ante min a cabra morta que me daba un cuartillo de leite cada día. Os meus ollos están case cegos, as bombas de fragmentación es-

talán por detrás do horizonte. Debo irme, veñen os homes altos, a un oílle dicir que a miña terra se parece á cara oculta da lúa. Cos seus fusís ven de noite e teñen un trebello que lles sirve para orien-

tarse a través dunha estrela propiedade de Norteamérica. Cando seña grande irei aos EE UU, quero facerme rico e ter moitas cabras ou quizá compre unha espada para matar a todos os americanos. ♦

DIRECTOR: Alonso Eiré López. EMPRESA XORNALÍSTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias. Principes, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade 986 433 830; Redacción 986 433 886 - 22 24 05. Fax 986 223 101. info@anosaterra.com info@anosaterra.com Impreso en papel reciclado Greenrecy 100 de 60 gr./m²



A Galiza que creou o empresario exemplar Antonio Fernández

MANUEL VEIGA

Pescanova, Zeltia, Transfesa, Cementos do Noroeste, o colexio Fingoi de Lugo, a Fundación para autistas Menela e un longo etcétera son resultado do seu esforzo. Pero poucas persoas coñecen aínda aos Fernández e os que saben deles carecen da visión global da súa importancia e do sentido que orientou a súa obra. Un libro realizado por Avelino Pousa Antelo e Valentín Árias comeza a botar luz sobre unha das familias máis relevantes da Galiza de posguerra.

O libro que ven de publicar a editorial *Ir Indo*, dentro da súa colección *Biografías*, céntrase na figura de Antonio Fernández López, cabeza visíbel dunha obra empresarial, social e cultural, da que tamén foron protagonistas os seus irmáns e máis tarde os seus fillos, os Fernández Puente.

Antonio Fernández López (Lugo, 1903-1971), era neto de Marcos Fernández, emigrante en Cuba e máis tarde financeiro e dono de minas no Rif, e fillo de Antonio Fernández Fernández (coñecido como *Antón de Marcos*), morto prematuramente en 1931 e que durante a súa vida destacou no negocio da venda de vacúin a Madrid e Barcelona e de bois a Inglaterra. Un dos membros da familia lembra aínda hoxe que na súa ascendencia, polas dúas ramas, non hai curas, nen militares "ata onde demos investigado" e proclámao sen asomo de pena.

Antonio Fernández López responsabilizouse así, con só 28 anos, dos negocios do pai, encabezando as labores familiares, pois todos os irmáns permaneceron unidos. Nesa altura era Enxeñeiro de Camiños e destacaba polo seu interese pola ciencia e a técnica. O primeiro paso que deron os Fernández López foi entrar de cheo na industria cárnica, con ese fin alugaron o matadouro de Mérida e máis o do Porriño. Moi pronto tamén fundaron Zeltia, na que colaborarían persoalidades coñecidas e vinculadas ao galeguismo como o xeólogo Parga Pondal, Álvaro Gil ou Fidel Isla Couto. Na década dos 50 Zeltia era xa un emporio consolidado con dedicación aos medicamentos, a agro-

química, os produtos domésticos e industriais e a veterinaria. Probabelmente non quedou labrego nengún en Galiza sen coñecer o seu famoso pesticida ZZ. Trátase da mesma Zeltia que hoxe cotiza con tanto éxito en bolsa.

Na súa cidade, Lugo, a familia xa creara en 1941 *Frilugo*, antecedente de Frigsa e especializada na industria do frío, destinada á conservación dos alimentos animais que habían de matar moita fame en capitais como Madrid ou Barcelona.

Visión das necesidades de Galiza

O importante destas iniciativas empresariais e que viñan cubrir unha por unha, como se do programa do goberno galego na sombra se tratase, as necesidades máis acuciantes do país, cunha clara visión galeguizadora e modernizadora. Así, consentes da escasez histórica de vagóns de ferrocarril para o transporte dos produtos galegos ao exterior, os Fernández fundaron Transfesa (Transportes Ferroviarios Especiais) cuxos vagóns son aínda visíbeis nas estacións. De feito trátase hoxe en día dunha das principais empresas europeas do sector. Este sistema de transporte, ao igual que os matadoiros, procuraba reducir os intermediarios que sempre encareceran, cando non impediran, o desenvolvemento do sector cárnico.

Isidro Parga Pondal aportaría, pola súa parte, aos Fernández o mapa das calcarías que permitiría desenvolver a gran empresa Cementos do Noroeste, ubicada en Oural (Sarria), vendida á portuguesa Cimpor en 1992

por 35.000 millóns de pesetas.

Ao mundo do mar, adicariase Pescanova, fundada polo seu irmán Pepe e por el mesmo en 1960, e hoxe unha multinacional que estende os seus buques frigoríficos por todos os océanos.

Outra das facetas destacadas de Antonio Fernández foi a docente. Fundou granxas agrícolas, onde se estudian especies, plantas e sementes, mellorando a liña da raza rubia galega. Ideou e sufragou escolas primarias nas que os nenos da comarca coñecían o mundo a partir da realidade que os rodeaba, unha demanda antiga do galeguismo e dos modernizadores nados en Galiza que sempre se queixaran de que nas escolas galegas aprendían aos nenos a desprezar o agro e a emigrar. Esta iniciativa complementábase cos cursos para mestres rurais. Xa na cidade, en Lugo en concreto, os Fernández crearon o colexio Fingoi, seguindo principios parecidos, non en balde An-

tonio simpatizaba coa vella Institución Libre de Enseñanza. Afíndeu clase Carballo Calero, un republicano represaliado, acollido polos Fernández, do mesmo modo que Zeltia dera traballo ao famoso biólogo, igualmente represaliado, Faustino Cordón.

No terreo cultural, cabe citar como botón de mostra apenas tres iniciativas: a participación na creación da editorial Galaxia e da Fundación Penzol e a publicación da discografía completa de Faustino Santalices, referente obrigado desde entón para a música popular galega.

Loxicamente, para acometer estas iniciativas en anos tan duros era necesario tratar coa administración. Segundo os autores do libro "as autoridades da época, agás fabas contadas, máis se distinguiron por atrancar que por facilitar a acción benefactora de Antonio". Iso si, os silencios e as conspiracións do réxime contra el nunha consiguiron domeñar a súa iniciativa. ♦



Agasallo para suscriptores de ANT

Os asinantes de A Nosa Terra que fagan un novo suscriptor antes do 10 de xaneiro de 2002, recibirán como agasallo, sen custe algún pola súa parte, tres magníficos cbs: *Albeida*, de Rodrigo Romani; *Parriga Miguel*, de María Manuela; e *Cantigas de Nadal*, Varios autores



Realidade ou invención mediática

XOSÉ RAMÓN POUSA

Un debate moi de actualidade é se os medios de comunicación reflexan a realidade ou a inventan. Nen unha cousa nen outra. Primeiro deberíamos fixar que entendemos por realidade. A min satisfáceme a definición do novelista ruso-americán Vladimir Nabokov que a describe como "un sistema de aproximacións". Reflexiono sobre todo isto ás poucas horas de que un grupo de estudantes tomara o claustro da Universidade de Santiago impedindo a celebración da reunión do máximo órgano dunha institución que, durante décadas, loitou pola democracia interna.

Un feito tan intenso e cargado de certa violencia é algo complexo e cheo de matices que poden dar lugar a interpretacións contrapostas e, sen embargo, cheas de razón, reais e válidas. As conversas dos heteroxéneos —en canto a composición e ideoloxía— grupos de claustrais que se daban cita eran tan diversas sobre a interpretación do que viña de acontecer que moitos acababan lanzando ao aire a pregunta: ¿E que dirá mañán a prensa? ¿Que responsabilidade a do xornalista?

A preocupación na súa lóxica, tendo en conta a influencia dos medios na sociedade e ao feito de que o lamentábel acontecemento se sitúe como remate dunha loita exemplar contra a LOU que non ten parangón na historia máis recente. Uns poucos incontrolados, chuleadores da liberdade, poden dar ao traste co traballo serio e responsable de moitos. E iso obxectivamente pode formar parte da realidade, porque é a última aproximación.

Non sei qué poñerían os medios ao día seguinte, pero pode imaxinalo. O mundo mediático xira arredor da novidade e da actualidade, dous conceptos con data de caducidade. A novidade esixe unha laboura de esquecemento para quen a recibe. Sempre nos obriga a facer sitio para as novas impresións soterrando as anteriores. Indirectamente os medios son programadores de amnesia. Os medios son forxadores da opinión pública que se alimentan, especialmente, de noticias cargadas de novidade e emoción como a descrita. As chamadas emonoticias. Movémonos entre a realidade e a invención, sen ser unha cousa nen outra. ♦